



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 446
1 de febreiro de 2023

Fascículo 1

CSV: BOPGDSPG-dofHvYTuA-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.1. Mocións presentadas

Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

■ 48340 (11/MOC-000136)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa

Sobre a situación macroeconómica de principios de 2023 (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 45218, publicada no BOPG núm. 428, do 28 de decembro de 2022, e debatida na sesión plenaria do 24 de xaneiro de 2023) [174049](#)

■ 48525 (11/MOC-000137)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia

Sobre as axudas en materia de vivenda para a mocidade (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 45499, publicada no BOPG núm. 431, do 4 de xaneiro de 2023, e debatida na sesión plenaria do 24 de xaneiro de 2023) [174051](#)

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

■ 48368 (11/PNP-004011)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Díaz Moureira, María Sol e 13 máis

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España en relación co procedemento exprés para a tramitación dos proxectos eólicos incluídos no Real decreto lei 20/2022, do 27 de decembro [174052](#)

■ 48623 (11/PNP-004024)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre o acordo que debe tomar o Parlamento de Galicia en transporte ferroviario de mercadorías e a reclamación da integración de Galicia na Rede de Autoestradas Ferroviarias [174054](#)



Admisión a trámite e publicación

■ 47713 (11/PNP-003975)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre a publicación que debe levar a cabo o Goberno galego da información complementaria dos orzamentos no portal de transparencia da Xunta de Galicia

[174060](#)

■ 47723 (11/PNP-003976)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para solucionar os problemas de es-corras de auga por mor da chuvia na intersección da estrada PO-230 coa N-541, ao seu paso pola parroquia de Pedre, en Cerdedo-Cotobade

[174062](#)

■ 47731 (11/PNP-003977)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para corrixir os danos detectados no Centro de Saúde da Pobra de San Xiao, en Láncara

[174064](#)

■ 47842 (11/PNP-003978)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para reverter a crise sociolaboral

[174066](#)

■ 47849 (11/PNP-003979)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da demanda de puntos de encontro familiar

[174071](#)

■ 47973 (11/PNP-003980)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para garantir que as empresas adxudicatarias de contratos públicos contén con plan de igualdade

[174074](#)

■ 47980 (11/PNP-003981)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 4 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para habilitar axudas aos concellos da provincia de Ourense afectados polas inundacións acontecidas en xaneiro

[174077](#)

■ 47993 (11/PNP-003982)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Queixas Zas, Mercedes e Fernández Gómez, Alexandra

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para impulsar un novo marco normativo que regule o réxime das cooperativas de vivendas en cesión de uso

[174080](#)**I 48000 (11/PNP-003983)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para iniciar a elaboración dun plan de xestión do monumento natural da costa de Dexo-Serantes

[174083](#)**I 48007 (11/PNP-003984)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en materia de renovación da frota galega

[174085](#)**I 48015 (11/PNP-003985)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre a demanda que debe facer o Goberno galego ao Goberno do Estado de medidas que faciliten a regularización da frota pesqueira e das competencias en materia de ordenación pesqueira

[174089](#)**I 48018 (11/PNP-003986)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para retirar a taxa de recepción de residuos establecida para as embarcacións da frota artesanal

[174094](#)**I 48034 (11/PNP-003987)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para mellorar o servizo sanitario público da comarca da Mariña

[174097](#)**I 48044 (11/PNP-003988)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para retirar a Medalla de Ouro de Galicia a Francisco Álvarez Cascos

[174100](#)**I 48063 (11/PNP-003989)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre as accións que debe realizar a Xunta de Galicia para garantir o futuro da factoría de Alcoa en San Cibrao

[174103](#)**I 48110 (11/PNP-003990)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para a defensa da pesca galega de artes de fondo [174106](#)

I 48197 (11/PNP-003991)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para construír unha nova estación depuradora de augas residuais en Arcade, no concello de Soutomaior, que garanta o saneamento do fondo da ría de Vigo [174111](#)

I 48205 (11/PNP-003992)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Carreira Pazos, Iria

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para paliar o déficit de persoal do Servizo de Urgencias do Hospital do Barbanza [174115](#)

I 48230 (11/PNP-003993)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Domínguez, Sandra e 7 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para conmemorar o 40 aniversario da Lei de normalización lingüística [174118](#)

I 48231 (11/PNP-003994)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa execución das obras do centro de atención a persoas con discapacidade en Ourense [174121](#)

I 48255 (11/PNP-003995)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a concesión de axudas dentro do programa Impacto Autónomo [174125](#)

I 48256 (11/PNP-003996)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto do cumprimento da Lei 20/2022, do 19 de outubro, de memoria democrática, no estadio do Couto, en Ourense [174128](#)

I 48261 (11/PNP-003997)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e Pérez Fernández, Rosana

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para impulsar e corrixir as eivas da súa política económica [174130](#)



I 48268 (11/PNP-003998)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****García Vidal, Ana Belén e 6 máis**

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para a creación dunha unidade de estranxeiría no concello de Noia

[174134](#)**I 48274 (11/PNP-003999)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pazos Couñago, José Alberto e 6 máis**

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que as familias numerosas non se vexan en situación de desvantaxe no acceso a bens sociais e económicos

[174136](#)**I 48276 (11/PNP-004000)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pazos Couñago, José Alberto e 6 máis**

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para garantir o dereito á educación de 0 a 3 anos en todas as comunidades autónomas

[174142](#)**I 48281 (11/PNP-004001)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e Pérez Fernández, Rosana**

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa incidencia do desaugamento de encoros na biodiversidade, na calidade ambiental e na actividade produtiva das rías

[174145](#)**I 48290 (11/PNP-004002)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coas axudas dirixidas a entidades sociais con cargo ao IRPF

[174147](#)**I 48307 (11/PNP-004003)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e Fernández Gómez, Alexandra**

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para mellorar a planificación e a xestión hidrolóxica

[174150](#)**I 48312 (11/PNP-004004)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Ferro Iglesias, José Luis e 6 máis**

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Goberno de España para acadar bonificacións ou axudas para as autoescolas

[174153](#)**I 48313 (11/PNP-004005)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Alfonso, Ramón e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio**

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para dotar o IES Ferrol Vello do necesario pavillón para a práctica deportiva [174155](#)

I 48321 (11/PNP-004006)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para mellorar o saneamento no medio rural

[174158](#)

I 48328 (11/PNP-004007)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar a atención pediátrica nos concellos de Cospeito, Castro de Rei e Outeiro de Rei

[174161](#)

I 48334 (11/PNP-004008)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para reverter o estado de deterioración do parque do Pasatempo, no concello de Betanzos

[174164](#)

I 48346 (11/PNP-004009)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para regular a aprendizaxe da lingua portuguesa nos centro de ensino

[174168](#)

I 48353 (11/PNP-004010)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Fernández Gómez, Alexandra

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa situación da rede de abastecemento do concello de Salvaterra de Miño

[174172](#)

I 48369 (11/PNP-004012)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para recuperar a área sanitaria propia da comarca da Mariña

[174175](#)

I 48376 (11/PNP-004013)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas solicitudes de información solicitadas ao abeiro do artigo 9 do Regulamento do Parlamento de Galicia

[174177](#)

I 48383 (11/PNP-004014)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Fernández Alfonso, Ramón e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia de acordo co Concello de Neda para determinar a solución para o saneamento e depuración das augas do concello [174180](#)

I 48399 (11/PNP-004015)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e González Iglesias, María do Carme

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para poñer en marcha as actuacións precisas para a rexeneración dos bancos marisqueiros das rías e para paliar a posible perda de ingresos do sector marisqueiro [174182](#)

I 48420 (11/PNP-004016)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para dotar a zona litoral de Oia dunha rede de saneamento e depuración moderna e eficiente [174186](#)

I 48428 (11/PNP-004017)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para atender os problemas de saúde mental [174189](#)

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, asignación a comisión e publicación

I 48291 (11/PNC-004135)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coas axudas dirixidas a entidades sociais con cargo ao IRPF [174193](#)

I 48366 (11/PNC-004144)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Díaz Mouteira, María Sol e 7 máis

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España en relación co procedemento exprés para a tramitación dos proxectos eólicos incluídos no Real decreto lei 20/2022, do 27 de decembro [174196](#)

I 48622 (11/PNC-004157)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre o acordo que debe tomar o Parlamento de Galicia en transporte ferroviario de mercadorías e a reclamación da integración de Galicia na Rede de Autoestradas Ferroviarias [174198](#)



Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación**I 47724 (11/PNC-004110)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para solucionar os problemas de es-corras de auga por mor da chuvia na intersección da estrada PO-230 coa N-541, ao seu paso pola parroquia de Pedre, en Cerdedo-Cotobade

[174202](#)**I 47732 (11/PNC-004111)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e Prado Cores, María Montserrat**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para corrixir os danos detectados no Centro de Saúde da Pobra de San Xiao, en Láncara

[174204](#)**I 47850 (11/PNC-004113)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da demanda de puntos de encontro familiar

[174206](#)**I 47974 (11/PNC-004114)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para garantir que as empresas adxudicatarias de contratos públicos contén con plan de igualdade

[174209](#)**I 47981 (11/PNC-004115)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 4 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para habilitar axudas aos concellos da provincia de Ourense afectados polas inundacións acontecidas en xaneiro

[174212](#)**I 47994 (11/PNC-004116)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e Fernández Gómez, Alexandra**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para impulsar un novo marco normativo que regule o réxime das cooperativas de vivendas en cesión de uso

[174215](#)**I 48001 (11/PNC-004117)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para iniciar a elaboración dun plan de xestión do monumento natural da costa de Dexo-Serantes

[174218](#)**I 48008 (11/PNC-004118)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en materia de renovación da frota galega

[174220](#)

I 48014 (11/PNC-004119)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre a demanda que debe facer o Goberno galego ao Goberno do Estado de medidas que faciliten a regularización da frota pesqueira e das competencias en materia de ordenación pesqueira

[174224](#)

I 48019 (11/PNC-004120)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para retirar a taxa de recepción de residuos establecida para as embarcacións da frota artesanal

[174229](#)

I 48033 (11/PNC-004121)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para mellorar o servizo sanitario público da comarca da Mariña

[174232](#)

I 48043 (11/PNC-004122)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para retirar a Medalla de Ouro de Galicia a Francisco Álvarez Cascos

[174235](#)

I 48061 (11/PNC-004123)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre as accións que debe realizar a Xunta de Galicia para garantir o futuro da factoría de Alcoa en San Cibrao

[174238](#)

I 48111 (11/PNC-004124)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para a defensa da pesca galega de artes de fondo

[174241](#)

I 48196 (11/PNC-004125)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para construír unha nova estación depuradora de augas residuais en Arcade, no concello de Soutomaior, que garanta o saneamento do fondo da ría de Vigo

[174246](#)



I 48206 (11/PNC-004126)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Carreira Pazos, Iria

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para paliar o déficit de persoal do Servizo de Urgencias do Hospital do Barbanza

[174250](#)

I 48229 (11/PNC-004127)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Pérez Fernández, Rosana

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para conmemorar o 40 aniversario da Lei de normalización lingüística

[174253](#)

I 48232 (11/PNC-004128)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa execución das obras do centro de atención a persoas con discapacidade en Ourense

[174256](#)

I 48254 (11/PNC-004129)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a concesión de axudas dentro do programa Impacto Autónomo

[174260](#)

I 48257 (11/PNC-004130)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto do cumprimento da Lei 20/2022, do 19 de outubro, de memoria democrática, no estadio do Couto, en Ourense

[174262](#)

I 48267 (11/PNC-004131)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García Vidal, Ana Belén e 6 máis

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para a creación dunha unidade de estranxeiría no concello de Noia

[174265](#)

I 48273 (11/PNC-004132)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 6 máis

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que as familias numerosas non se vexan en situación de desvantaxe no acceso a bens sociais e económicos

[174267](#)

I 48275 (11/PNC-004133)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 6 máis



Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para garantir o dereito á educación de 0 a 3 anos en todas as comunidades autónomas [174273](#)

I 48282 (11/PNC-004134)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Pérez Fernández, Rosana

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa incidencia do desaugamento de encoros na biodiversidade, na calidade ambiental e na actividade produtiva das rías

[174276](#)

I 48306 (11/PNC-004136)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Fernández Gómez, Alexandra

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para mellorar a planificación e a xestión hidrolóxica

[174278](#)

I 48311 (11/PNC-004137)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Ferro Iglesias, José Luis e 6 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Goberno de España para acadar bonificacións ou axudas para as autoescolas

[174281](#)

I 48314 (11/PNC-004138)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para dotar o IES Ferrol Vello do necesario pavillón para a práctica deportiva

[174283](#)

I 48320 (11/PNC-004139)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para mellorar o saneamento no medio rural

[174286](#)

I 48329 (11/PNC-004140)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar a atención pediátrica nos concellos de Cospeito, Castro de Rei e Outeiro de Rei

[174289](#)

I 48335 (11/PNC-004141)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para reverter o estado de deterioración do parque do Pasatempo, no concello de Betanzos

[174292](#)

I 48347 (11/PNC-004142)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para regular a aprendizaxe da lingua portuguesa nos centro de ensino

[174296](#)**I 48352 (11/PNC-004143)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Fernández Gómez, Alexandra

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa situación da rede de abastecemento do concello de Salvaterra de Miño

[174300](#)**I 48367 (11/PNC-004145)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para recuperar a área sanitaria propia da comarca da Mariña

[174303](#)**I 48377 (11/PNC-004146)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas solicitudes de información solicitadas ao abeiro do artigo 9 do Regulamento do Parlamento de Galicia

[174305](#)**I 48382 (11/PNC-004147)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia de acordo co Concello de Neda para determinar a solución para o saneamento e depuración das augas do concello

[174308](#)**I 48400 (11/PNC-004148)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e González Iglesias, María do Carme

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para poñer en marcha as actuacións precisas para a rexeneración dos bancos marisqueiros das rías e para paliar a posible perda de ingresos do sector marisqueiro

[174310](#)**I 48419 (11/PNC-004149)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para dotar a zona litoral de Oia dunha rede de saneamento e depuración moderna e eficiente

[174314](#)**I 48427 (11/PNC-004150)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para atender os problemas de saúde mental

[174317](#)

1.4. Procedementos de información

1.4.2. Solicitudes de comparecencia

1.4.2.1. Solicitudes de comparecencia en Pleno

Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

■ 48689 (11/CPP-000115)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, por petición propia, para informar sobre as políticas da Xunta en materia de solo empresarial [174321](#)

1.4.2.2. Solicitudes de comparecencia en Comisión

Admisión a trámite, traslado á Mesa da comisión e publicación

■ 48690 (11/CPC-000093)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Da directora xeral de Administración Local, por petición propia, para dar conta do balance do ano 2022 sobre o Programa Galego de Vixilancia e Control fronte á Vespa Velutina [174323](#)

1.4.3. Interpelacións

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

■ 48621 (11/INT-002337)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre o transporte ferroviario de mercadorías [174325](#)

Admisión a trámite e publicación

■ 47847 (11/INT-002308)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e 2 máis

Sobre a crise sociolaboral [174331](#)

■ 47851 (11/INT-002309)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre os puntos de encontro familiar [174335](#)

■ 47997 (11/INT-002310)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Fernández Gómez, Alexandra

Sobre o réxime das cooperativas de vivendas en cesión de uso [174338](#)



I 48004 (11/INT-002311)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre a xestión de monumentos naturais

[174341](#)**I 48011 (11/INT-002312)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e 2 máis**

Sobre as políticas da Xunta de Galicia en relación co sector pesqueiro

[174344](#)**I 48013 (11/INT-002313)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e 2 máis**

Sobre a regularización da frota pesqueira

[174349](#)**I 48032 (11/INT-002314)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Castro García, Daniel e 2 máis**

Sobre o estado do servizo sanitario público, nomeadamente na comarca da Mariña

[174354](#)**I 48042 (11/INT-002315)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre a concesión da Medalla de Ouro de Galicia a Francisco Álvarez Cascos en 2003 e os criterios xerais con que se concede este recoñecemento

[174357](#)**I 48059 (11/INT-002316)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Castro García, Daniel e 2 máis**

Sobre o incumprimento dos compromisos acadados por empresas para continuaren coa súa actividade, nomeadamente o caso de Alcoa en San Cibrao, e as accións que prevé realizar a Xunta de Galicia ao respecto

[174360](#)**I 48105 (11/INT-002317)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre a saúde das mulleres

[174363](#)**I 48114 (11/INT-002318)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e 2 máis**

Sobre a pesca galega de artes de fondo

[174367](#)**I 48195 (11/INT-002319)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre as estacións depuradoras de augas residuais no fondo da ría de Vigo

[174371](#)

I 48209 (11/INT-002320)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e Carreira Pazos, Iria
Sobre a política do Goberno galego en materia sanitaria

[174374](#)**I 48235 (11/INT-002321)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre a política do Goberno galego en materia de diversidade funcional

[174377](#)**I 48253 (11/INT-002322)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio
Sobre as axudas directas a persoas autónomas do sector do mar

[174381](#)**I 48263 (11/INT-002323)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e Pérez Fernández, Rosana
Sobre a actividade económica en Galicia

[174383](#)**I 48285 (11/INT-002324)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e Pérez Fernández, Rosana
Sobre a política do Goberno galego en materia medioambiental

[174387](#)**I 48294 (11/INT-002325)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre a política do Goberno galego en materia de economía social

[174389](#)**I 48305 (11/INT-002326)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e Fernández Gómez, Alexandra
Sobre a política do Goberno galego en materia de xestión hidrolóxica

[174392](#)**I 48319 (11/INT-002327)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio
Sobre a política do Goberno galego en materia medioambiental

[174395](#)**I 48350 (11/INT-002328)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre a aprendizaxe da lingua portuguesa nos centros de ensino

[174398](#)**I 48380 (11/INT-002329)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre a información solicitada polos deputados e deputadas á Xunta de Galicia ao abeiro do artigo 9 do Regulamento do Parlamento

[174401](#)**I 48403 (11/INT-002330)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre a rexeneración dos bancos marisqueiros das rías

[174404](#)**I 48426 (11/INT-002331)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre os problemas de saúde mental

[174408](#)

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 31 de xaneiro de 2023, adoptou os seguintes acordos:

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.1. Mocións presentadas

Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 48340 (11/MOC-000136)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa

Sobre a situación macroeconómica de principios de 2023 (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 45218, publicada no BOPG núm. 428, do 28 de decembro de 2022, e debatida na sesión plenaria do 24 de xaneiro de 2023)

- 48525 (11/MOC-000137)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia

Sobre as axudas en materia de vivenda para a mocidade (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 45499, publicada no BOPG núm. 431, do 4 de xaneiro de 2023, e debatida na sesión plenaria do 24 de xaneiro de 2023)

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

- 48368 (11/PNP-004011)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Díaz Mouteira, María Sol e 13 máis

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España en relación co procedemento exprés para a tramitación dos proxectos eólicos incluídos no Real decreto lei 20/2022, do 27 de decembro

- 48623 (11/PNP-004024)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre o acordo que debe tomar o Parlamento de Galicia en transporte ferroviario de mercadorías e a reclamación da integración de Galicia na Rede de Autoestradas Ferroviarias

Admisión a trámite e publicación

- 47713 (11/PNP-003975)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre a publicación que debe levar a cabo o Goberno galego da información complementaria dos orzamentos no portal de transparencia da Xunta de Galicia

- 47723 (11/PNP-003976)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para solucionar os problemas de escorras de auga por mor da chuvia na intersección da estrada PO-230 coa N-541, ao seu paso pola parroquia de Pedre, en Cerdedo-Cotobade

- 47731 (11/PNP-003977)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para corrixir os danos detectados no Centro de Saúde da Pobra de San Xiao, en Láncara

- 47842 (11/PNP-003978)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para reverter a crise sociolaboral

- 47849 (11/PNP-003979)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da demanda de puntos de encontro familiar

- 47973 (11/PNP-003980)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para garantir que as empresas adxudicatarias de contratos públicos contén con plan de igualdade

- 47980 (11/PNP-003981)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 4 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para habilitar axudas aos concellos da provincia de Ourense afectados polas inundacións acontecidas en xaneiro

- 47993 (11/PNP-003982)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Fernández Gómez, Alexandra

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para impulsar un novo marco normativo que regule o réxime das cooperativas de vivendas en cesión de uso



- 48000 (11/PNP-003983)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para iniciar a elaboración dun plan de xestión do monumento natural da costa de Dexo-Serantes

- 48007 (11/PNP-003984)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en materia de renovación da frota galega

- 48015 (11/PNP-003985)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre a demanda que debe facer o Goberno galego ao Goberno do Estado de medidas que faciliten a regularización da frota pesqueira e das competencias en materia de ordenación pesqueira

- 48018 (11/PNP-003986)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para retirar a taxa de recepción de residuos establecida para as embarcacións da frota artesanal

- 48034 (11/PNP-003987)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para mellorar o servizo sanitario público da comarca da Mariña

- 48044 (11/PNP-003988)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para retirar a Medalla de Ouro de Galicia a Francisco Álvarez Cascos

- 48063 (11/PNP-003989)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre as accións que debe realizar a Xunta de Galicia para garantir o futuro da factoría de Alcoa en San Cibrao

- 48110 (11/PNP-003990)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para a defensa da pesca galega de artes de fondo



- 48197 (11/PNP-003991)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para construír unha nova estación depuradora de augas residuais en Arcade, no concello de Soutomaior, que garanta o saneamento do fondo da ría de Vigo

- 48205 (11/PNP-003992)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Carreira Pazos, Iria

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para paliar o déficit de persoal do Servizo de Urgencias do Hospital do Barbanza

- 48230 (11/PNP-003993)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Domínguez, Sandra e 7 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para conmemorar o 40 aniversario da Lei de normalización lingüística

- 48231 (11/PNP-003994)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa execución das obras do centro de atención a persoas con discapacidade en Ourense

- 48255 (11/PNP-003995)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a concesión de axudas dentro do programa Impacto Autónomo

- 48256 (11/PNP-003996)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto do cumprimento da Lei 20/2022, do 19 de outubro, de memoria democrática, no estadio do Couto, en Ourense

- 48261 (11/PNP-003997)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e Pérez Fernández, Rosana

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para impulsar e corrixir as eivas da súa política económica

- 48268 (11/PNP-003998)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García Vidal, Ana Belén e 6 máis



Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para a creación dunha unidade de estranxeiría no concello de Noia

- 48274 (11/PNP-003999)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 6 máis

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que as familias numerosas non se vexan en situación de desvantaxe no acceso a bens sociais e económicos

- 48276 (11/PNP-004000)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 6 máis

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para garantir o dereito á educación de 0 a 3 anos en todas as comunidades autónomas

- 48281 (11/PNP-004001)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Pérez Fernández, Rosana

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa incidencia do desaugamento de encoros na biodiversidade, na calidade ambiental e na actividade produtiva das rías

- 48290 (11/PNP-004002)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coas axudas dirixidas a entidades sociais con cargo ao IRPF

- 48307 (11/PNP-004003)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Fernández Gómez, Alexandra

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para mellorar a planificación e a xestión hidrolóxica

- 48312 (11/PNP-004004)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Ferro Iglesias, José Luis e 6 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Goberno de España para acadar bonificacións ou axudas para as autoescolas

- 48313 (11/PNP-004005)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para dotar o IES Ferrol Vello do necesario pavillón para a práctica deportiva

- 48321 (11/PNP-004006)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Bará Torres, Xosé Luís e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para mellorar o saneamento no medio rural

- 48328 (11/PNP-004007)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar a atención pediátrica nos concellos de Cospeito, Castro de Rei e Outeiro de Rei

- 48334 (11/PNP-004008)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para reverter o estado de deterioración do parque do Pasatempo, no concello de Betanzos

- 48346 (11/PNP-004009)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para regular a aprendizaxe da lingua portuguesa nos centro de ensino

- 48353 (11/PNP-004010)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Fernández Gómez, Alexandra

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa situación da rede de abastecemento do concello de Salvaterra de Miño

- 48369 (11/PNP-004012)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para recuperar a área sanitaria propia da comarca da Mariña

- 48376 (11/PNP-004013)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas solicitudes de información solicitadas ao abeiro do artigo 9 do Regulamento do Parlamento de Galicia

- 48383 (11/PNP-004014)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia de acordo co Concello de Neda para determinar a solución para o saneamento e depuración das augas do concello



- 48399 (11/PNP-004015)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e González Iglesias, María do Carme

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para poñer en marcha as actuacións precisas para a rexeneración dos bancos marisqueiros das rías e para paliar a posible perda de ingresos do sector marisqueiro

- 48420 (11/PNP-004016)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para dotar a zona litoral de Oia dunha rede de saneamento e depuración moderna e eficiente

- 48428 (11/PNP-004017)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para atender os problemas de saúde mental

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, asignación a comisión e publicación

- 48291 (11/PNC-004135)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coas axudas dirixidas a entidades sociais con cargo ao IRPF

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 48366 (11/PNC-004144)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Díaz Mouteira, María Sol e 7 máis

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España en relación co procedemento exprés para a tramitación dos proxectos eólicos incluídos no Real decreto lei 20/2022, do 27 de decembro

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 48622 (11/PNC-004157)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre o acordo que debe tomar o Parlamento de Galicia en transporte ferroviario de mercadorías e a reclamación da integración de Galicia na Rede de Autoestradas Ferroviarias

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos



Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

- 47724 (11/PNC-004110)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para solucionar os problemas de escorras de auga por mor da chuvia na intersección da estrada PO-230 coa N-541, ao seu paso pola parroquia de Pedre, en Cerdedo-Cotobade

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 47732 (11/PNC-004111)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para corrixir os danos detectados no Centro de Saúde da Pobra de San Xiao, en Láncara

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 47850 (11/PNC-004113)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da demanda de puntos de encontro familiar

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 47974 (11/PNC-004114)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para garantir que as empresas adjudicatarias de contratos públicos contén con plan de igualdade

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 47981 (11/PNC-004115)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 4 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para habilitar axudas aos concellos da provincia de Ourense afectados polas inundacións acontecidas en xaneiro

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 47994 (11/PNC-004116)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Fernández Gómez, Alexandra

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para impulsar un novo marco normativo que regule o réxime das cooperativas de vivendas en cesión de uso

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos



- 48001 (11/PNC-004117)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para iniciar a elaboración dun plan de xestión do monumento natural da costa de Dexo-Serantes

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 48008 (11/PNC-004118)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en materia de renovación da frota galega

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 48014 (11/PNC-004119)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre a demanda que debe facer o Goberno galego ao Goberno do Estado de medidas que faciliten a regularización da frota pesqueira e das competencias en materia de ordenación pesqueira

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 48019 (11/PNC-004120)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para retirar a taxa de recepción de residuos establecida para as embarcacións da frota artesanal

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 48033 (11/PNC-004121)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para mellorar o servizo sanitario público da comarca da Mariña

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 48043 (11/PNC-004122)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para retirar a Medalla de Ouro de Galicia a Francisco Álvarez Cascos

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 48061 (11/PNC-004123)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre as accións que debe realizar a Xunta de Galicia para garantir o futuro da factoría de Alcoa en San Cibrao

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo



- 48111 (11/PNC-004124)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para a defensa da pesca galega de artes de fondo

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 48196 (11/PNC-004125)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para construír unha nova estación depuradora de augas residuais en Arcade, no concello de Soutomaior, que garanta o saneamento do fondo da ría de Vigo

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 48206 (11/PNC-004126)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Carreira Pazos, Iria

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para paliar o déficit de persoal do Servizo de Urgencias do Hospital do Barbanza

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 48229 (11/PNC-004127)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Pérez Fernández, Rosana

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para conmemorar o 40 aniversario da Lei de normalización lingüística

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 48232 (11/PNC-004128)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa execución das obras do centro de atención a persoas con discapacidade en Ourense

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 48254 (11/PNC-004129)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a concesión de axudas dentro do programa Impacto Autónomo

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 48257 (11/PNC-004130)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis



Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto do cumprimento da Lei 20/2022, do 19 de outubro, de memoria democrática, no estadio do Couto, en Ourense
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 48267 (11/PNC-004131)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García Vidal, Ana Belén e 6 máis

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para a creación dunha unidade de estranxeiría no concello de Noia

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 48273 (11/PNC-004132)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 6 máis

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que as familias numerosas non se vexan en situación de desvantaxe no acceso a bens sociais e económicos

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 48275 (11/PNC-004133)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 6 máis

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para garantir o dereito á educación de 0 a 3 anos en todas as comunidades autónomas

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 48282 (11/PNC-004134)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Pérez Fernández, Rosana

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa incidencia do desau-
gamento de encoros na biodiversidade, na calidade ambiental e na actividade produtiva das
rías

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 48306 (11/PNC-004136)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Fernández Gómez, Alexandra

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para mellorar a planificación e a xestión
hidrolóxica

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 48311 (11/PNC-004137)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Ferro Iglesias, José Luis e 6 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Goberno de España para acadar
bonificacións ou axudas para as autoescolas

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos



- 48314 (11/PNC-004138)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para dotar o IES Ferrol Vello do necesario pavillón para a práctica deportiva

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 48320 (11/PNC-004139)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para mellorar o saneamento no medio rural

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 48329 (11/PNC-004140)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar a atención pediátrica nos concellos de Cospeito, Castro de Rei e Outeiro de Rei

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 48335 (11/PNC-004141)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para reverter o estado de deterioración do parque do Pasatempo, no concello de Betanzos

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 48347 (11/PNC-004142)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para regular a aprendizaxe da lingua portuguesa nos centro de ensino

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 48352 (11/PNC-004143)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Fernández Gómez, Alexandra

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa situación da rede de abastecemento do concello de Salvaterra de Miño

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 48367 (11/PNC-004145)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis



Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para recuperar a área sanitaria propia da comarca da Mariña

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 48377 (11/PNC-004146)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas solicitudes de información solicitadas ao abeiro do artigo 9 do Regulamento do Parlamento de Galicia

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 48382 (11/PNC-004147)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia de acordo co Concello de Neda para determinar a solución para o saneamento e depuración das augas do concello

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 48400 (11/PNC-004148)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e González Iglesias, María do Carme

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para poñer en marcha as actuacións precisas para a rexeneración dos bancos marisqueiros das rías e para paliar a posible perda de ingresos do sector marisqueiro

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 48419 (11/PNC-004149)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para dotar a zona litoral de Oia dunha rede de saneamento e depuración moderna e eficiente

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 48427 (11/PNC-004150)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para atender os problemas de saúde mental

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

1.4. Procedementos de información

1.4.2. Solicitudes de comparecencia

1.4.2.1. Solicitudes de comparecencia en Pleno

Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 48689 (11/PPP-000115)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, por petición propia, para informar sobre as políticas da Xunta en materia de solo empresarial

1.4.2.2. Solicitudes de comparecencia en Comisión

Admisión a trámite, traslado á Mesa da comisión e publicación

- 48690 (11/CPC-000093)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Da directora xeral de Administración Local, por petición propia, para dar conta do balance do ano 2022 sobre o Programa Galego de Vixilancia e Control fronte á Vespa Velutina

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

1.4.3. Interpelacións

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

- 48621 (11/INT-002337)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre o transporte ferroviario de mercadorías

Admisión a trámite e publicación

- 47847 (11/INT-002308)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e 2 máis

Sobre a crise sociolaboral

- 47851 (11/INT-002309)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre os puntos de encontro familiar

- 47997 (11/INT-002310)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Fernández Gómez, Alexandra

Sobre o réxime das cooperativas de vivendas en cesión de uso

- 48004 (11/INT-002311)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a xestión de monumentos naturais

- 48011 (11/INT-002312)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Pérez Fernández, Rosana e 2 máis
Sobre as políticas da Xunta de Galicia en relación co sector pesqueiro

- 48013 (11/INT-002313)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e 2 máis
Sobre a regularización da frota pesqueira

- 48032 (11/INT-002314)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Castro García, Daniel e 2 máis
Sobre o estado do servizo sanitario público, nomeadamente na comarca da Mariña

- 48042 (11/INT-002315)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis
Sobre a concesión da Medalla de Ouro de Galicia a Francisco Álvarez Cascos en 2003 e os criterios xerais con que se concede este recoñecemento

- 48059 (11/INT-002316)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Castro García, Daniel e 2 máis
Sobre o incumprimento dos compromisos acadados por empresas para continuaren coa súa actividade, nomeadamente o caso de Alcoa en San Cibrao, e as accións que prevé realizar a Xunta de Galicia ao respecto

- 48105 (11/INT-002317)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre a saúde das mulleres

- 48114 (11/INT-002318)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e 2 máis
Sobre a pesca galega de artes de fondo

- 48195 (11/INT-002319)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre as estacións depuradoras de augas residuais no fondo da ría de Vigo

- 48209 (11/INT-002320)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e Carreira Pazos, Iria
Sobre a política do Goberno galego en materia sanitaria



- 48235 (11/INT-002321)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en materia de diversidade funcional

- 48253 (11/INT-002322)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre as axudas directas a persoas autónomas do sector do mar

- 48263 (11/INT-002323)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e Pérez Fernández, Rosana

Sobre a actividade económica en Galicia

- 48285 (11/INT-002324)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Pérez Fernández, Rosana

Sobre a política do Goberno galego en materia medioambiental

- 48294 (11/INT-002325)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en materia de economía social

- 48305 (11/INT-002326)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Fernández Gómez, Alexandra

Sobre a política do Goberno galego en materia de xestión hidrolóxica

- 48319 (11/INT-002327)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre a política do Goberno galego en materia medioambiental

- 48350 (11/INT-002328)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a aprendizaxe da lingua portuguesa nos centros de ensino

- 48380 (11/INT-002329)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre a información solicitada polos deputados e deputadas á Xunta de Galicia ao abeiro do artigo 9 do Regulamento do Parlamento



- 48403 (11/INT-002330)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre a rexeneración dos bancos marisqueiros das rías

- 48426 (11/INT-002331)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre os problemas de saúde mental

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2023

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGU

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 25 de xaneiro, sobre a situación macroeconómica de principios de 2023 (doc. núm **45218**, [11/INT-002234]).

Moción

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Impulsar, ao abeiro do Consello Económico e Social, un foro de diálogo para avaliar as medidas a impulsar para rectificar a ralentización da economía galega e reorientar as políticas económicas poñendo especial énfase na atención á terciarización da economía e ao agravamento da exclusión social. Dito grupo de traballo remitirá ao Parlamento galego unha proposta de medidas para a súa posta en común, debate e aprobación.

2. Impulsar a reindustrialización do tecido económico galego desenvolvendo, en diálogo cos axentes sociais e co tecido innovador e universitario do país, un Plan de Fomento da actividade tecnolóxica e industrial co obxectivo de elevar a participación da sector industrial no PIB de Galiza até o 25% no horizonte 2030 que inclúa unha forte aposta polo investimento público vinculado á esixencia do cumprimento de indicadores de I+D+i.

3. Comprometer unha reorientación orzamentaria para iniciar o incremento, progresivo, do investimento en I+D+i até o situar no 2,5% do PIB.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Comprometer unha reorientación orzamentaria para garantir o incremento das prestacións sociais conforme ao incremento do IPC e a recuperación das axudas sociais eliminadas como a tarxeta básica.”

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 26/01/2023 10:48:25

Ana Pontón Mondelo na data 26/01/2023 10:48:38



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Noelia Otero Lago, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte Moción para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria do día 24 de xaneiro de 2023, sobre as axudas en materia de vivenda para a mocidade (doc núm. 45499).

Moción

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

- 1º. Aumentar as contías das axudas ao alugueiro da mocidade.
- 2º. Elaborar un Plan galego de emancipación e acceso á vivenda da mocidade.
- 3º. Establecer un programa de axudas específico para aqueles mozos e mozas que por motivos de estudo precisan vivir desprazados noutras localidades da nosa comunidade.

Pazo do Parlamento, 27 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 27/01/2023 12:20:21

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 27/01/2023 12:20:33





A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Marisol Díaz Mouteira, Marta Nóvoa Iglesias, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Belén Salido Maroño, Rubén Lorenzo Gómez, Begoña Freire Vázquez, Paula Prado del Río, Alberto Pazos Couñago, José Manuel Rey Varela, Felisa Rodríguez Carrera, Ana Belén García Vidal e Noelia Pérez López**, ao abeiro do disposto no artigo 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno** polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

Exposición de motivos

O Goberno central deu luz verde ao Real Decreto Lei 20/2022, do 27 de decembro, de medidas de resposta ás consecuencias económicas e sociais da Guerra de Ucraína.

Unha vez máis, a través dun decreto o Goberno central inclúe un novo procedemento express para a tramitación ambiental dos proxectos eólicos que, neste caso, vén a ser unha xeneralización do que xa se creou mediante o Real Decreto Lei 6/2022 de marzo.

Estamos, novamente, ante unha nova modificación á carta das leis que pon en perigo a correcta tramitación ambiental destes proxectos e xera inseguridade xurídica.

Coa nova regulación, o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico amosa de novo un desprezo absoluto pola avaliación ambiental dos proxectos, sendo este o único procedemento que pode evitar impactos negativos sobre o medio.

Por todo o exposto, e ante a relevancia desta cuestión para Galicia, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a esixir ao Goberno de España a retirada do Real Decreto Lei 20/2022, do 27 de decembro, e do Real Decreto 6/2022, do 29 de marzo, do procedemento express para a tramitación dos proxectos eólicos,





ao non garantir o principio básico de protección do territorio e crear inseguridade xurídica ás administracións e aos promotores”.

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 26/01/2023 13:29:38

María Sol Díaz Mouteira na data 26/01/2023 13:29:55

Marta Nóvoa Iglesias na data 26/01/2023 13:30:08

Carmen María Pomar Tojo na data 26/01/2023 13:30:22

Ramón Carballo Páez na data 26/01/2023 13:30:37

José Manuel Balseiro Orol na data 26/01/2023 13:30:51

María Belén Salido Maroño na data 26/01/2023 13:31:04

Rubén Lorenzo Gómez na data 26/01/2023 13:31:13

Freire Vázquez, María Begoña na data 26/01/2023 13:31:24

Paula Prado del Río na data 26/01/2023 13:31:35

José Alberto Pazos Couñago na data 26/01/2023 13:31:58

José Manuel Rey Varela na data 26/01/2023 13:32:16

María Felisa Rodríguez Carrera na data 26/01/2023 13:32:30

Ana Belén García Vidal na data 26/01/2023 13:32:42

Noelia Pérez López na data 26/01/2023 13:32:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Lourenzo Sobral, Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, Carmela González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia**.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A xustificación da urxencia vén dada pola necesidade de que o Parlamento se pronuncie sobre una materia de especial interese e pola importancia de tomar canto antes un acordo que fortaleza a posición de Galiza nun momento decisivo para o acceso ao financiamento con fondos europeos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza leva moitos anos de retraso e desvantaxe en materia de transporte ferroviario de mercadorías, por decisións adoptadas en Madrid e Bruxelas e que contaron co beneplácito dos dous grupos políticos do bipartidismo estatal.

En 2019 o europarlamento e a Comisión Europea incluíron na Rede Básica o Corredor Atlántico Noroeste (a conexión desde Palencia cara a León e desde aquí a Asturias e Galiza), corrixindo unha decisión anterior absurda (deixaba fóra do Corredor





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Atlántico os portos do Atlántico) e discriminatoria (relegaba os investimentos para despois de 2030).

Mais naquel momento xa estabamos nunha posición de retraso, xa iamos no furgón de cola. A causa desta situación é o deseño centralista das infraestruturas (o Corredor Atlántico pasa por Madrid) e a priorización do Corredor Mediterráneo na planificación e nos investimentos.

O resumo da situación é o seguinte:

- i) O Goberno central priorizou na última década o corredor atlántico central e o corredor mediterráneo.
- ii) A maior parte dos investimentos asignados ao Corredor Atlántico foron asignados a Madrid, Andalucía e Euskadi.
- iii) O Corredor Mediterráneo conta con un Comisionado desde 2017. O do Corredor Atlántico acaba de anunciarse mediante un anuncio efectista, xa veremos se efectivo.
- iv) O Corredor Mediterráneo conta con estratexia definida e programa de investimentos. O Corredor Atlántico carece de planificación e de cronograma claro de investimentos. E dentro do Corredor Atlántico, o Corredor Atlántico Noroeste (liña Venta de Baños-León-Galiza) vai con máis retraso. As únicas obras que están en marcha en Galiza son a conexión ferroviaria do porto exterior da Coruña e a mellora do trazado entre Ourense e Monforte (forma parte da mellora da liña férrea Ourense-Lugo)
- v) En pleno século XXI temos infraestruturas e servizos ferroviarios de mercadorías do século XIX. Un tren de mercadorías tarda 23 horas en chegar desde Vigo a Barcelona. Así non avanzamos, así non podemos ser un país conectado e competitivo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por se non fose abondo, Galiza foi excluída do borrador da Rede de Autoestradas Ferroviarias, o sistema para o transporte ferroviario de camiións cargados con mercadorías para facer por estrada o “último km”. O BNG xa presentou iniciativas no Congreso para corrixir esta nova discriminación.

2. Galiza non pode ficar outra vez atrás, o impulso do Corredor Ferroviario Noroeste é estratéxico e prioritario. En primeiro lugar porque o tren é o transporte do futuro e quen non xogue nesa liga non é competitivo. En segundo termo porque o tren é máis económico, máis lóxico e máis ecolóxico. E, por último, o tren é unha peza clave dun deseño integrado e intermodal.

Aínda que tarde, estamos nun momento decisivo para darlle pulo ao transporte ferroviario de mercadorías xa que se están mobilizando grandes sumas de diñeiro para o ferrocarril (no Mecanismo Conectar Europa e no Plan de Recuperación e Resiliencia).

Mais non é o momento de fotos e declaracións, é o momento de facer proxectos, de facer obras. Pasou o tempo dos lamentos, estamos no tempo dos investimentos.

Dentro da Estratexia Ferroviaria de Galiza, o transporte de mercadorías xoga un papel central, á par das propostas en materia de mobilidade para as persoas. E ademais da conexión do Corredor Noroeste, clave para o transporte cara Europa, é fundamental avanzar no fomento da conexión ferroviaria de mercadorías con Portugal.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno polo trámite de urxencia:

“O Parlamento acorda como resolución

1. Crear unha fronte común institucional, económica e social galega en defensa do tren de mercadorías. Ademais dos axentes empresariais e sector da loxística, esta plataforma debe abrirse á participación dos partidos políticos, concellos, as





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

organizacións sindicais, as universidades e outras organizacións do ámbito social, veciñal e ambiental.

2ª Demandar a aprobación do Plan Director do Corredor Noroeste e dun Plan Extraordinario de Investimentos para Galiza que equilibre e compense o retraso que sofre o noso país no transporte ferroviario de mercadorías. Así como a aprobación de proxectos e o establecemento dun calendario de obras para ser financiadas con cargo ao Mecanismo Conectar Europa, con fondos europeos do período 2021-2027 e co Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

3ª Crear unha comisión de seguimento, coa participación dos partidos políticos con representación no parlamento galego, que vele polo impulso do ferrocarril de mercadorías e polo cumprimento da planificación e da execución dos proxectos do Corredor Noroeste e da conexión con Portugal.

4º Reclamar a integración de Galiza na Rede de Autoestradas Ferroviarias (Iniciativa Mercancías 30).”

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Manuel Lourenzo Sobral

Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonso

Alexandra Fernández Gómez





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María González Albert
Carmela González Iglesias
Rosana Pérez Fernández
Daniel Pérez López
Montserrat Prado Cores
Noa Presas Bergantiños
Mercedes Queixas Zas
Paulo Ríos Santomé
Xosé Luis Rivas Cruz
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 30/01/2023 13:24:53

Carmela González Iglesias na data 30/01/2023 13:25:09

Paulo Ríos Santomé na data 30/01/2023 13:25:14

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 30/01/2023 13:25:21

Alexandra Fernández Gómez na data 30/01/2023 13:25:27

María Montserrat Prado Cores na data 30/01/2023 13:25:35

Xosé Luis Bará Torres na data 30/01/2023 13:25:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María González Albert na data 30/01/2023 13:25:49

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 30/01/2023 13:25:56

Noa Presas Bergantiños na data 30/01/2023 13:26:03

María del Carmen Aira Díaz na data 30/01/2023 13:26:11

Daniel Castro García na data 30/01/2023 13:26:25

Olalla Rodil Fernández na data 30/01/2023 13:26:35

Iria Carreira Pazos na data 30/01/2023 13:26:45

Daniel Pérez López na data 30/01/2023 13:26:52

Ramón Fernández Alfonzo na data 30/01/2023 13:27:02

Rosana Pérez Fernández na data 30/01/2023 13:27:12

Mercedes Queixas Zas na data 30/01/2023 13:27:22

Xosé Luis Rivas Cruz na data 30/01/2023 13:27:33



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Gonzalo Caballero Míguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Na exposición de motivos da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno establécese que os mecanismos de transparencia e de bo goberno deben funcionar como contrapesos que garantan a protección da cidadanía fronte a hipotéticas arbitrariedades do poder público e o uso indebido dos cartos ou patrimonio públicos, fixando como obriga regular o acceso cidadán a determinada información administrativa e garantindo o dereito fundamental á participación nos asuntos públicos, enunciado no artigo 23, como a capacidade da cidadanía de ser un actor fundamental no seguimento, no control e na vixilancia da actividade dos poderes públicos.

No artigo 11 da dita Lei regúlanse as obrigas específicas de información económica, orzamentaria e estatística e no seu apartado 2. establécese que: *“En particular, a Xunta de Galicia fará pública toda a información complementaria sobre os seus orzamentos que sexa remitida ao Parlamento ao longo do exercicio, incluíndo unha actualización trimestral en función da execución orzamentaria, así como a liquidación anual”*.

Do mesmo xeito, o artigo 21 regula a reutilización da información do sector público autonómico, que nos seus apartados 2 e 3 establece:

- 1 *“Promóvese a posta á disposición en formatos abertos para facilitar a reutilización da información do sector público coa finalidade fundamental de facilitar un mellor coñecemento da actividade do sector público e o uso dos datos para a creación, por parte de terceiros, de produtos derivados e servizos de valor engadido.*
- 2 *Os órganos e as unidades da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia velarán para que os documentos aos cales se aplica esta lei e a restante información que se considere de interese público poidan estar dispoñibles en formato aberto para a súa reutilización.”*



Finalmente, o artigo 22.1 da citada lei contempla que *“A Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do seu sector público facilitarán os seus documentos nos formatos ou nas linguas en que estean dispoñibles e, sempre que sexa posible, en formato lexible por máquina e conxuntamente cos seus metadatos. Tanto o formato coma os metadatos, na medida do posible, deben cumprir normas formais abertas.”*

Aínda que a Xunta de Galicia fai pública a través do DOG o que denomina como “Execución orzamentaria”, (<https://www.conselleriadefacenda.gal/areas-tematicas/economico-financeira-e-contable/execucion-trimestral-dos-orzamentos/execucion-trimestral-do-ano-2022>), a realidade é que o documento que se publica non é o mesmo que entra no Parlamento e que realmente é o estado de execución que contempla todos os programas, seccións e capítulos.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que publique a información complementaria aos seus orzamentos que se remite e se presenta no Parlamento como “estado de execución” en formato aberto, lexible e conxuntamente cos seus metadatos, en cumprimento do disposto na lexislación vixente en Galicia en materia de transparencia.

Pazo do Parlamento, 19 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 19/01/2023 18:28:53

Gonzalo Caballero Míguez na data 19/01/2023 18:29:11

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 19/01/2023 18:29:23



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, **Paloma Castro Rey, Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Arias**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

O pasado 24 de decembro acontecía no Concello de Cerdedo - Cotobade un trágico accidente á altura da parroquia de Pedre na estrada N-541 con terribles consecuencias.

Dende o primeiro momento o PP está a vincular este suceso exclusivamente co estado de conservación da estrada nacional obviando que xusto a escasos metros do punto do sinistro se atopa a intersección da estrada PO-230 de titularidade autonómica.

Estrada autonómica que ocasiona unha escorrentía de forma continua sobre a nacional 541 provocando unha balsa de auga que supón un grave perigo para a circulación viaria.

Para solucionar este problema no ano 2017 acometeuse polo Ministerio de Fomento unha actuación valorada en 2.771.975,13 euros consistente no desprazamento da intersección que naquel momento estaba pegada á ponte, e na incorporación de carrís de cambio de velocidade (desaceleración e aceleración) e carrís centrais de espera para o xiro á esquerda cara a estrada autonómica.

O goberno da Xunta de Galicia pola súa banda ampliou a PO- 230 dende o núcleo de Serrapio ata o seu entronque coa estrada nacional e habilitou beirarrúas.

Na actualidade debido ás abundantes choivas se están a producir desbordamentos e acumulación de auga nesta estrada sen que ningunha destas actuacións servira para solucionar o problema de escorrentía existente.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que a mellora da situación destas estradas pasa unicamente por unha actuación conxunta e coordinada, polo que a igual que o está a facer o goberno do Estado, a Administración autonómica ten que actuar na estrada PO-230 para solucionar o problema de embalsamento de auga que se produce e manter as beirarrúas limpas como medida de mantemento e conservación das estradas e de prevención de accidentes.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a actuar na estrada PO-230 na súa intersección con N-541, ao paso pola parroquia de Pedre, Concello de Cerdedo-Cotobade, co fin de solucionar de inmediato os problemas de escorrentía de auga que se producen por mor da choiva

Pazo do Parlamento, 19 de xaneiro do 2023

Asdo.: Paloma Castro Rey
Patricia Otero Rodríguez
Eduardo Ojea Arias
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luis Manuel Álvarez Martínez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 20/01/2023 11:00:37

Patricia Otero Rodríguez na data 20/01/2023 11:00:46

Eduardo Ojea Arias na data 20/01/2023 11:00:57

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 20/01/2023 11:01:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre o estado no que se atopa o centro de saúde da Pobra de San Xiao e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente o persoal do centro de saúde da Pobra de San Xiao, no Concello de Láncara, denunciou o mal estado no que se atopa o espazo da caldeira e os prexuízos que isto provoca ao deixar sen funcionamento o sistema de calefacción.

Segundo trasladaron publicamente este é un problema recorrente que tería unha orixe estrutural.

Este centro de saúde foi inaugurado a finais dos anos noventa e a Xunta de Galiza acometeu obras recentemente, segundo o propio SERGAS, para a mellora da cuberta e da fachada, porén, semella que non se solventaron todas ou que volven aparecer toda vez que hai pingueiras neste espazo.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a acometer, no menos prazo posíbel, as obras que sexan necesarias para corrixir os danos detectados no centro de saúde da Pobra de San Xiao e garantir o seu correcto funcionamento.”

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 20/01/2023 11:16:38

María Montserrat Prado Cores na data 20/01/2023 11:16:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Daniel Pérez López** e **Ramón Fernández Alfonzo**, e da deputada **Rosana Pérez Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa á grave crise social e económica que atravesamos o noso país así como ás medidas de reorientación e transformación social e económica que atravesamos o noso país e medidas de reorientación e transformación que debe adoptar o goberno galego no mercado de traballo e no sector industrial para superala.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A análise dos datos dos últimos meses do Instituto Nacional de Estatística, do Instituto Galego de Estatística, da propia Enquisa de Poboación Activa, e dos informes de outros organismos independentes de recoñecida solvencia e prestixio, poñen de manifesto a grave crise social e económica que atravesamos o noso país, que hai que enmarcar nun contexto de crise xeneralizada a nivel estatal e europeo, pero que conta con variábeis e matices propios. Unha crise que esixe que a Xunta de Galiza adopte medidas de reorientación e transformación do mercado de traballo galego e do propio sector industrial, para superala.

Os datos do paro correspondentes ao mes de decembro de 2022 evidencian unha vez máis a febleza e os problemas estruturais que padece o mercado laboral galego, que continúa a expulsar persoas traballadoras, con 5.345 afiliadas menos neste mes con respecto ao mes anterior. E iso que neste período o número de persoas desempregadas rexistrou un leve descenso debido á contratación a tempo parcial no sector servizos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2023 12:45:46
Nº Rexistro: 47842
Data envío: 20/01/2023 12:45:46.888

coincidindo coa campaña de Nadal. Tamén se rexistraron 11.000 contratos menos que en novembro e case 21.000 menos respecto ao mesmo período do ano 2021, aumentando o desemprego no sector primario, na industria e na construción. O único sector no que baixa o paro é nos servizos, o que demostra unha vez máis a febleza do mercado laboral e do modelo económico implantado en Galiza.

A mocidade galega foi unha das grandes damnificada na crise do 2008 e da crise derivada da pandemia. E atendendo aos indicadores económicos, a historia parece que vai camiño de repetirse coa actual. Falamos dun colectivo que leva anos arrastrando problemas estruturais, como a fenda salarial entre mocidade e resto de traballadores e traballadoras, e un mercado de traballo marcado pola temporalidade e a parcialidade. Unha situación precaria que aboca ás mozas e mozos galegos á emigración, coa conseguinte perda de forza de traballo altamente cualificada para o mercado de traballo do noso país.

A situación sociolaboral da muller galega segue a ser desfavorábel en comparación coa dos homes, e, en termos xerais, moi precaria. Porque a pesar de que hai indicadores que amosan unha certa mellora, segue a estar por debaixo da situación da poboación traballadora masculina no relativo á taxa de actividade e taxa de ocupación. Porén, a taxa de paro feminina (11,8%) é superior á dos homes (9,8%). O 58,3% das persoas paradas rexistradas son mulleres. Ao que hai que sumarlle que a muller segue a desempeñar actividades altamente feminizadas e traballos infravalorados, caracterizados pola precariedade laboral. Igual que o colectivo da mocidade galega, a situación da muller no mercado de traballo vén marcada pola parcialidade, temporalidade e a fenda salarial, neste caso, de xénero.

No relativo á industria, a situación non é mellor. En decembro de 2022 todos os sectores da industria galega baixaron a súa produción, cunha taxa xeral negativa do





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

5,4%, agás o enerxético. Que avanza un 17%. Porén, a evolución da produción industrial estatal foi positiva, ao medrar un 2,2%. Esta precaria situación social e económica da Galiza coincide cunha elevada inflación, que provoca un proceso de empobrecemento das persoas máis desfavorecidas. O cal é un problema atendendo a que no nos país hai 700.000 persoas en risco de pobreza e exclusión social, segundo datos do informe de EAPN-Galiza.

Fronte a isto, é imprescindible levar a cabo un profundo cambio do sistema económico e social para favorecer a creación de emprego de calidade, con salarios dignos, apostando por un maior peso do sector industrial na nosa economía e por sectores emerxentes, dándolle prioridade nas políticas sociolaborais a mulleres e mocidade.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

a) Mudar profundamente as políticas de emprego e formación ante a ineficacia das implementadas nos catorce últimos anos, para así rachar coa temporalidade na contratación e a precariedade laboral, ou a estacionalidade e dar resposta á demanda do mercado de traballo galego.

b) Diseñar e executar un plan específico de emprego feminino co obxectivo de atallar a precariedade e falta de oportunidades que sofre este colectivo, e, dentro das políticas activas de emprego, implementar programas de orientación, emprego e formación para o emprego dirixidas especificamente ao colectivo das mulleres, para acadar igualdade real de oportunidades.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

c) Elaborar e implementar un plan de emprego para a mocidade co obxectivo de rachar coa precariedade a temporalidade estrutural que caracteriza a este colectivo, atallar a sangría migratoria constante deste colectivo e propiciar a volta dos que abandonaron o país por falta de oportunidades.

d) Impulsar unha estratexia de emprego a curto prazo para a creación de postos de traballo vencellados ao sector público, a sectores económicos estratéxicos e a sectores emerxentes, priorizando o emprego estábel e de calidade, a inserción sociolaboral da mocidade e das mulleres, a reversión do devalo demográfico e a reorientación e transformación da economía galega.

e) Impulsar o Pacto Galego pola Industria..”

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Daniel Pérez López**

Ramón Fernández Alfonso

Rosana Pérez Fernández

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 20/01/2023 12:36:21

Rosana Pérez Fernández na data 20/01/2023 12:36:24

Ramón Fernández Alfonzo na data 20/01/2023 12:36:33

Daniel Pérez López na data 20/01/2023 12:36:42



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Paloma Castro Rey, Marina Ortega Otero e Pablo Arangüena Fernández**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

En Galicia existen 8 Puntos de Encontro Familiar, sitos 7 nas grandes cidades e 1 en Ribeira, que foron regulados no ano 2014 como espazos destinados a preservar a relación entre os menores e os membros da súa familia en situación de crise e a garantir a seguridade e o benestar dos menores.

Os Puntos de Encontro Familiar (PEF) son un servizo financiado pola Xunta de Galicia pero de xestión privada e realizaron durante o 2022 cerca de 18.000 intervencións.

Durante o pasado ano atendéronse a máis de 2.700 persoas, entre nenos/as e adultos, que usaron este servizo para relacionarse cando hai unha situación conflitiva de separación, divorcio, nulidade, tutela ou calquera outro suposto de interrupción da convivencia familiar, cando o exercicio do dereito de visitas se vexa interrompido ou o seu cumprimento resulte difícil ou conflitivo ou para entregas e recollidas dos menores, se así o determina unha resolución xudicial.

O número de intervencións incrementouse un 2 % ao respecto da cifra do ano anterior (2021) o que demostra un incremento do uso deste recurso pero temos que ter en conta que non se trata dunha cifra real xa que a demanda é moito maior o que ocasiona que existan en todos estes centros listas de espera e que moitas veces os xuíces nas súas resolucións opten por solucións alternativas.

Dende o Grupo Socialista levamos anos esixindo que se incremente o número de PEF para poder acabar con estas listas de agarda e para cubrir determinadas zonas do territorio nas que existe moita demanda e atópanse situadas a moita distancia do centro máis achegado.

O goberno da Xunta anunciou este ano a ampliación de centros á comarca do Deza e á comarca da Mariña, decisión que aplaudimos pero entendemos



insuficiente xa que deixa fóra zonas coma por exemplo a do Salnés onde existen grandes núcleos de poboación e unha demanda histórica deste servizo.

Nós defendemos que compre facer un estudo previo sobre a necesidade deste recurso nos diferentes territorios e ampliar o número de centro alí onde exista máis demanda.

A maiores entendemos que o punto de encontro é un equipamento social que presta un recurso necesario para situacións familiares moi sensibles cun alto grado de conflitividade e casos de violencia de xénero polo que ten que estar aberto os 365 días do ano e non pode pechar durante o mes de agosto por vacacións do persoal limitando as relacións familiares de moitos usuarios e usuarias ou causando serio agravio as mulleres vítimas de violencia de xénero.

É, por iso, polo que dende o Grupo Parlamentario Socialista solicitamos ao goberno da Xunta que leve a cabo un informe no que se determinen os territorios onde existe unha maior demanda do PEF para a posterior apertura progresiva dos mesmos e a maiores que se busque unha alternativa ao peche durante o mes de agosto destes centros, compatible cos dereitos laborais dos seus traballadores, que permita que o mesmo permaneza aberto os 365 días ao ano.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Elaborar un informe no que se determinen aqueles territorios onde existe unha maior demanda do Punto de Encontro Familiar e posteriormente proceder a apertura progresiva dos mesmos.
- Garantir a apertura destes centros os 365 días do ano por tratarse dun recurso necesario para situacións familiares moi sensibles, cun alto grado de conflitividade e casos de violencia de xénero.

Pazo do Parlamento, 19 de xaneiro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 20/01/2023 12:49:00

Marina Ortega Otero na data 20/01/2023 12:49:08

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2023 12:53:46
Nº Rexistro: 47849
Data envío: 20/01/2023 12:53:46.075

Pablo Arangüena Fernández na data 20/01/2023 12:49:19

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 20/01/2023 12:49:27

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e das deputadas **Olalla Rodil Fernández** e **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a adxudicación de contratos á empresa Alcor Seguridad, S.L. pola Vicepresidencia Primeira e Consellaría de Presidencia, Xustiza e Turismo malia carecer de Plan de Igualdade rexistrado.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo consta no portal de contratación administrativa da Xunta de Galiza a mercantil Alcor Seguridad, S.L. ficou excluída do concurso público para a adxudicación da prestación do Servizo de vixilancia e seguridade nos edificios e instalacións dos centros prestadores de servizos sociais dependentes da Consellaría de Política Social e Xuventude ao carecer a empresa de Plan de Igualdade debidamente aprobado e rexistrado no último día do prazo de presentación das ofertas. Exclusión acordada como consecuencia das alegacións formuladas pola representación da Confederación Intersindical Galega (CIG) na que se advertía da ausencia do preceptivo plan de igualdade, da posible incursión en baixa temeraria, así como a falla de garantías do respecto aos dereitos das traballadoras e as consecuencias contractuais de tales incumprimentos.

Así, e malia que a devandita empresa foi a inicialmente proposta para a adxudicación do contrato resultou excluída por non contar co preceptivo Plan de Igualdade, incumprimento tamén advertido pola UXT.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Xa na súa redacción orixinal a Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos del Sector Público, establecía a prohibición de contratar con empresas de máis de 250 traballadoras que non cumprisen coa obriga de contar cun plan de igualdade consonte ao disposto no art. 45 da Lei Orgánica 3/2007, polo que resulta chamativo que a referida empresa non só puidese ser proposta en decembro de 2022 para a adxudicación do contrato convocado pola Consellaría de Política Social e Xuventude, senón que poida ser adxudicataria de importantes contratos públicos.

A este respecto indicar que o 17 de decembro de 2020 a Consellaría de Presidencia, Xustiza e Turismo formalizou coa empresa Alcor Seguridad, S.L. contrato para a prestación de servizo de vixilancia e seguridade nos edificios xudiciais de A Coruña, Ourense, A Estrada e Marín por importe anual superior a CATROCENTOS SESENTA E CINCO MIL EUROS, IVE incluído.

A exixencia da elaboración e aprobación de plans de igualdade nas empresas están dirixidos a garantir a igualdade de trato e de oportunidades no ámbito laboral e a evitar a existencia de calquera tipo de discriminación, polo que constitúe un instrumento básico para a protección e defensa da igualdade entre homes e mulleres. Debe ser a Administración Pública, encargada de velar polo cumprimento da lei, a primeira que extreme o coidado para asegurar que dentro do seu ámbito de actuacións non se producen situacións discriminatorias e que se adoptan todas as medidas e cautelas necesarias para garantir a igualdade entre as traballadoras e perseguir todas as condutas que atente contra este dereito fundamental.

E por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a realizar as actuacións necesarias para garantir que todas as empresas adxudicatarias de contratos públicos contén co preceptivo plan de igualdade, así como para velar polo seu cumprimento.”

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 23/01/2023 10:51:30

Iria Carreira Pazos na data 23/01/2023 10:51:34

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 23/01/2023 10:51:44



Á Mesado Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Carmen Rodríguez Dacosta, Marina Ortega Otero, Eduardo Ojea Arias, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

A provincia de Ourense sufriu nas últimas semanas, intensos e recorrentes episodios de choiva e neve que provocaron inundacións en numerosos municipios.

De feito, no que vai do ano hidrolóxico, recolléronse máis de 851 litros por metro cadrado, o que supera a media histórica.

Estes temporais deixaron múltiples estragos e danos graves en importantes infraestruturas de concellos como A Arnoia, Baños de Molgas, Allariz, Ribadavia ou O Carballiño.

As inundacións e correntes de terra danaron infraestruturas, camiños, estradas, construcións públicas e propiedades privadas, polo que é preciso actuar canto antes para restablecer a normalidade.

A limpeza e mantemento dos leitos dos ríos e as súas zonas próximas, segundo o acervo normativo de España, corresponde aos concellos e ás restantes entidades locais. Tamén é responsabilidade municipal a restauración da normalidade, no caso de episodios de riadas e outras situacións de emerxencia similares. Pero a inmensa maioría de entidades locais da nosa provincia, por ser concellos de pequenas dimensións, carecen de capacidade económica e loxística para afrontar tarefas tan complexas.

Polo de agora e a pesar de non contar, na maioría de casos, con recursos propios dabondo para afrontar estas situacións, os concellos están asumir a desfeita en solitario de maneira heroica, despregando todos os seus esforzos para minimizar o impacto das inundacións. Con todo, a magnitude da desfeita superou as súas capacidades.



Neste contexto O Grupo Parlamentario Socialista solicita do Goberno Galego que poña os medios necesarios para reparar os danos provocados polas abundantes choivas e as posteriores escorrentías, dado a envergadura dos danos, a orixe natural dos mesmos e nas zonas nas que se produciron afectando a moitos concellos, consideramos que é necesario actuar con urxencia nestes municipios da provincia de Ourense porque a falta de acción e a pasividade non son opcións aceptables cando se trata da seguridade e do benestar da poboación dado que de non facelo coas próximas choivas aumentará a superficie afectada.

Por outra banda nestes temporais de choiva e vento danse tódolos requisitos establecidos pola Lei de emerxencias de Galicia 5/2007 para que o Consello da Xunta aprobe a emerxencia de interese galego e se habiliten as modificacións orzamentarias necesarias, tal e como establece o artigo 36 deste texto legal.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a aprobar de maneira urxente a emerxencia de interese galego, recollido pola Lei de emerxencias de Galicia 5/2007, para habilitar axudas aos concellos da provincia de Ourense afectados polas importantes inundacións acontecidas en xaneiro.

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro do 2023



Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 23/01/2023 11:23:26

Marina Ortega Otero na data 23/01/2023 11:23:37

Eduardo Ojea Arias na data 23/01/2023 11:23:48

Paloma Castro Rey na data 23/01/2023 11:23:58

Pablo Arangüena Fernández na data 23/01/2023 11:24:15

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 23/01/2023 11:24:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Mercedes Queixas Zas** e **Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a necesidade de impulsar un novo marco normativo que regule o réxime das cooperativas en cesión de uso.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os prezos da vivenda na Coruña subiron un 6,3% desde a pandemia e chegamos aos 2000 euros de prezo por metro cadrado. Segundo a Estatística Rexistral Inmobiliaria, a nosa cidade é a undécima capital de provincia máis cara do Estado Español, é a máis cara de Galiza e o prezo que soportamos por adquirir unha vivenda é un 23% máis elevado que a media estatal. Así mesmo, a nosa cidade é a máis cara de Galiza no caso de quixermos alugar unha vivenda.

Ás dificultades no acceso a unha vivenda digna e con prezos asumíbeis, xúntase as condicións en que as están as vivendas dispoñíbeis e, sobre todo, as tremendas dificultades para adquirir ou alugar recursos habitacionais con accesibilidade universal e que permitan a autonomía das persoas e a vida en comunidade.

Por iso, a raíz de experiencias persoais mais tamén da observación da realidade do mercado inmobiliario, logo de coñecer múltiples iniciativas en Europa e no Estado español, naceu na Coruña a iniciativa “Outra forma de vivenda”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“Outra forma de vivenda” é unha iniciativa que pretende reivindicar, impulsar e difundir unha cooperativa de vivendas na que as persoas poidan participar de xeito colectivo en todas as fases do proceso, cumprir co dereito de ter unha vivenda digna, accesíbel, con espazos adaptábeis ás distintas realidades, comunitarias, con espazos e servizos comúns, inseridas nos barrios e sustentábeis.

A idea é construír non só vivendas para a xente adaptadas ás súas necesidades a prezos razoábeis senón tamén unha maneira de habitar con maiores servizos e espazos comúns que fomenten a convivencia e a cohesión social.

O modelo que promove é o de cooperativa en cesión de uso: unha alternativa no acceso á vivenda nun momento no que cada vez se encarece máis o acceso a este dereito. A propiedade é da cooperativa mais a cesión do uso é persoal. É un modelo distinto ao da propiedade habitual no Estado Español, aínda que xa hai exemplos en Euskadi ou Catalunya, mais que está asentado noutros lugares do mundo como Uruguai ou Dinamarca, onde o modelo Andel xa conta cun total de 125.000 vivendas.

A Xunta de Galiza debe facerlle fronte a un dos problemas máis importantes e fundamentais no país: que é o das dificultades no acceso a unha vivenda digna a prezos razoábeis. Debemos facer todo o que estea nas nosas mans para facilitar o acceso a un ben básico como é o da vivenda e podémolo facer co apoio ao modelo de cooperativas en cesión de uso.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento insta a Xunta a impulsar un novo marco normativo que regule o réxime das cooperativas en cesión de uso e incorpore os dereitos de tanteo e retracto nas execucións hipotecarias, conforme xa prevé a lexislación doutras comunidades autónomas, co obxectivo de lle permitir ao Goberno galego a adquisición de vivenda para destino social sen teren que saír a poxa privada.”

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Alexandra Fernández Gómez

Deputadas do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 23/01/2023 12:05:37

Alexandra Fernández Gómez na data 23/01/2023 12:05:49

Xosé Luis Bará Torres na data 23/01/2023 12:05:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Mercedes Queixas Zas** e do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a necesidade de a Xunta iniciar un proxecto de redacción e implementación dun plan de xestión do Monumento Natural da Costa de Dexo-Serantes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O espazo natural protexido coñecido como Monumento Natural da Costa de Dexo-Serantes, declarado ZEC (zona de especial conservación) abrangue a maior parte da faixa costeira norte do municipio de Oleiros (parroquias de Dexo e Serantes), desde os faros de Mera até o porto de Lorbé.

Declarada como Monumento Natural no 2000 e Lugar de Interese Comunitario en 2004, en 2014 foi declarada finalmente Zona de Especial Conservación.

Porén, malia este recoñecemento de protección e conservación, o espazo segue a carecer a día de hoxe de calquera tipo de plan director que asegure a súa axeitada conservación, custodia e dinamización.

Malia a zona estar relativamente libre de impactos urbanísticos, non o está de ameazas humanas, así como de plantas alóctonas, polo que no BNG insistimos desde hai anos en que urxe unha ordenación que vaia acompañada de medidas concretas para asegurar a preservación do espazo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta a iniciar a elaboración dun proxecto de redacción e implementación dun plan de xestión do Monumento Natural da Costa de Dexo-Serantes.”

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 23/01/2023 12:28:36

Mercedes Queixas Zas na data 23/01/2023 12:28:40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputados **Rosana Pérez Fernández** e **Carmela González Iglesias** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O DOG publicaba, o pasado 4 de xaneiro, unha Orde de axudas “para investimentos que fomenten a pesca sustentábel para tripulantes”, que a propia Consellería vén publicitando dende hai anos como axudas que contribúen a paliar a falta de remuda xeracional no sector pesqueiro, un problema que se ve vir dende hai máis dunha década e que a Xunta de Galiza está aínda moi lonxe de atallar. De feito, son cada vez máis o número de buques que se vén na obriga de amarrar a porto por falta de tripulación.

Estas axudas, cuxa finalidade é a primeira adquisición dun buque de pesca, véñense convocando anualmente e comezaron no ano 2016 cun creto orzamentario total de 500.000 euros, reducíndose ata os 300.000 euros deste ano.

Para acceder a elas, entre outros requisitos específicos, as persoas beneficiarias deben ter menos de 40 anos e o buque que adquieran debe ter unha eslora inferior a 24 metros e entre 5 e 30 anos de antigüidade. O investimento máximo subvencionábel non poderá superar os 75.000 euros.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estamos, pois, diante dunhas axudas de tan só 300.000 euros para un amplísimo segmento da nosa frota. Segundo o informe anual sobre a frota Pesqueira da Plataforma Tecnolóxica da Pesca, da Consellaría de Mar, Galiza conta cun total de 4.232 buques, dos que 3.956 (o 93,4%) teñen unha eslora inferior a 24 metros e destes, 3.640 teñen menos de 12 metros.

300.000 euros é unha cantidade tan insignificante para fomentar a remuda xeracional que supoñería entre 5 e 10 persoas beneficiarias cada ano, estimando o prezo dunha embarcación de segunda man de menos de 12 metros de eslora entre 30 e 60.000 euros. Polo tanto, máis que á remuda xeracional as axudas parecen ir dirixidas a outros fins moito menos proveitosos para a frota pesqueira galega.

Ademais da irrisoria cantidade destinada, a Orde establece algúns requisitos excesivamente limitativos, como non permitir a compra dun barco de segunda man de menos de 5 anos.

O establecemento da idade máxima de 30 anos dos buques que se poden mercar pode parecer, a priori, unha medida para deter o envellecemento da frota. Mais non é así porque xa nestes momentos máis da metade dela ten máis de 30 anos e 1/3, máis de 40, sen que se estean a tomar medidas de calado para a súa renovación.

Esa falta de medidas para axudar a renovar a frota xa está a ter consecuencias reais e as compañías aseguradoras están a poñer impedimentos, ou a negar directamente, os seguros a buques de certa idade. Se a isto se lle engade o aumento desmedido dos custos de explotación, do alto prezo do combustíbel, da inxente normativa limitadora da actividade e da falta de decisión política para enfrontar os problemas reais do sector, o futuro é avocalo a un maior desánimo aínda, aos despezos e ao abandono da profesión.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Se, tal e como se recoñece na Orde publicada o 4 de xaneiro, “o sector da pesca constitúe un sector estratéxico para o desenvolvemento da nosa comunidade que ten o reto de contribuír á consecución de determinados obxectivos temáticos do Marco estratéxico común e aproveitar ao máximo os fondos deste marco para acadar os novos retos que se formulan e, neste senso ... aproveitar todas as posibilidades que brindan estes instrumentos para acadar o obxectivo de sector competitivo, sustentable e respectuoso co ambiente”, haberá que poñer os medios para que así sexa, para que se leven a cabo melloras que aporten seguridade e comodidade aos buques, para a nova construción e para a tan manida remuda xeracional.

O novo FEMPA 2021-27 marca, precisamente, como un dos seus obxectivos a facilitación desa remuda e Galiza recibirá nese período 366 millóns de euros do total de 1.220 destinados ao Estado español. Polo tanto, está en condicións de implicarse seria e profundamente na renovación dunha frota que o necesita perentoriamente, que é esencial para garantir a seguridade alimentaria e que é vital económica e socialmente para o noso país.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno da Xunta de Galiza a:

- Incrementar o creto orzamentario e modificar os requisitos da Orde do 15 de decembro de 2022, de axudas para investimentos que fomenten a pesca sustentábel para tripulantes, de xeito que contribúa realmente á remuda xeracional e a evitar o envellecemento da frota e os despezamentos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Elaborar e aprobar, no prazo de seis meses, un plan de actuación ao que se destinen fondos FEMPA 2021-27 e fondos propios, que contemple as medidas a levar a cabo para a necesaria renovación da frota galega.”

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carmela González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 23/01/2023 13:06:01

Daniel Castro García na data 23/01/2023 13:06:06

Carmela González Iglesias na data 23/01/2023 13:06:21

Rosana Pérez Fernández na data 23/01/2023 13:06:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández** e **Carmela González Iglesias** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Hai máis de 20 anos, por imperativo legal e a raíz da entrada do Estado español na Unión Europea, diversas normativas veñen intentando regularizar as embarcacións da frota pesqueira, unha regularización que se leva a cabo dende o Ministerio de Pesca por non ter Galiza competencias sobre a ordenación do sector pesqueiro e sen que se adecúe a normativa á realidade da frota galega .

O primeiro procedemento levábase a cabo no ano 1999 e marcaba os criterios das competencias e dos obxectivos. Posteriormente, a Lei 9/2007, de 22 de xuño, imposta por Bruxelas, establecía criterios, actuacións e prazos para que as embarcacións pesqueiras e empresas navieras se inscribisen no rexistro de buques e no Censo da Flota Pesqueira Operativa.

A norma perseguía que o novo procedemento administrativo de regularización fora impulsado polas Comunidades Autónomas, ampliaba o prazo de regularización e instauraba a cancelación de oficio daquelas embarcacións que non se acolleran á regularización. Pretendía regularizar 2.442 embarcacións pesqueiras pendentes de regularización por razóns de diverso tipo (dimensións, arqueo bruto, materiais e fundamentalmente potencia propulsora), establecendo un prazo de 2 anos para a súa regularización.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Máis tarde, a través da Lei 35/2011, de 4 de outubro, sobre titularidade compartida das explotacións agrarias, na súa Disposición adicional quinta, modifícase a Lei 3/2001, de 26 de marzo, de Pesca Marítima do Estado, engadíndolle o Título VI., “Regularización de buques pesqueiros no Censo da Frota Pesqueira Operativa e no Rexistro de Buques e Empresas Navieras”.

A este novo procedemento podían acollerse aqueles armadores e propietarios que non foran admitidos a trámite no procedemento da Lei 9/2007 e que presentaran solicitude antes do 31 de decembro de 2007.

Aínda así, esta nova medida tampouco foi suficiente e publicouse, en menos dun ano, o Real Decreto 1081/2012, de 13 de xullo. Agora, establecíase unha nova regularización para as solicitudes aínda pendentes, pero unicamente para aquelas que se presentaran en prazo coa Lei 9/2007 e que non foran admitidas por non aportaren as baixas e para as que non presentaran a solicitude segundo a mesma Lei antes do 31 de decembro de 2007 e non foran admitidas.

O procedemento demostrouse engorroso e tan limitado que non recollía gran parte das múltiples casuísticas existentes e, finalmente, non acabou resolvendo a maior parte das solicitudes.

O pasado 29 de decembro publícase o Real Decreto 1044/2022, de 27 de decembro, de ordenación da frota pesqueira, que pretende refundir todos os procedementos anteriores e unificar toda a normativa anterior e que xa está a causar unha fonda preocupación entre a frota galega, nomeadamente o seu artigo 5, sobre a potencia dos buques de pesca, e a prohibición de faenar cun buque de pesca equipado cun motor cuxa potencia exceda a establecida na súa licenza.

O sector asegura que existen a día de hoxe moitas embarcacións con maior potencia da que legalmente lle pertence o que, evidentemente, de ser así, representaría un problema máis a engadir aos moitos que xa ten na actualidade. Mais descoñecemos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cal é a situación real e se a Consellería do Mar realizou durante todo este tempo algún estudo que permita saber con rigorosidade cal foi a evolución da nosa frota ao longo dos distintos períodos de regularización de embarcacións ou se elaborou algún informe que contribúa a comprender a súa realidade.

Sería de gran importancia e de moita utilidade ter datos reais, saber que parte da frota supera o cabalaxe por motivos de seguridade, para mellorar as condicións de traballo a bordo, a eficiencia enerxética, etc. Datos que servisen para demandar unha regularización adaptada á nosa realidade e ás condicións de traballo dos nosos buques e que puidesen evitar males maiores, como os que agora nos ameazan.

Tamén sería relevante coñecer as actuacións que levou a cabo o Goberno galego para reclamar as competencias de ordenación pesqueira e, polo tanto, para poder realizar funcións que irían moito máis alá de adicarse simplemente a tramitar expedientes que, finalmente, serán resoltos por outra Administración.

No Real Decreto tamén se recollen diversos aspectos relacionados coa capacidade da frota pesqueira. A este respecto, sería moi aclaratorio coñecer con exactitude a capacidade da que dispón o Estado, en GT e en CV, e, sobre todo, se vai desenvolver algunha actuación para que esa capacidade sirva para a regularización das embarcacións que agora poden estar comprometidas ou se vai persistir no modelo actual que vén dando pé á especulación sobre a compra de cabalaxe (CV) e capacidade (GT) nos últimos anos.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno da Xunta de Galiza a:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Reclamar ao Goberno do Estado medidas que faciliten a regularización definitiva da frota pesqueira galega e que eviten a expulsión de buques do mar de xeito inminente.

-Dar a coñecer a situación real da frota pesqueira galega despois dos distintos procesos de regularización levados a cabo ata a actualidade.

-Demandar do Goberno do Estado as competencias en materia de ordenación pesqueira que permitan, entre outras moitas actuacións, levar a cabo procesos destas características con coñecemento real da situación e condicións de traballo das embarcacións e con maior eficacia e prontitude.”

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carmela González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 23/01/2023 12:37:27

Carmela González Iglesias na data 23/01/2023 12:37:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 23/01/2023 12:37:38

Ana Pontón Mondelo na data 23/01/2023 13:19:03





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputados **Rosana Pérez Fernández** e **Carmela González Iglesias** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Comeza un novo ano coa mesma obsesión de sempre de Portos de Galiza por obter cada vez maiores ingresos a conta das cargas ao propio sector. Neste caso, establece unha nova taxa de 19,14 euros por recollida de residuos, coñecida como taxa Marpol, ás embarcacións que teñen motores a gasolina e que, efectivamente, empregan aceite mesturado coa mesma ou levan unha pequena cantidade del para as engranaxes.

Este segmento da frota, adicado principalmente ao marisqueo a frote, recursos específicos e enmalle, ve así como a nova taxa se suma agora ás moitas que xa pagan e que amosan o afán recadatorio dun Ente, Portos de Galiza, que non se corresponde en moitos casos cos servizos que presta nin, moito menos, co mantemento mínimo deses servizos.

Este novo cargo impositivo, tampouco ten en conta a situación de crise actual, o incremento dos custos e do combustíbel, nin as obrigas abusivas e inxustificadas ás que está sometida a frota por parte do Estado e que deben aboar a través das Capitanías Marítimas, cuxo funcionamento e prestación de servizos tamén deixa moito que desexar.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cada ano, a nosa frota vese na obriga de comprar novo material obrigatorio de seguridade (balsas salvavidas, bengalas de auxilio e salvamento, radiobalizas, botiquín, extintores, chalecos, etc., etc.), pasar as revisións pertinentes, renovación de certificados ou títulos, etc., atopándose cunha trama burocrática moi difícil de sortear e que funciona en moitos casos con criterios arbitrarios e sen a axilidade que os tempos demandan.

A todos estes custos, hai que engadir aínda outros como os seguros da embarcación, da tripulación, as reparacións e o mantemento, etc., o que sitúa ao sector pesqueiro en xeral, e á frota artesanal en particular, nunha situación de altísima presión impositiva en comparación co rendemento económico que obtén.

Portos de Galiza colabora tamén con esa presión xa cun importante número de taxas e agora engade unha nova que moito nos tememos non será a última.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta o Goberno da Xunta de Galiza a retirar a taxa de recepción de residuos recentemente establecida ás embarcacións da frota artesanal.”

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**
Carmela González Iglesias
Daniel Castro García





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 23/01/2023 13:20:57

Daniel Castro García na data 23/01/2023 13:21:01

Carmela González Iglesias na data 23/01/2023 13:21:10

Rosana Pérez Fernández na data 23/01/2023 13:21:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegaliza.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Daniel Castro García** e das deputadas **Montserrat Prado Cores** e **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a necesidade de que a Xunta de Galiza mellore o servizo sanitario público da comarca da Mariña.

A sanidade pública de todo o país está a pasar por un dos peores momentos desde a súa creación. Estes problemas veñen de moi lonxe, mais tras a pandemia acelerouse dun xeito significativo o proceso de desmantelamento da nosa sanidade e moi especialmente da nosa Atención Primaria.

Como é sabido, as políticas sanitarias do Partido Popular levaron a esta situación que por suposto tamén se fai notar, e dun xeito moi acusado na comarca da Mariña. Desde o ano 2009, coa entrada do Partido Popular na Xunta de Galiza a sanidade mariñá viu sufrindo diferentes recortes e redución de servizos que se viron totalmente plasmados na supresión da Área Sanitaria da Mariña en 2017.

Este foi o punto de inflexión que marcou un antes e un despois na calidade da sanidade pública mariñá. Mais, co paso dos anos e coa incidencia da pandemia da COVID, a situación empeorou dun xeito dramático levando a que a sanidade mariñá estea rozando o colapso de xeito continuado, tanto no Hospital de Burela como nos Centros de Saúde da maioría dos concellos da comarca.

Esta realidade levou a grandes mobilizacións e protestas por parte de toda a cidadanía, dos e das profesionais e da Plataforma na Defensa da Sanidade Pública da Mariña que ano tras ano seguen enchendo as rúas como fixeron de novo hai poucos días . De igual maneira, os formularios de queixas tamén seguen a encherse para facer ver





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodeGaliza.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

unha realidade da que todos son conscientes, incluso o Partido Popular, que segue mirando para outro lado.

Poderíamos enumerar unha a unha todas as eivas existentes, mais ocuparía moito tempo e papel, iso si, poderíanse resumir nunha absoluta falta de cobertura das baixas médicas e de persoal de enfermería, das vacacións e de calquera tipo de permiso en todos os centros de saúde da comarca e no Hospital de Burela, que se suman a un déficit estrutural de persoal que viña de moi atrás.

Do mesmo xeito, neste hospital no que aumentan os metros cadrados e diminúen os servizos, segue a incrementarse día a día as derivacións ao HULA a pesar de que a Xunta de Galiza tivese prometido a súa redución, polo que os e as mariñas ven reducidos progresivamente os servizos que teñen dereito a ter.

Por outra banda a situación dos traballadores e traballadoras é de absoluta precariedade. Cada vez é máis difícil contratar novos sanitarios e sanitarias porque as condicións de traballo tanto en termos de soldo, como de temporalidade, como de facilidades para desprazarse á comarca son extremas.

Cada ben pouco seguimos lendo casos moi graves, como que nunha vila coma Viveiro de preto de 16 mil habitantes houbera momentos nos que só está dispoñible un médico, persoas que teñen que agardar 2 ou 3 anos por unha consulta de cardioloxía, persoas que teñen que agardar 4 meses por unha biopsia ou varios Centros de Saúde sen pediatra.

A situación da sanidade pública da Mariña é absolutamente insostible e por todo isto o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodeGaliza.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1- Facer os trámites necesarios para cubrir do xeito máis urxente todas as baixas e vacacións da Atención Primaria da comarca da Mariña.

2- Fornecer de xeito inmediato á poboación do servizo continuo de pediatria en todos os concellos nos que non está a ser cuberto.

3- Reducir de xeito xeneralizado as listas de agarda no distrito sanitario da Mariña.”

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Daniel Castro García**

Montserrat Prado Cores

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 23/01/2023 16:58:46

María Montserrat Prado Cores na data 23/01/2023 16:58:49

Daniel Castro García na data 23/01/2023 16:58:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e da deputada **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa a retirada da medalla de ouro de Galiza concedida a Francisco Álvarez Cascos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En xuño do ano 2003 a Xunta do PP, baixo a presidencia de Manuel Fraga, concedía a Francisco Álvarez Cascos, daquela Ministro de Fomento do goberno central, a Medalla de Ouro de Galiza.

Aquela distinción de tal alto rango foi obxecto de polémica e de rexeitamento dunha parte importante da sociedade galega. Sen entrar a valorar as circunstancias daquela decisión, o paso do tempo veu corroborar que foi un grave erro, que logo de 20 anos estamos a tempo de remediar.

Máis alá de decisións atribuíbeis ao daquela ministro que foron perxudiciais para o noso país (a actuación na crise do Prestige xunto coa privatización da AP9 en 2003 son as máis significativas), as graves acusacións de presunta corrupción que rodean a actuación pública e privada do sr. Álvarez Cascos obrigan a tomar decisións en defensa do bo nome, da honra e da dignidade das institucións galegas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nos pasados días transcenderon informacións xornalísticas segundo as cales o sr Álvarez Cascos ingresou 4,7 millóns de euros de empresas que foron favorecidas por decisións tomadas cando ocupada postos de responsabilidade no goberno español. Segundo estas novas comezou a cobrar destas empresas en 2004 e seguiu facéndoo até o ano 2018.

As institucións galegas non poden pasar por alto estas graves acusacións, que veñen a acumularse a outros moitos motivos que xustifican a retirada dos recoñecementos honoríficos concedidos.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta a retirar a medalla de ouro de Galiza concedida en 2003 ao sr. Francisco Álvarez Cascos e a solicitarlle a súa devolución.”

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 23/01/2023 17:30:26

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 23/01/2023 17:30:30

Iria Carreira Pazos na data 23/01/2023 17:30:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo e Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre as accións que debe realizar a Xunta de Galiza para garantir o futuro da factoría de Alcoa San Cibrao.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os meses seguen pasando e o futuro da factoría de Alcoa San Cibrao segue pendendo dun fío. A día de hoxe vemos como a empresa norteamericana continúa a mostrar un total desinterese polo cumprimento dos acordos acadados hai xa máis de un ano.

Desgraciadamente, mentres isto está ocorrendo, a Xunta de Galiza continúa a actuar como se este problema non tivese que ver co goberno galego. Deste xeito, non aparece en moitas das xuntanzas entre o comité e a empresa e sobre todo, non mostra vontade algunha de facelo.

Todo isto xera unha situación na que a empresa confirma publicamente a súa vontade de incumprir o acordo acadado e votado democraticamente entre todo o plantel da factoría, algo que pon claramente en perigo o mantemento dos postos de traballo.

Alén de todo isto, a empresa mostrou unha clara intención de manter paralizadas para o vindeiro ano o 93'8% das cubas de electrólise da planta, deixando para o 2025 a re arranque das demais cubas e descartando de maneira clara unha das principais inversións como é o forno de cocción.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a realizar as accións oportunas para garantir o cumprimento do acordo acadado entre Alcoa e os traballadores e traballadoras no ano 2021.”

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Daniel Castro García**

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 23/01/2023 17:47:42

Daniel Pérez López na data 23/01/2023 17:47:54

Ramón Fernández Alfonso na data 23/01/2023 17:48:03





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2023 17:58:44
Nº Rexistro: 48063
Data envío: 23/01/2023 17:58:44.998

Ana Pontón Mondelo na data 23/01/2023 17:48:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputados **Rosana Pérez Fernández** e **Carmela González Iglesias** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O “Plan de Acción para Conservar os Recursos Pesqueiros e Protexer os Ecosistemas Mariños”, contemplado dentro da Estratexia de Biodiversidade da Unión Europea para 2030, enmarcada á súa vez no Plan Verde Europeo, contempla, como unha das súas medidas chave, acadar unha protección da superficie mariña europea nun 30%, cun 10% de máxima protección.

Os seus piares son, tal e como recoñeceu publicamente a propia Comisión Europea no mes de marzo, “a protección dos fondos mariños e a conciliación das artes de fondo cos obxectivos de sostibilidade”, seguindo así o camiño marcado pola propia Estratexia de Biodiversidade 2030 que recolle que “Cando sexa necesario introducíranse medidas para limitar o uso das artes de pesca máis prexudiciais para a diversidade, incluso no fondo mariño”.

Por outra banda, e na mesma dirección, a Conferencia das Partes de Nacións Unidas sobre Biodiversidade, a COP 15 de Montreal, acadou un acordo de Convenio sobre a Diversidade Biolóxica no pasado mes de decembro que, segundo a propia vicepresidenta do Goberno do Estado español e ministra para a Transición Ecolóxica e o





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Reto Demográfico, “permitirá acadar a protección e xestión efectiva para a conservación do 30% da superficie terrestre e mariña para 2030”.

Nun acto celebrado a semana pasada en Vigo, a directora xeral de Pesca e Asuntos Marítimos da UE confirmou aos medios de comunicación que o Plan de Acción para a Pesca será dado a coñecer no mes de febreiro e anticipou que a súa posta en marcha significará novos peches de zonas ao arrastre de fondo, con medidas que irán dende a prohibición nas Áreas Mariñas Protexidas (AMP) comunitarias ata unha maior limitación do súa utilización noutras.

O obxectivo de intentar lograr un equilibrio entre a conservación e a produción sostíbel de alimentos que proveñen do mar é necesario, e é loábel, mais non pode conseguirse a través de prohibicións rotundas e sen ter en conta outros factores.

Neste momento, a frota, fundamentalmente a do palangre e arrastre, xa está a padecer as consecuencias das 87 áreas de pesca pechadas dende o pasado mes de outubro en augas de Portugal, España, Francia e Irlanda. Un peche que se manterá moito máis alá do inicialmente previsto mes de decembro e que, entre o informe do ICES, a avaliación do impacto económico, que non se efectuará ata existiren os novos informes científicos, e a previsíbel consulta aos Estados, poderá alongarse ata 2024.

87 áreas que se vetaron á pesca de fondo mediante unha decisión que non contou co apoio unánime do Consello nin coa aprobación do Parlamento europeo, que partía duns informes científicos e técnicos insuficientes e refutábeis, que se tomou sen diálogo e sen busca de alternativas co sector e sen avaliación do seu impacto socioeconómico. Razóns todas elas que levaron a que o Goberno español presentase un recurso á mesma -aínda que mantivo a súa negativa ata o final a respecto de solicitar unha moratoria que o sector lle reclamaba e a día de hoxe, ao igual que a propia Xunta





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de Galiza, continúa sen articular medida algunha para compensar as perdas que se están a producir- e que o fixese tamén a Organización de Produtores Pesqueiros do Porto de Burela diante do Tribunal Xeral da UE en Luxemburgo.

O Plan de Acción para Conservar os Recursos Pesqueiros e Protexer os Ecosistemas Mariños, aínda sen coñecerse polo miúdo, está xa a ser interpretado polo sector pesqueiro como un risco real sobre a súa actividade e, de novo, vai requirir de actuacións políticas que consigan evitar un dano maior para unha actividade económica fundamental para un país altamente dependente da pesca como é Galiza.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno da Xunta de Galiza a:

1.- Demandar do Goberno do Estado

- Unha posición de firmeza na defensa da pesca galega de artes de fondo diante da inminente presentación do Plan de Acción da UE para Conservar os Recursos Pesqueiros e Protexer os Ecosistemas Mariños.

- A presentación de observacións e/ou consideracións á norma durante a súa tramitación que traten de evitar a prohibición e/ou limitación das artes de fondo nas augas comunitarias.

- A esixencia á UE de que calquera medida que se adopte se basee en estudos científicos rigorosos e actualizados sobre o estado dos recursos, atendendo ao impacto socioeconómico que podería causar e en diálogo co sector.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Articule as medidas de compensación económicas necesarias para paliar as consecuencias que xa está a ter o peche de 87 áreas de pesca no sector pesqueiro galego de artes de fondo.

2.- Que programe e leve a cabo un plan de actuacións políticas de acordo co sector pesqueiro e diante da UE e do Estado español, para impedir que a futura posta en marcha do Plan de Acción da UE para Conservar os Recursos Pesqueiros e Protexer os Ecosistemas Mariños afecte á frota galega de artes de fondo.

3.- Que dea cumprimento inmediato ao acordo unánime do Pleno do Parlamento Galego do pasado 22 de novembro.”

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carmela González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 24/01/2023 10:00:32

Daniel Castro García na data 24/01/2023 10:00:37

Carmela González Iglesias na data 24/01/2023 10:00:51

Rosana Pérez Fernández na data 24/01/2023 10:01:29





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Manuel Lourenzo Sobral** e **Luis Bará Torres** e da deputada **Carmela González Iglesias**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a situación da nova EDAR de Arcade, no concello de Soutomaior.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os bancos marisqueiros do fondo da Ría de Vigo son o principal sector económico, tanto do Concello de Soutomaior como doutros lugares da Enseada de San Simón, espazo este protexido pola Rede Natura.

Na actualidade, é unha evidencia denunciada día tras polo sector marisqueiro, que o estado no que se atopa o fondo da ría de Vigo implica danos perceptíbeis por toda a veciñanza tanto no relativo á verteduras e ao estado das augas como no que ten a ver coa produtividade dos bancos marisqueiros.

Verteduras incontroladas que implican mesmo sancións ao Concello de Soutomaior por parte de Augas de Galiza, unha depuradora obsoleta que non cumpre coa normativa actual, unha rede de saneamento abandona durante anos que non conta cunha separativa eficiente de pluviais e fecais e un ecosistema da Rede Natura que soporta esta situación namentres o sector marisqueiro de Arcade e do fondo da ría vense na obriga de ir mariscar a Baiona ou outros lugares ante a falta de produtividade do





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

fondo da ría de Vigo; son o día a día da veciñanza e do sector marisqueiro de Soutomaior.

E namentres o ecosistema e os bancos marisqueiros do fondo da ría se atopan nunha situación límite , o Partido Popular segue demorando o saneamento da ría ano tras ano.

Foi no ano 2019, que por enésima vez o Partido Popular anunciou a construción dunha nova EDAR en Arcade. Máis de catro anos despois, segue sen concretarse nada deste proxecto e non existe orzamento para esta actuación nin nas contas municipais para por a disposición os terreos, nin tampouco nas da Xunta.

Nese mesmo ano 2019 e despois de que o Concello de Soutomaior fose varias veces sancionado por vertidos contaminantes á Ría de Vigo e de que se constatará que a actual EDAR de Arcade non cumpría coa normativa europea, o Partido Popular anunciou a bombo e prato que se construíría unha nova EDAR adaptada á normativa actual.

Mais a realidade é que, catro anos despois, Soutomaior segue agardando pola nova estación depuradora. E faino a pesar de que a nova EDAR fóra licitada no ano 2020 cun prazo para a redacción de 13 meses. Mais desafortunadamente un ano despois de caducado este prazo o proxecto fica paralizado.

No último debate de orzamentos, o Grupo Parlamentar do BNG presentou unha emenda aos orzamentos da Xunta para que esta actuación contase con partidas específicas que garantisen a súa inmediata execución pero a pesar dos anuncios dende o ano 2019, o Partido Popular, votou en contra desta emenda para o saneamento da ría





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dende o BNG entendemos que o fondo da ría de Vigo, ademais de ser un espazo natural de valor incalculábel é o sustento de centos familias de Soutomaior e doutros concellos do fondo da ría, polo que o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a reactivar de inmediato todos os trámites necesarios para a construción dunha nova EDAR en Arcade que garanta o saneamento do fondo da ría de Vigo.”

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Carmela González Iglesias

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Carmela González Iglesias na data 24/01/2023 13:34:40

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 24/01/2023 13:34:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 24/01/2023 13:34:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández** e **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a situación do servizo de Urgencias do Barbanza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os servizos de urxencias hospitalarias do nos País están a sufrir un importante colapso neste período invernal. As consecuencias da COVID sobre a saúde poboacional, a dramática situación de Atención Primaria e a insuficiencia dos recursos hospitalarios, son algunhas das causas que contribúen esta situación.

No caso do hospital comarcal do Barbanza, o persoal médico vén de facer pública a denuncia pola situación na que se atopan, cunha gran tensión laboral que se agravou nos últimos meses, xa non só pola importante carga asistencial, senón tamén polas condicións laborais. O persoal deste servizo vén sufrindo unha precariedade sistemática na contratación, pois a pesar das evidentes necesidades que presenta o servizo, véñense realizando contratos por períodos mensuais ou inferiores, chegando a contratar por días, avisando no mesmo día da quenda de traballo. Esta situación de inestabilidade laboral foi motivo para que se producise unha saída constante de profesionais deste servizo.

Actualmente o servizo non ten un cadro médico acorde ás necesidades reais, cun déficit de 4 facultativas, o que provoca unha gran sobrecarga, ata o punto de que hai persoal en xaneiro de 2023 que aínda ten pendente de desfrutar as vacacións correspondentes ao ano anterior.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Durante o ano 2022 no Hospital do Barbanza incrementouse o número de asistencias a urxencias nun 12,5% a respecto de 2019, cifra que supera amplamente o incremento que se produciu noutros hospitais coma o CHUS ou o CHUAC, un 5% e un 8,3% respectivamente. Pese a este incremento, non se produciu ningún incremento no cadro de persoal, tampouco na quenda de noite onde se continúa con unicamente dúas facultativas a pesar de que as cifras teñen demostrado a necesidade dunha terceira. Tampouco se realizou este reforzo no período estival, a pesar de que a comarca do Barbanza experimenta un incremento notorio da poboación e que xa se ten demostrado a súa necesidade pola gran cantidade de asistencias que se producen.

Cómpre ter presente que as condicións asistenciais no Barbanza difiren das que existen nos hospitais de Santiago e da Coruña non só en termos cuantitativos, senón tamén cualitativos pois este servizo é o que realiza a asistencia a pacientes en estado crítico e/ou inestábel e tamén quen realiza os traslados interhospitalarios de pacientes críticos que requiran asistencia no hospital de referencia. Nestes dous casos, o servizo de Urxencias intervén sobre pacientes non só que se atopen nese servizo, senón tamén sobre calquera paciente que se atope ingresado no centro, independentemente do servizo responsábel, que precise desa estabilización ou traslado ao CHUS. Ademais, atendendo a que outros servizos non realizan garda de presenza física no centro, como pode ser o caso de Traumatoloxía, Pediatría, Cirurxía Xeral ou Radioloxía, é o servizo de Urxencias quen ten que asumir estas doentes en primeira instancia.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a atender a demanda realizada polo persoal médico das Urgencias do Hospital do Barbanza, realizando de xeito inmediato as contratacións que sexan precisas para paliar o déficit de persoal que vén padecendo.”

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 24/01/2023 16:21:13

Iria Carreira Pazos na data 24/01/2023 16:21:17

Rosana Pérez Fernández na data 24/01/2023 16:21:26





Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Sandra Vázquez Domínguez, Ovidio Rodeiro Tato, Teresa Egerique Mosquera, Carlos Gómez Salgado, Moisés Rodríguez Pérez, José Luis Ferro Iglesias, Elena Suárez Sarmiento e Felisa Rodríguez Carrera** ao abeiro do disposto nos artigos 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos:

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística de Galicia é a norma legal que establece o galego como a lingua propia de Galicia. Este texto, que cumpre catro décadas de vixencia este ano, foi clave para avanzar na preservación e o desenvolvemento do galego.

A lingua é esencial para explicar a identidade dos colectivos humanos. É o medio a través do que unha comunidade se expresa, se comunica e se representa a si mesma. Despois de décadas de marxinación política, a Lei de Normalización Lingüística, tivo como obxectivo fundamental devolver os usos normais do galego. Como indica o propio texto:

A Constitución de 1978, ó recoñece-los nosos dereitos autonómicos como nacionalidade histórica, fixo posible a posta en marcha dun esforzo constructivo encamiñado á plena recuperación da nosa personalidade colectiva e da súa potencialidade creadora.

Este marco legal asegurou a conservación e o impulso do galego como un elemento fundamental da identidade e a cultura de Galicia despois de anos de marxinación.





Desde a súa entrada en vigor, a Lei de Normalización Lingüística encárgase de protexer o uso do galego en todos os ámbitos da sociedade incluíndo a educación, a administración, os medios de comunicación ou o ámbito empresarial. Por primeira vez, en democracia, os poderes públicos de Galicia deberían garantir o cumprimento da lei, adoptando as medidas oportunas para que ninguén sexa discriminado por razón de lingua.

Coincidindo coas súas catro décadas de vida é de interese facer balance de todo o conseguido nestes anos e, tamén, reflexionar sobre os retos actuais para garantir a presenza do galego en todos os ámbitos.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a elaborar unha programación especial para conmemorar o 40 aniversario da Lei de Normalización Lingüística”.

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2023.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 24/01/2023 18:21:09

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 48230
Data envío: 24/01/2023 18:31:00.410

Sandra Vázquez Domínguez na data 24/01/2023 18:21:23

Ovidio Rodeiro Tato na data 24/01/2023 18:21:34

Teresa Egerique Mosquera na data 24/01/2023 18:21:46

Gómez Salgado, Carlos na data 24/01/2023 18:21:58

Rodríguez Pérez, Moisés na data 24/01/2023 18:22:08

María Felisa Rodríguez Carrera na data 24/01/2023 18:22:18

María Elena Suárez Sarmiento na data 24/01/2023 18:22:34

José Luis Ferro Iglesias na data 24/01/2023 18:23:03

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-dofHwYTuA-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Noa Presas Bergantiños** e **Olalla Rodil Fernández** e deputado **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre os prazos e evolución das obras do CAPD despois de que a falta de vontade da Xunta atrasara máis de seis anos as datas comprometidas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde hai anos, Ourense vén reclamando a construción dun centro de atención con diversidade funcional público e de xestión pública que dea cobertura ás comarcas da zona de Ourense, toda vez que é o caso do que se considera administrativamente como provincia que non ten un centro similar.

Así as cousas, desde hai anos a Plataforma Procapd Ourense demanda un centro deste tipo, que integre centro residencial, centro de día e de respiro familiar. A reivindicación vén de lonxe e son numerosas as manifestacións e mobilizacións sociais que se teñen realizado. Tamén numerosas son as iniciativas en concellos, na deputación de Ourense ou no Parlamento Galego ao respecto. De forma concreta, cómpre recordar como durante a campaña electoral das eleccións ao Parlamento Galego do anos 2026, as e os candidatos por Ourense comprometeron coa súa sinatura que no caso de gobernaren as súas forzas políticas cumprirían esa débeda.

Porén, desde entón o goberno da Xunta de Galiza só fixo incumprir as súas promesas. Primeiro, demorouse o proxecto e desenvolveuse un que non atinxía todas as





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

demandas. Despois, demoráronse orzamentos. Así mesmo, o Partido Popular obstaculizou no Concello de Ourense os avances precisos canto aos trámites municipais.

No 2022, cando as obras tiñan que ser unha realidade, levaban seis meses paralizadas ata que o goberno galego recoñeceu en sede parlamentaria ante o BNG ter a situación bloqueada polo impacto da crise de prezos. Despois da insistencia das familias houbo un novo proceso de contratación que obtivo no outono de 2022 a empresa COPASA. Porén, en xaneiro de 2023 descoñécese a reprogramación desta obra máis alá de vaguidades e dunha nova promesa para 2024.

O 16 de xaneiro de 2023 o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego recibía unha resposta por escrito á pregunta número 36923, sobre “os novos prazos previstos para a nova adxudicación da construción do centro terapéutico ocupacional público e de xestión pública de Ourense” na que, unha vez máis, a Xunta non clarificaba nin os termos da reprogramación das datas nin o tipo de xestión.

Así mesmo, as familias están a denunciar novamente a falta de transparencia e de concreción e que as obras non están a avanzar.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Encargar un informe independente no que se avalíen as motivacións do atraso e a súa responsabilidade, de forma que se esclareza se é imputable ao organismo contratante ou á empresa responsable.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Remitir á Cámara e ás familias un calendario detallado da reprogramación da obra e reunirse coas mesmas de forma bimensual para informar do seu seguimento e evolución.

3. Comprometer que o modelo de xestión será integramente público, sen recorrer a subterfuxios que impliquen a súa privatización ou concertación. Desta maneira, o goberno galego comprometerase a realizar as actuacións orzamentarias precisas para garantir a súa xestión pública directa a través da contratación de persoal público, disponibilizando os fondos precisos para pór en funcionamento de o servizo público directo.”

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2023

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 25/01/2023 09:18:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 25/01/2023 09:19:00

Noa Presas Bergantiños na data 25/01/2023 09:19:09



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A Consellería de Promoción do Emprego impulsou o Programa Impacto Autónomo, centrado en axudar ás persoas autónomas ante o incremento de custos e dos prezos das materias primas. Mediante a Orde do 28 de decembro de 2022 establecéronse as bases reguladoras deste programa de impacto autónomo, abríndose o prazo de presentación de solicitude o 9 de xaneiro de 2023.

Moitas das mariscadoras, pertencentes a Asociación Mulleres Salgada, quixeron optar a esta subvención, pero finalmente non se puideron beneficiar das axudas por non cumprir un dos requisitos: non acadar o mínimo de 10.000 € de rendementos netos que esixe a convocatoria.

Esta convocatoria sinalaba unha prioridade “deseñar os mecanismos necesarios para que as empresas poidan sobrevivir” e mira aos autónomos como un elemento vital para dinamizar Galicia e a manter o emprego.

Regúlanse unhas bases que deixan fóra a unha gran realidade social e que constitúe un importante motor de crecemento na nosa Comunidade Autónoma.

A gran maioría do colectivo do marisqueo a pé non pode solicitar estas axudas porque os seus ingresos no ano 2021 están por debaixo do mínimo establecido para pedilas. Rango de ingresos que penaliza e prexudica a un sector ao que, en principio, parecía ir dirixido o programa como é o das traballadoras e traballadores por conta propia no réxime dos traballadores do mar.

As rendas máis baixas son as máis prexudicadas pola subida do custe da vida e o incremento da inflación e deberían de ser as primeiras en ser atendidas e apoiadas. Non facelo así evidencia ou un gran descoñecemento da situación económica que afecta ás mulleres e homes do mar ou ao escaso interese en prover de futuro e relevo ao mundo da pesca e do marisqueo.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:



O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a articular unha nova liña de axudas dentro do Programa Impacto Autónomo con criterios que permitan que se podan acoller a elas os autónomos e autónomas do mar con menos ingresos, coa adopción de medidas preceptivas e a habilitación dun procedemento de concesión de axudas que garantan o acceso en igualdade de condicións para as persoas solicitantes.

Pazo do Parlamento, 24 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 25/01/2023 11:14:39

Julio Torrado Quintela na data 25/01/2023 11:14:56

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 25/01/2023 11:15:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Luis Bará Torres** e deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre o cumprimento da Lei de Memoria Democrática no estadio de O Couto en Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O día 2 de maio de 2022 acordouse a adxudicación á UTE Estadio O Couto - integrada polas empresas Proyectos y Contratas Covelo, SL-Actividades, Construcciones y Voladuras, SL -das obras de reforma e mellora do estadio do Couto en Ourense, sendo o de 1.491.103,40 €, máis IVE, e o prazo de execución de 7 meses.

A obra de reforma -necesaria e comprometida dende hai varias décadas-, consiste esencialmente na reparación e rehabilitación estrutural do estadio e na renovación dos seus elementos funcionais, atopándose actualmente e a pesares do tempo acordado e transcorrido, en fase de execución.

A realización dos traballos contratados permitiu descubrir nun lugar preeminente do estadio unha placa co símbolo da Organización Nacional Sindicalista, sindicato vertical, que agrupaba a traballadores e a empresarios, sendo o único permitido durante a ditadura, en base a promulgación do Fuero del Trabajo. Instrumento “asociativo” propio da ditadura dependente da Secretaría General del Movimiento e do aparato franquista en xeral.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ao abeiro da lei 20/22, de 19 de outubro, de Memoria Democrática as insignias, escudos e placas apegadas a edificios públicos nas que se realicen mencións, exaltacións ou recoñecementos a organizacións que sustentaron a ditadura franquista son consideradas contrarias á memoria democrática, correspondendo a retirada do elemento á administración titular da edificación no que se atopen.

Como queira que a Xunta de Galiza no canto de proceder á retirada do referido símbolo de exaltación e recoñecemento dunha organización propia da ditadura franquista e contraria a lei de memoria democrática, procedeu á súa rehabilitación e valorización, situándoa entre o logo de grandes dimensións da propia Xunta de Galiza e o de “Deporte Galego”, dende o BNG vimos solicitar se proceda a dar cumprimento ao disposto ao ordenado la Lei 20/22 de memoria democrática e á retirada do estadio de O Couto da simbología de todo tipo que sexa representativa de organizacións ou unidades civís ou militares que apoiaron ou sustentaron a ditadura franquista, nomeadamente a insignia do sindicato vertical.

E por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza á inmediata retirada da simbología contraria á Lei de Memoria Democrática existente no Estadio do Couto de Ourense.”

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2023





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Noa Presas Bergantiños

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 25/01/2023 10:59:38

Noa Presas Bergantiños na data 25/01/2023 10:59:43

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 25/01/2023 11:00:10





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Noa Presas Bergantiños** e **Rosana Pérez Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a valoración por parte da Xunta de Galiza da ralentización da actividade económica en Galiza e ás medidas que debe impulsar para corrixir as eivas da súa política económica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na actualidade, o contexto económico mundial vén marcado por factores de enorme incerteza e inestabilidade, como a permanencia de altas taxas de inflación nas principais economías do planeta, a suba de tipos de xuros dos bancos centrais, a prolongación da guerra de Ucraína, grandes tensións xeopolíticas como a de Estados Unidos e China e guerras máis ou menos soterradas polo control dos recursos enerxéticos nun contexto de cambio de paradigma. Múltiples factores que deixan un escenario de clara ralentización das principais economías, tamén a española e a galega.

No Estado español, a finais de ano o Banco de España actualizaba as proxeccións macroeconómicas para rebaixar as de 2023. Así mesmo, aínda que reducía a posibilidade dunha recesión técnica, non a descartaba. Posteriormente, outros organismos como a AIREF ou o propio FMI, que a daban por certa, puxeron en pausa esta hipótese, mais que o barranco non acabe de derrubarse non quere dicir nin que o chan que pisamos sexa firme nin que non estea cheo de socavóns. Todos os indicadores apuntan a que 2023 (especialmente, no primeiro semestre) será un ano de desaceleración da economía. A incógnita é a intensidade mais, con toda seguridade, este





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

freo económico provocará que o Estado español siga a ser un dos tres da eurozona incapaces de acadar os niveis de produción anteriores a pandemia.

No estado español ademais, hai unha serie de déficits estruturais que agravan a situación. Por exemplo, un endebedamento público brutal: A débeda pública española está en máximos históricos: supera os 1,5 billóns de euros e que representa un 116% do PIB.

A situación galega vén de ser avaliada recentemente por un novo informe do Foro Económico de Galiza dado a coñecer o 24 de xaneiro de 2023 onde advirte de que a economía galega frea a súa actividade económica. A través deste informe, o Foro sinala cuestións preocupantes como que o PIB galego se ralentiza significativamente no terceiro trimestre apuntando que os diferentes agregados presentan unha peor evolución que no conxunto do Estado, que o sector primario e a industria amosan unha contracción da produción e que se as principais economías europeas presentan taxas positivas de crecemento, esa taxa de crecemento é cero en Galiza. Apunta, así mesmo, a que a ralentización na economía está a supoñer tamén unha ralentización no mercado laboral e sinala cuestións como que o emprego baixa na industria e no sector primario, nos autónomos e asalariados públicos e entre persoas con estudos secundarios e idades entre os 35 e 45 anos. Así mesmo, é preciso salientar que a creación de emprego é maior no Estado español do que no noso país, que segue a manterse entre as CC.AA. con taxas de ocupación máis reducidas.

A crise en Galiza está agravada por dous factores: a falta de soberanía política e económica e a falta de medidas efectivas por parte do goberno do Partido Popular. Así, Galiza arrastra unha inflación superior, unha preocupante evolución da inflación subxacente e unha menor capacidade de resistencia das maiorías sociais toda vez que os salarios e pensións son máis baixos, entre outros factores.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Impulsar, ao abeiro do Consello Económico e Social, dunha mesa de seguimento e actuación ante o impacto da crise de prezos que avalíe a situación actual e as necesidades dos diferentes ámbitos sociais e económicos. Dita mesa remitirá ao Parlamento Galego unha proposta de medidas para a súa posta en común, debate e aprobación

2. Impulsar, a través dun proceso de diálogo cos axentes sociais e co tecido innovador e universitario do país, medidas de reorientación do modelo económico entre as que se inclúan: un Plan de Fomento da actividade tecnolóxica e industrial co obxectivo de elevar a participación da sector industrial no PIB de Galiza até o 25% no horizonte 2030 e un pacto galego pola ciencia que comprometa o incremento, progresivo, do investimento en I+D+i até o situar no 2,5% do PIB.

3. Impulsar, a través dun proceso de diálogo cos axentes sociais e co terceiro sector, o incremento das prestacións sociais conforme ao incremento do IPC.”

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Rosana Pérez Fernández

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 25/01/2023 12:15:35

Noa Presas Bergantiños na data 25/01/2023 12:15:49

Rosana Pérez Fernández na data 25/01/2023 12:15:58





A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa das deputadas e deputados, **Ana Belén García Vidal, Paula Prado del Río, José Manuel Rey Varela, Marisol Díaz Mouteira, Felisa Rodríguez Carrera, Alberto Pazos Couñago e Noelia Pérez López**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A lei Orgánica 2/1986, de 13 de marzo, de Forzas e Corps de Seguridade, atribúe á Policía Nacional a expedición e xestión do documento nacional de identidade e dos pasaportes.

As unidades de Estranxería e Documentación teñen competencias en materia de expedición de documentación de residentes nacionais, así como os relacionados con permisos de residencia e de estranxeiros.

Dado que as comisarías de policía non cobren as necesidades existentes, creáronse unidades en diferentes poboacións que por ser ubicacións estratéxicas ou cabeceiras de comarca, xustifican a súa instalación.

Algúns concellos, coma Noia, reciben periodicamente a visita dun equipo itinerante da Policía Nacional para a expedición e renovación do DNI, pero non se poden realizar outros trámites coma a expedición do pasaporte, a actualización dos certificados dixitais do DNI ou trámites relacionados con documentación de estranxería.

No caso do Concello de Noia, cabeceira de comarca, os veciños vense obrigados a trasladarse a Santiago de Compostela ou a Ribeira para realizar un trámite como pode ser a expedición do pasaporte.

Hai que ter e conta que en Noia residen numerosas persoas doutras nacionalidades, que tamén teñen que acudir a Santiago ou Ribeira cando teñen que renovar as súas tarxetas de residencia.

Consciente desta situación, o Alcalde de Noia, tras reunirse con representantes do Sindicato Unificado da Policía Nacional, xa ten solicitado ao Ministerio do Interior unha unidade de Estranxería.

A creación dunha unidade de estranxería en Noia posibilitaría a tramitación e renovación do DNI electrónico, pasaporte e outros servizos de estranxería, evitando así





ter que desprazarse a Santiago de Compostela ou a Ribeira. Ofeceríase así, un servizo de proximidade aos veciños, non só aos de Noia, senón tamén aos concellos limítrofes, coma Lousame ou Outes.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que se dirixa ao Goberno de España para a creación dunha unidade de estranxería no Concello de Noia, que facilite os procedementos para a obtención de documentación persoal, tanto dos cidadáns españois coma dos estranxeiros”.

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 25/01/2023 11:50:23

Ana Belén García Vidal na data 25/01/2023 11:50:38

Paula Prado del Río na data 25/01/2023 11:50:49

José Manuel Rey Varela na data 25/01/2023 11:51:02

María Sol Díaz Mouteira na data 25/01/2023 11:51:15

María Felisa Rodríguez Carrera na data 25/01/2023 11:51:27

José Alberto Pazos Couñago na data 25/01/2023 11:51:38

Noelia Pérez López na data 25/01/2023 11:51:50





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Alberto Pazos Couñago**, **Corina Porro Martínez**, **Encarna Amigo Díaz**, **Noelia Pérez López**, **Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez**, **Rosalía López Sánchez** e **Elena Suárez Sarmiento**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O Consello de Ministros aprobou o pasado 13 de decembro de 2022 o anteproxecto de Lei de Familias, deseñada polo Ministerio de Dereitos Sociais e negociada durante meses con varios ministerios.

A norma que a ministra de Dereitos Sociais presentou ao resto dos departamentos en decembro de 2021, foi aprobada con retraso polos choques que se produciron no seno do Goberno de coalición polas medidas que incluía.

Cando se acordou o eu aprazamentos, a ministra tachou de incomprensibles os argumentarios da parte socialista do Goberno para retrasar a aprobación dun dos proxectos estrela do seu departamento e apelou ao consenso e á unidade para protexer ás familias.

Segundo a ministra de Dereitos Sociais e Axenda 2030, esta norma da resposta aos problemas de conciliación e ven a remediar carencias históricas e reforzar a protección de todas as familias.

O anteproxecto de Lei de Familias do Goberno central incumpe os principais compromisos que no seu día anunciou o propio Goberno central:





En primeiro lugar, o Executivo prometeu ampliar os permisos de maternidade e paternidade das 16 semanas actuais ás 24 semanas e non se recolle no anteproxecto de Lei ningún tipo de ampliación.

En segundo lugar, asegurou unha nova renda universal pola crianza de fillos ata os 3 anos, pero a lei só inclúe unha ampliación da prestación de 100 euros mensuais ás nais traballadoras, algo que xa existe desde hai moitos anos.

É dicir, non se trata dunha nova renda, porque a maioría das familias xa a viñan percibindo e algunhas nais, por non ter nada cotizado, seguirán sen cobrala.

Polo tanto, esa universalidade que tanto pregoaban na Moncloa, non está plasmada no anteproxecto de Lei.

En terceiro lugar, a gran promesa incumplida é que o Executivo central prometeu un permiso parental de 8 semanas para o coidado de fillos de ata 8 anos, pero polo que puidemos coñecer da normativa, en realidade trátase dun permiso non retribuído, é dicir, unha excedencia, polo que os traballadores que intenten beneficiarse deste permiso, terán que renunciar ao seu salario.

A familia é o fundamento da nosa sociedade, que xa sabemos que é diversa, ampla e respectuosa.

O exceso de etiquetas non axuda neste sentido, só confunde e busca unha división ficticia.

- Familia biparental. Formada por dos personas unidas por matrimonio o pareja de hecho y sus descendientes o menores de edad bajo su tutela.
- Familia monomarental o monoparental. Aquellas familias formadas por un solo progenitor y sus descendientes.
- Familia joven. Formada por menores de 29 años y sus descendientes.





- Familia LGTBI homomarental y homoparental. Otra vez el Ministerio patenta un nuevo término para etiquetar a las familias.
- Familia con mayores necesidades de apoyo a la crianza. Se refiere a familias numerosas y demás supuestos establecidos en la legislación vigente.
- Familia múltiple. Aquella que incluye descendientes, adopciones o acogimientos múltiples.
- Familia reconstituída. Formada por miembros que tenían hijos de relaciones anteriores.
- Familia inmigrante. En la que todos sus integrantes proceden de otro país.
- Familia transnacional. En la que alguno de sus integrantes reside fuera del país.
- Familia intercultural. Entre personas de entornos culturales o étnicos diferentes.
- Familia en el exterior. Uno de los miembros tiene la nacionalidad española durante su residencia en otro país.
- Familia retornada. Alguno de sus miembros tiene la nacionalidad tras su retorno a España después de residir en el extranjero, al menos, un año.
- Familia en situación de vulnerabilidad. En donde confluyen factores económicos o sociales en riesgo de exclusión.
- Personas unidas en matrimonio.
- Parejas de hecho.
- Personas solas.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Curiosamente, entre as 16 denominacións coas que se etiqueta ás familias, ningunha aluda ás familias numerosas porque é un concepto que desaparece.

A Federación Española de Familias Numerosas (FEFN) ven de presentar ao Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 un documento de alegacións ao anteproxecto de Lei de Familias en relación con diversos aspectos do texto do Goberno, en especial, con respecto á eliminación do concepto de familia numerosa e a creación dunha nova denominación de “Familias necesitadas dun apoio especial na crianza” na que se incluírán as numerosas e outras familias en circunstancias especiais.

A FEFN pediu ao Goberno que manteña o recoñecemento e dereitos das familias numerosas coa súa actual denominación, recollida e protexida pola Lei 40/2003 de protección ás familias numerosas, e se outorgue tamén a protección a outras familias, como as monoparentais e outras “familias con necesidades especiais de apoio á crianza”, pero cunha denominación e un marco regulatorio propio, con medidas adaptadas as súas necesidades, diferentes das familias numerosas.

No documento de alegacións enviado ao Goberno tamén recolle que as familias numerosas non se vexan en situación de desvantaxe no acceso a bens sociais e económicos por ter máis fillos, e por elo piden que, á hora de establecer límites de ingresos e contía das axudas, se teña en conta a todos os fillos.

Actualmente, algunhas das axudas como o Ingreso Mínimo Vital ou o Complemento de infancia non teñen en conta, á hora de establecer o limiar de ingresos para acceder ás axudas, o cómputo do cuarto fillo e seguintes.





Polo tanto, segundo a FEFN, se debería corrixir esta situación para evitar desvantaxe polo número de fillos no acceso ás axudas públicas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que se dirixa ao Goberno de España para manter o recoñecemento e dereitos das familias numerosas coa súa actual denominación, recollida e protexida pola Lei 40/2003 de protección ás familias numerosas, e que non se vexan en situación de desvantaxe no acceso a bens social e económicos”

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 25/01/2023 12:05:01

José Alberto Pazos Couñago na data 25/01/2023 12:05:17

María Corina Porro Martínez na data 25/01/2023 12:05:29

María Encarnación Amigo Díaz na data 25/01/2023 12:05:41

Noelia Pérez López na data 25/01/2023 12:05:54

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 25/01/2023 12:06:10

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2023 12:32:31
Nº Rexistro: 48274
Data envío: 25/01/2023 12:32:31.285

López Sánchez, Rosalía na data 25/01/2023 12:06:21

María Elena Suárez Sarmiento na data 25/01/2023 12:06:31

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Alberto Pazos Couñago**, **Corina Porro Martínez**, **Encarna Amigo Díaz**, **Noelia Pérez López**, **Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez**, **Rosalía López Sánchez** e **Elena Suárez Sarmiento**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O Consello de Ministros aprobou o pasado 13 de decembro de 2022 o anteproxecto de Lei de Familias, deseñada polo Ministerio de Dereitos Sociais e negociada durante meses con varios ministerios. A norma que a ministra de Dereitos Sociais presentou ao resto dos departamentos en decembro de 2021, foi aprobada con retraso polos choques que se produciron no seno do Goberno de coalición polas medidas que incluía.

Cando se acordou o eu aprazamentos, a ministra tachou de incomprensibles os argumentarios da parte socialista do Goberno para retrasar a aprobación dun dos proxectos estrela do seu departamento e apelou ao consenso e á unidade para protexer ás familias.

Segundo a ministra de Dereitos Sociais e Axenda 2030, esta norma da resposta aos problemas de conciliación e ven a remediar carencias históricas e reforzar a protección de todas as familias.

O anteproxecto de Lei de Familias do Goberno central incumpe os principais compromisos que no seu día anunciou o propio Goberno central:





En primeiro lugar, o Executivo prometeu ampliar os permisos de maternidade e paternidade das 16 semanas actuais ás 24 semanas e non se recolle no anteproxecto de Lei ningún tipo de ampliación.

En segundo lugar, asegurou unha nova renda universal pola crianza de fillos ata os 3 anos, pero a lei só inclúe unha ampliación da prestación de 100 euros mensuais ás nais traballadoras, algo que xa existe desde hai moitos anos. É dicir, non se trata dunha nova renda, porque a maioría das familias xa a viñan percibindo e algunhas nais, por non ter nada cotizado, seguirán sen cobrala. Polo tanto, esa universalidade que tanto pregoaban na Moncloa, non está plasmada no anteproxecto de Lei.

En terceiro lugar, a gran promesa inclumprida é que o Executivo central prometeu un permiso parental de 8 semanas para o coidado de fillos de ata 8 anos, pero polo que puidemos coñecer da normativo, en realidade trátase dun permiso non retribuído, é dicir, unha excedencia, polo que os traballadores que intenten beneficiarse deste permiso, terán que renunciar ao seu salario.

Tampouco aparece no anteproxecto de lei ningún avance nun aspecto fundamental para as familias como é a primeira etapa educativa para os seus fillos e fillas.

A Lei de Familias establece que a educación de 0 a 3 anos sexa un dereito garantido, pero sen aportar ningún recurso e sin ter en conta que en Galicia xa é gratuíta para todos os nenos e no 100% das escolas infantís.

Galicia é a única Comunidade Autónoma que garante o dereito da atención educativa gratuíta de 0 a 3 anos e puxo en marcha a gratuidade de escolas infantís e este curso máis de 31.000 nenos de 0 a 3 anos están a ir de xeito gratuíto a un centro, independentemente da súa titularidade.

Preocúpanos que o Goberno central non destine nin pretenda destinar un só euro a esta etapa tan importante para os nenos e para as familias.





Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que solicite ao Goberno de España, a destinar os recursos necesarios para que a educación de 0 a 3 anos sexa un dereito garantido en todas as Comunidades Autónomas”.

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 25/01/2023 12:14:40

José Alberto Pazos Couñago na data 25/01/2023 12:15:02

María Corina Porro Martínez na data 25/01/2023 12:15:15

María Encarnación Amigo Díaz na data 25/01/2023 12:15:27

Noelia Pérez López na data 25/01/2023 12:15:44

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 25/01/2023 12:16:00

López Sánchez, Rosalía na data 25/01/2023 12:16:12

María Elena Suárez Sarmiento na data 25/01/2023 12:16:23

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres** e da deputada **Rosana Pérez Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre o protocolo de desaugamento de encoros.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As fortes chuvias das últimas semanas provocaron importantes alteracións da salinidade das augas do mar, con unha elevada incidencia nos bancos marisqueiros. Esta afectación vise agravada polo desaugamento dos encoros, motivada polos intereses das empresas hidroléctricas e por outras razóns.

Esta liberación descontrolada de auga dóce non só ten consecuencias na salinidade das augas e nos bancos marisqueiros. Tamén se producen arrastres de sedimentos que poden ter impactos ambientais e na actividade produtiva. E ademais pode aumentar o risco de desbordamento de ríos e agravar o impacto das riadas.

A falta de regulamento de desaugamento de encoros constitúe un grave problema. A aprobación dun protocolo de desaugamento é unha demanda histórica de diversos colectivos, reiterada nos pasados días por parte de entidades da ría de Arousa. Entre outros argumentos, a Plataforma en Defensa da Ría de Arousa salientou a incidencia negativa dos desaugamentos cando está a marea baixa,

Malia as demandas neste sentido, Augas de Galicia segue sen aprobar esta norma, que sería de aplicación nos encoros da súa xurisdición, situados en ríos que desaugan nas principais rías galegas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta o goberno galego a

1. Realizar un estudo sobre a incidencia do desaugamento de encoros na biodiversidade, na calidade ambiental e na actividade produtiva das rías.

2. Aprobar un protocolo de desaugamento de encoros da súa competencia, que prime a calidade ambiental e a actividade produtiva das rías.”

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 25/01/2023 13:18:36

Xosé Luis Bará Torres na data 25/01/2023 13:18:48





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a resolución das axudas a entidades sociais con cargo ao 0,7% do IRPF.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 8 de setembro de 2022 a Xunta de Galiza publicou a orde de convocatoria das axudas destinada a impulsar programas de carácter social por un importe de 19,1 millóns de euros.

Na propia orde fíxase o prazo máximo para a resolución da convocatoria (artigo 15) establecendo un máximo de tres meses desde a súa publicación tanto para resolver como para notificar as axudas. Ademais, engade, “se transcorre o dito prazo sen que se dite resolución expresa, poderá entenderse desestimada a solicitude por silencio administrativo”.

Porén, entidades sociais que concorreron á convocatoria continúan agardando, no momento de redixir esta iniciativa, a que a Xunta de Galiza resolva e notifique.

Cómpre lembrar que as axudas convocada ao abeiro do 0,7% do IRPF van dirixidas a sufragar gastos correntes das entidades sociais, investimentos en obras, equipamento, rehabilitación ou adquisición de vehículos. Así pois, supoñen un elemento importante para o funcionamento das entidades sociais beneficiarias que, en moitos casos, traballan ademais con colectivos sociais vulnerábeis.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a resolver e notificar de maneira inmediata a orde de axudas dirixidas a entidades sociais con cargo ao IRPF e a adoptar as medidas que correspondan para impedir que un retraso así poida volver acontecer pois supón, ademais dun enorme prexuízo para as entidades sociais, un incumprimento das obrigas administrativas.”

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 25/01/2023 13:53:34

María Montserrat Prado Cores na data 25/01/2023 13:53:43





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 25/01/2023 13:53:52





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres** e da deputada **Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a mellora da execución orzamentaria do programa de Planificación e xestión hidrolóxica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A xestión orzamentaria da partida de “Planificación e xestión hidrolóxica” pode cualificarse como moi deficiente. Se temos en conta os datos de execución orzamentaria de 2021 podemos salientar os seguintes datos:

-O nivel de execución é do 60%, un dos máis baixos entre o conxunto dos programas en que se estrutura o orzamento da Xunta.

-A partida de “Planificación e xestión hidrolóxica” viuse reducida en 11,4 millóns de euros, de 68,9 a 57,4 millóns de euros.

Esta situación vense repetindo nos últimos anos, o que pon de relevo a falta de planificación e a incapacidade de xestión da administración hidráulica galega. E supón a perda de recursos millonarios que son imprescindíbeis para levar a cabo investimentos que precisa o país e os concellos.

Chama a atención que a Xunta estableza cada vez máis obrigas de investimentos aos concellos e que pola contra non aprobe un plan extraordinario de obras e de cooperación no financiamento das actuacións das entidades locais. E tamén resulta moi rechamante que por parte de Augas de Galicia se aproben actuacións en materia de saneamento e abastecemento de maneira arbitraria, sen criterios obxectivos de reparto, especialmente no caso de concellos de menor poboación e que están situados fóra do





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ámbito das rías. Cómpre ter en conta que no ámbito das rías concéntrase unha parte importante dos investimentos pola súa relevancia ambiental, económica e produtiva, polas esixencias da normativa comunitaria e polos expedientes sancionadores abertos.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta a:

1. Mellorar a planificación, a xestión e a execución do programa de “Planificación e xestión hidrolóxica”.
2. Elaborar un plan de infraestruturas hidráulicas de abastecemento e saneamento que siga criterios de sustentabilidade, eficiencia, circularidade, solucións baseadas na natureza e mellora de redes, e que teña en conta as actuacións derivadas das obrigas establecidas na lei de garantía de abastecemento e na lei de mellora do ciclo integral da auga.
3. Crear un fondo extraordinario plurianual, dotado con 20 millóns de euros/ano, para financiar novas actuacións en colaboración cos concellos seleccionadas con criterios obxectivos.”

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 25/01/2023 16:30:03

Alexandra Fernández Gómez na data 25/01/2023 16:30:07





A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **José Luis Ferro Iglesias, Paula Prado del Río, Sandra Vázquez Domínguez, Fernando Pérez Domínguez, Guadalupe Murillo Solís, Manuel Santos Costa e Cristina Sanz Arias**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O sector das autoescolas está a verse afectado pola suba de prezos no ámbito dos combustibles, especialmente tras a decisión do Goberno de Pedro Sánchez de eliminar a bonificación de 20 céntimos que, de xeito automático e xeneralizado, se aplicaba nas estacións de servizo á hora de encher o depósito.

As autoescolas forman parte do ámbito da ensinanza e, polo tanto, na actualidade non teñen acceso ás axudas habilitadas pola Administración central e das que se beneficia o sector do transporte co obxecto compensar a suba dos combustibles.

As autoescolas, do mesmo xeito que o taxi ou o transporte de viaxeiros e mercadorías, necesitan utilizar vehículos para poder exercer a súa actividade. Por iso, o combustible representa unha elevada porcentaxe da súa estrutura de custos. Co agravante de que, ademais, tamén deben facer fronte aos altos prezos da enerxía e das subministracións.

Ademais, as autoescolas non teñen sinxelo trasladar ao seu alumnado a curto prazo o incremento do custo dos servizos xa que, de conformidade coa normativa vixente, débese subscribir con cada un deles un contrato de ensino, no cal se fixa o prezo ao que se deberá pagar as clases das prácticas de condución, sen posibilidade de alteración unilateral por parte da autoescola, e moito menos, en función da flutuación do prezo do combustible.

Con todo, a longo prazo, si parece imprescindible evitar que este prexuízo económico acabe trasladándose aos novos demandantes destes servizos e merece polo tanto un apoio decidido por parte da Administración, por ser este un sector crucial para a mobilidade, especialmente, dentro do ámbito rural de Galicia e, polo tanto, cómpre establecer medidas de apoio equivalentes ás que xa existen no ámbito do transporte.

As autoescolas son un sector imprescindible para formar aos aspirantes para a obtención de permisos de condución e, ademais, a maior parte de centros de





certificados de aptitude profesional (CAP), imprescindible para converterse en condutor profesional.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que inclúa ás autoescolas entre os sectores que se benefician da extensión da bonificación extraordinaria no prezo de venda dos carburantes ou, no seu caso, a outorgarlles unha axuda análoga á concedida ás empresas de transporte por estrada”.

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 25/01/2023 16:34:15

José Luis Ferro Iglesias na data 25/01/2023 16:34:38

Paula Prado del Río na data 25/01/2023 16:34:50

Sandra Vázquez Domínguez na data 25/01/2023 16:35:07

Fernando Pérez Domínguez na data 25/01/2023 16:35:32

María Guadalupe Murillo Solís na data 25/01/2023 16:35:40

Manuel Santos Costa na data 25/01/2023 16:35:57

Cristina Sanz Arias na data 25/01/2023 16:36:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, deputados do **Ramón Fernández Alfonso** e **Manuel Lourenzo Sobral**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre as necesidades do IES Ferrol Vello do concello de Ferrol.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O IES Ferrol Vello carece desde o inicio da súa actividade como centro de educación secundaria da infraestrutura necesaria para impartir as aulas de educación física, xa que carece dun pavillón deportivo.

Este feito implica ter que desprazar ao profesorado e aos alumnos e alumnas as instalacións de FIMO para poder desenvolver alí a materia de Educación Física, con todo o que isto supón de perda de horas nos desprazamentos, agrupar as horas semanais desta materia, ademais do gasto que supón ter que contratar de xeito regular un bus para estes desprazamentos.

Desde a Comunidade Educativa do centro vense reclamando á administración educativa a construción dun ximnasio para o centro que se adecúe á lexislación vixente para poder impartir con normalidade unha materia de impartición obrigatoria.

Esta situación non é ningunha novidade e desde hai moitos anos a comunidade educativa leva reclamando que por parte das administracións con competencias nesta materia, Xunta de Galiza e Concello de Ferrol, se solventa esta cuestión.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Se non fose posíbel dotar ao centro desta nova infraestrutura no actual espazo físico que ocupa, existe unha alternativa cuxa idoneidade concita un amplo consenso que é a construción dun polideportivo no solar que ocupa a vella fábrica de xabón existente nas inmediacións do instituto.

En todo caso o necesario pavillón deportivo para o centro tamén daría servizo fóra das horas lectivas ás necesidades de dinamización deportiva do barrio e do conxunto da cidade.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a realizar as modificacións de crédito necesarias para iniciar de inmediato as obras para dotar ao IES Ferrol Vello do necesario pavillón para a práctica deportiva.”

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Deputado do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 25/01/2023 17:08:23

Ramón Fernández Alfonzo na data 25/01/2023 17:08:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Manuel Lourenzo Sobral**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre saneamento no concello de Oia e desenvolvemento dun plan de dotación de depuradoras ecolóxicas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2020 a consellaría de infraestruturas e mobilidade anunciou un proxecto piloto no concello de Oia para desenvolver un novo modelo de saneamento da auga no ámbito rural “máis eficiente, sostíbel e integrado no territorio.”

Este proxecto piloto estaría vencellado ao convenio de colaboración de Augas de Galicia coa Universidade da Coruña para desenvolver sistemas de depuración adaptados á realidade de núcleos rurais.

O obxectivo da proposta anunciada en 2020 era encontrar a mellor solución para dotar de saneamento os núcleos da zona interior do concello de Oia- Este é o caso das parroquias de Loureza e Burgueira, nas que a veciñanza non ten ningún sistema público de depuración nin existe ningunha alternativa para o baleirado das foxas sépticas pola falta de planificación e de solucións por parte do concello e da Xunta.

Na última década varios concellos galegos apostaron por infraestruturas verdes e solucións de proximidade para resolver a necesidade de saneamento en núcleos rurais de pequena poboación ou afastados das redes de saneamento e de estacións depuradoras.

As chamadas depuradoras ecolóxicas, dotadas con humidais artificiais, semellan unha alternativa viábel, experimentada con éxito en pequenos núcleos rurais en concellos como San Sadurniño, Moeche, Cedeira ou Cerdedo-Cotobade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mentres que estes concellos promoveron esta solución, non hai noticias sobre o proxecto piloto anunciado pola Xunta fai máis de dous anos para resolver a carencia de saneamento nas parroquias do interior do concello de Oia.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta á Xunta a:

1. Facer público o resultado do proxecto piloto anunciado en 2020 para desenvolver un novo modelo de saneamento no medio rural máis eficiente, sostíbel e integrado no territorio.
2. Aplicar os resultados do citado estudo e levar a cabo os proxectos de depuradoras ecolóxicas nas parroquias de Loureza e Burgueira (Oia), en coordinación co concello e coa veciñanza e en colaboración coa Confederación Hidrográfica Miño-Sil.
3. Levar a cabo, en colaboración cos concellos, un plan de dotación de depuradoras ecolóxicas en núcleos rurais que cumpran determinadas características de poboación, distancia a redes de saneamento e complexidade de dotación de redes centralizadas.”

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 25/01/2023 17:39:03

Xosé Luis Bará Torres na data 25/01/2023 17:39:13





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Carmen Aira Díaz, Montserrat Prado Cores e Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A atención primaria está a sufrir escaseza de profesionais facultativos de xeito recorrente en todo o país por falta de políticas sanitarias que frearan esta previsible e diagnosticada escaseza. Lugo non escapa a esta tendencia, neste caso tratamos a falta de pediatras na atención primaria nos concellos de Cospeito, Castro de Rei e Outeiro de Rei.

Estes concellos próximos a Lugo capital dispoñían dunha pediatra compartida estando 2 días en Castro, 2 en Cospeito e 1 en Outeiro. En total atendía 579 infantes en Outeiro, en 317 en Cospeito e 469 Castro, sumando en total 1365 criaturas, aínda que, curiosamente, ía somentes un día da semana ó concello que máis nenas e nenos ten, co cal procede pedir que polo menos tódolos concellos mencionados conte con pediatra 2 días á semana.

Nin que dicir ten que estes concellos teñen unha xoia na infancia xa que levan moitos anos con saldo vexetativo negativo e contan con gran número de persoas maiores de 65 anos, que as persoas se animen a ter descendencia é fundamental para a propia pervivencia destes concellos. Esta é única maneira de reverter a tendencia cara o envellecemento pero para isto non queda máis remedio que facilitar os servizos básicos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

necesarios para que a poboación se quede nestes concellos a pesares de que se teñan que desprazar a Lugo ou a outros lugares para traballar.

O feito de non dotar de servizos os concellos próximos a Lugo facilita o traslado da poboación destes cara a cidade sendo os propios concellos os que máis perden sen que Lugo chegue a ganar unha poboación significativa.

Tampouco nestes tempos as familias deberían verse gravadas con gastos por un servizo pediátrico que ten dereito a ter na Sanidade Pública. É a atención pediátrica en Primaria unha atención especialmente sensible que non se está atendendo de xeito adecuado por parte do goberno da Xunta

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta o goberno da Xunta de Galiza a:

- Dotar de servizo de Pediatría na Atención Primaria dos concellos de Cospeito, Castro de Rei e Outeiro de Rei tódolos días da semana e a xornada completa.

-Mellorar a atención pediátrica no concello de Outeiro de Rei co fin de igualala coa dos outros dous concellos.”

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Montserrat Prado Cores
Deputadas do G.P. do BNG
Olalla Rodil Fernández
Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 26/01/2023 09:47:13

María Montserrat Prado Cores na data 26/01/2023 09:47:18

María del Carmen Aira Díaz na data 26/01/2023 09:47:29





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Mercedes Queixas Zas** e dos deputados **Manuel Lourenzo Sobral** e **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a necesidade de contar cun plan director para a recuperación do Parque do Pasatempo á maior brevidade posíbel.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No DOG do 20 de febreiro de 2020 publícase o Decreto 23/2020 polo que se declara ben de interese cultural o Parque do Pasatempo de Betanzos. A Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia declara que integran o patrimonio artístico de Galicia «as manifestacións pictóricas, escultóricas, cinematográficas, fotográficas, musicais e das restantes artes plásticas, de especial relevancia, de interese para Galicia». E, de forma excepcional, o Parque do Pasatempo presenta como marca de identidade persoal a conxunción de boa parte delas, o que o converte nunha obra de arte senlleira, galega e universal.

Recoñécese nesta declaración como BIC que o Parque do Pasatempo, herdanza dos irmáns García Naveira, “é unha obra senlleira pola súa singularidade e fráxil polo abandono e as agresións a que estivo sometido, o que o converte nun ben vulnerable que require de maneira urxente afondar na súa protección e adecuada xestión”. A catalogación como BIC implica o deber de conservar, manter e custodiar debidamente este ben inmóbel e evitar a súa perda, destrución ou deterioración.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O abandono progresivo, as filtracións de auga ou a acción da pasarela que atravesa a estrada para comunicar ambas marxes con acceso ao parque e que está a exercer unha forte carga sobre o muro exterior reclaman unha intervención protectora de urxencia que evite a súa degradación física e mais a perda do alto valor simbólico monumental deste xardín histórico. Unha recuperación imprescindible para un conxunto artístico patrimonial desatendido até hai pouco por todas as Administracións.

O Pasatempo leva pechado desde outubro de 2018. O 9 de outubro de 2018 o BNG defendeu neste Parlamento unha proposición non de lei onde instaba a “Incluír fondos suficientes para executar a rehabilitación do Pasatempo a tres bandas, xunto co Concello e a Deputación, consonte os compromisos anunciados por todos estes gobernos”.

Dous anos máis tarde sen ningún avance no tema, o BNG defendeu unha nova iniciativa instando o goberno galego a que concretase os sucesivos anuncios para a rehabilitación do pasatempo en colaboración coas distintas administracións. Compromiso ao que se negou o goberno galego argumentando a falta dun plan director para a recuperación do Parque.

A Deputación da Coruña e mais o Concello de Betanzos contrataron finalmente a primeira fase da consolidación do parque por un importe de 525.000 euros, que está en execución. Está en redacción o plan reitor contratado pola Xunta, segundo se anunciou nunha presentación pública en Betanzos no mes de agosto en que se presentaron as liñas de traballo, pero non o plan en si, que está sen rematar.

Hai uns meses aprobouse no Pleno municipal do Concello de Betanzos unha cesión temporal á Xunta para que poida encargarse da rehabilitación. Mais no





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

orçamento da Xunta para o presente ano 2023 só aparece na memoria como parte do investimento de 1,5 millóns no Camiño Inglés, pero non aparece partida territorializada.

Para dar cumprimento á colaboración entre Administracións, cómpre que, sen máis dilación, o goberno galego se comprometa coa protección e recuperación deste ben público implicando crédito para a salvagarda desta representación da memoria do noso País inserido na cultura universal.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a rematar o antes posíbel o plan director para a recuperación do Parque do Pasatempo, despois de pasaren xa 4 anos e medio desde que este ben patrimonial está pechado polo risco de novos derrubos.

Así mesmo, insta a achegar medios económicos que contribúan a cumprir coas obrigas propias da catalogación de BIC para o Parque do Pasatempo que reverta o seu dramático estado de deterioro e o retorne ao uso e goce público.”

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 26/01/2023 10:23:06

Daniel Castro García na data 26/01/2023 10:23:15

Mercedes Queixas Zas na data 26/01/2023 10:23:28





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Mercedes Queixas Zas** e dos deputados **Manuel Lourenzo Sobral** e **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a necesidade de avanzar na aprobación do marco normativo que regule a aprendizaxe da lingua portuguesa nos centros de ensino galegos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En outubro de 2018 este Parlamento acordou por unanimidade instar a Xunta a adoptar as medidas necesarias para solicitar a admisión do noso país como membro da Comunidade dos Países de Lingua Portuguesa e a facelo efectivo antes de rematar a pasada lexislatura.

O Partido Popular rompeu este acordo de forma unilateral ao comunicar que renunciaba á súa candidatura a facer parte da CPLP como observador asociado, delegando no Estado español esta representación de Galiza.

O que fora cualificado polo Secretario xeral de política lingüística como un logro histórico que abría unha ventá de oportunidades para Galiza como parte da irmandade lusófona, rematou negándolle o goberno do PP a Galiza a participación nos foros lusófonos, impedindo a articulación dunha estratexia de país asentada na relación con Portugal.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta absoluta inacción a respecto do reforzamento dos vínculos de Galiza coa lusofonía volveuse confirmar nesta cámara na recente comparecencia do Secretario xeral de política lingüística, Sr. Valentín García, na Comisión de Educación e Cultura, para informar do desenvolvemento da Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía.

Para alén de infrinxir, máis un ano, o mandato do artigo 5º desta lei que determina a obriga de remitir o goberno un informe anual de cumprimento, a intervención do Sr. García concluíu que non hai avances en ningunha das tres áreas reguladas nesta lei: achegar a docencia do portugués á sociedade galega, a comunicación social e a acción exterior.

Definitivamente, o Goberno galego, que xa renunciara a exercer a representación de Galiza na CPLP cedendo a responsabilidade ao goberno do Estado español, renuncia de novo agora a esixirlle ao Estado que exerza esa representación delegada e renda contas das xestións realizadas e os seus avances nos vínculos coa lusofonía.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta a:

- Iniciar un proceso de diálogo cos axentes vinculados á docencia do portugués en Galiza para avanzar na elaboración do marco normativo que regule a aprendizaxe da lingua portuguesa nos centros de ensino galegos.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Regular o marco normativo necesario para determinar os criterios que permitan crear os departamentos didácticos de portugués nos institutos de educación secundaria de Galiza.

- Reforzar a acreditación da formación lingüística do profesorado co nivel B2 de portugués a través dos programas CALC e CUALE para favorecer a ampliación da oferta da docencia da lingua portuguesa nos centros de ensino galegos.”

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 26/01/2023 12:44:24

Daniel Castro García na data 26/01/2023 12:44:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 26/01/2023 12:44:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e da deputada **Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a situación da rede de abastecemento do concello de Salvaterra de Miño e posíbeis riscos sanitarios derivados da mesma.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. A rede de abastecemento de auga de Salvaterra de Miño conta con unha captación no río Tea e unha ETAP situada en Codesás, de xestión directa do concello. Existe un protocolo de control da rede de abastecemento municipal que establece as características das instalacións e as medidas sanitarias.

No río Tea existen problemas de contaminación da auga pola existencia de vertidos e mal funcionamento dos sistemas de depuración, situados augas arriba do punto de captación do concello de Salvaterra.

2. A falta de investimento na infraestrutura e a deficiente xestión da rede de abastecemento de Salvaterra provoca de maneira reiterada cortes no subministro, turbidez e mal cheiro da auga. A situación agravouse a finais de decembro, cando se produciu un gromo de gastroenterite que podería estar relacionado co consumo de auga da rede de abastecemento. O día 21 de decembro e nos días seguintes producíronse casos de vómitos e diarreas, que poderían estar vencellados ao consumo de auga da billa durante unha celebración no colexio Infante Felipe.

4. O feito de que varias persoas tivesen que ser atendidas no PAC de Pontearreas e no Hospital A. Cunqueiro produciu a conseguinte alarma social, con numerosas informacións en redes sociais e medios de comunicación. En resposta a estes feitos, o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

28 de decembro o concello fixo pública unha nota informativa na que se sinalaba que “Saúde Pública confirma que nas mostras das persoas con diarrea detectouse norovirus” e se engadía que se estaba facendo un seguimento continuo con Sanidade e un estudo de vínculo epidemiolóxico con enquisas e probas de microbioloxía. E sinalábase que “nesa altura non se podía asociar o gromo co consumo de auga e continuábase cos estudos”.

Nese mesmo día 28 confirmáronse casos con bacterias *Campylobacter* e *E coli*.

Nos días seguintes seguíronse producindo episodios de cheiros, turbidez e cortes no subministro e o concello fixo público un comunicado no que se recomendaba non consumir auga da rede municipal. Nos días posteriores fixéronse públicos bandos relativos ao restablecemento do servizo e ao estado da auga.

5. Cómpre ter en conta a normativa sobre os criterios sanitarios de calidade da auga, que está regulada polo RD 140/2003, que foi derogada polo RD 3/2023, do 10 de xaneiro, polo que se establecen os criterios técnico-sanitarios da calidade da auga de consumo, o seu control e subministro.

No tocante ás medidas para garantir o abastecemento e a calidade da auga en situacións de risco sanitario, están reguladas pola lei de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario.

Da análise dos feitos sinalados con anterioridade poden derivarse posíbeis incumprimentos da normativa vixente, así como un déficit de información e transparencia, por parte do concello e tamén por parte do departamento de Saúde Pública da Xunta.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Facer un informe sobre o estado da rede de abastecemento do concello de Salvaterra de Miño e sobre os posíbeis riscos sanitarios derivados das deficiencias da mesma.

2. Dar a coñecer os resultados do estudo epidemiolóxico con enquisas e probas de microbioloxía que se realizaron en Salvaterra como consecuencia do gromo de gastroenterite, e sobre as posíbeis causas do mesmo.

3. Informar ao parlamento e á opinión pública sobre o cumprimento polo concello de Salvaterra de Miño da normativa estatal sobre calidade da auga de consumo humano e da normativa autonómica sobre situacións de risco sanitario.”

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 26/01/2023 13:07:29

Alexandra Fernández Gómez na data 26/01/2023 13:07:47



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Patricia Otero Rodríguez, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Dende un primeiro momento o PSdeG manifestou o seu rexeitamento á supresión da área sanitaria da Mariña lucense. Fronte a esta decisión da Xunta de Galicia tamén se teñen manifestado en numerosas ocasións, ao longo destes anos e dende o momento en que se coñeceron as intencións da Xunta de Galicia: a veciñanza da Mariña, profesionais sanitarios da comarca, asociacións, sindicatos, partidos políticos ...

Esta decisión unilateral do Goberno autonómico do Partido Popular, que se materializou no ano 2018 coa supresión da área sanitaria da Mariña, provocou a centralización dos recursos na capital da provincia, con perda de servizos no Hospital da Mariña e aumentando as derivacións cara ao HULA.

Entre outros retrocesos, recortes e perdas de servizos que sufriu o Hospital da Mariña coa supresión da área sanitaria propia da Mariña son:

- Listas de agarda de ata 2 e 3 anos en distintas especialidades: cardioloxía, traumatoloxía, uroloxía, reumatoloxía...
- Derivacións a Lugo para probas como radiografías panorámicas dentais, densiometrías, electromiografías, ou intervencións de varices ou implantación de marcapasos, entre outras.
- Carencia de servizos básicos como unha consulta de cirurxía vascular, terapia ocupacional ou fisioterapia respiratoria infantil.
- En saúde mental carécese de unidade de prevención de suicidios, hospital de día infantoxuvenil ou unidade de agudos, que si se tería de contar con área sanitaria propia.
- Segue sen haber logopeda no servizo público, tendo que acudir a centros privados.

Polo tanto, a realidade é que a supresión da área sanitaria o que trouxo foi que se perderan servizos no Hospital da Mariña e que a día de hoxe no se trate dun hospital autónomo senón que depende totalmente do hospital de Lugo.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:



1. Recuperar a área sanitaria propia da Mariña para evitar a perda de servizos asistenciais e de emprego.
2. Levar adiante un plan extraordinario de reforzo de persoal para recuperar servizos que hoxe, pola súa dependencia de Lugo non están sendo eficientes no hospital da Mariña.

Pazo do Parlamento, 26 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 26/01/2023 13:41:42

Julio Torrado Quintela na data 26/01/2023 13:41:58

Marina Ortega Otero na data 26/01/2023 13:42:10

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 26/01/2023 13:42:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Daniel Castro García, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a necesidade que o goberno galego envíe a documentación solicitada en tempo e forma.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A transparencia é unha das principais características que debe ter un goberno democrático. Esta é necesaria para que a cidadanía poida saber cal é o labor desenvolvido polo seu goberno e para que os representantes da cidadanía poidan facer a importante encomenda de control do mesmo.

É por iso que existe a fórmula da solicitude de información a través do denominado “artigo 9”, pola cal os deputados e deputadas teñen o dereito de solicitar información ás diferentes áreas de goberno para poder facer un bo traballo de control. Segundo o que di o propio artigo 9, os documentos solicitados teñen a obriga de ser entregados nun tempo inferior a 30 días hábiles, mais isto é algo que case nunca ocorre.

A pouca transparencia do goberno do Partido Popular chegou a límites de non resposta do 75% dos documentos solicitados polo BNG, algo que non se debe permitir nun goberno democrático, mais alén da elevada porcentaxe tamén cabe destacar a gravidade e importancia dos documentos solicitados e non entregados que teñen a ver cos contratos de Eulen, cos proxectos Next Generation, cos eólicos instalados en Rede Natura ou coas listas de agarda da sanidade pública entre moitos outros.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pero isto non se queda aquí, xa que coas preguntas escritas ocorre algo semellante. O número de respostas é ínfimo, a tardanza é moi elevada e a calidade das respostas é deplorable, aludindo a intervencións pasadas, empregados ligazóns á “mediateca” do Parlamento ou ás veces levando a ligazóns que dan erro.

No caso dos artigos 9 ocorre algo semellante, xa que a pesar de que a Xunta de Galiza ten a obriga de remitir os documentos ao Parlamento galego, son innumerables as ocasións nas que se lles obriga aos deputados e deputadas a desprazarse a outras consellerías e cidades para consultar un documento cunha vixilancia moi destacable e cun tempo de visionado limitado.

E por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a remitir en tempo e forma e de xeito inmediato:

1. Todos os documentos atrasados solicitados a través do artigo 9 do Regulamento do Parlamento de Galiza.
2. As respostas solicitadas a través das preguntas para resposta escrita.”

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Daniel Castro García**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 26/01/2023 16:15:54

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 26/01/2023 16:16:04

Daniel Castro García na data 26/01/2023 16:16:20





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Ramón Fernández Alfonso** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre o saneamento no concello de Neda.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vimos de asistir ao milésimo problema co saneamento da ría de Ferrol e ás consecuencias que desta situación se derivan para a produción marisqueira.

Neste caso uns vertidos producidos no concello de Neda, que están a producir manifestacións encontradas por parte do alcalde do concello e da conselleira de infraestruturas da Xunta de Galiza, traen de novo ao debate comarcal a situación do saneamento nos concellos da ría e as súas respectivas problemáticas, xa que a diversidade de actores e de solucións é grande.

O único organismo que semella facer parte de todas e cada unha das diferentes solucións é Augas de Galiza, tanto na marxe esquerda da ría, como na dereita (Ferrol-Narón) coas súas propias diferenzas, tanto na execución das obras como na súa xestión, entre as instalacións de depuración e a rede de interceptores.

Polo que respecta ao concello de Neda tamén a Xunta de Galiza, a través do seu organismo Augas de Galiza, comprometeu a súa colaboración no ano 2014 para financiar o 100% dunhas obras que tiñan como finalidade solucionar os problemas de funcionamento da estación depuradora de augas residuais (EDAR) e da rede colectores do municipio, obras que nunca remataron.

O feito que hoxe aparece como máis controvertido é precisamente por que razóns o saneamento do Concello de Neda quedou fora dos convenios para o sistema





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

xeral de saneamento da marxe dereita da ría de Ferrol, e sobre todo, cal ha de ser a solución a futuro.

Por estas razóns, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei na Comisión 2ª:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a realizar, de acordo co Concello de Neda, un informe para determinar cal é a mellor solución a futuro para o saneamento e depuración de augas do concello, cales son as infraestruturas e obras necesarias para executalo, o seu orzamento, e unha proposta de financiamento entre as diferentes administracións.”

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

Deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 26/01/2023 16:22:07

Xosé Luis Bará Torres na data 26/01/2023 16:22:11





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputados **Rosana Pérez Fernández** e **Carmela González Iglesias** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Non é a primeira vez que ocorre, a última hai exactamente dous anos: A afectación das intensas choivas e dos grandes aportes de auga doce ás rías e aos bancos marisqueiros de distintas presas, a inacción da Xunta de Galiza e, como consecuencia, danos ambientais e económicos que se producen con total impunidade.

Nesta ocasión, de novo, mortalidade de ameixa e berberecho principalmente nas rías de Vigo Pontevedra e Arousa. Nesta última, a caída da salinidade foi moi destacada nos seguintes días ao sábado, 14 de xaneiro, datas que coincidiron co desaugado do encoro de Portodemouros, xestionado pola empresa Naturgy. Un encoro que carece de comportas e que funciona cun sistema de desbordamento que, ademais da auga, provoca que os sedimentos acumulados tamén acaben na ría.

Chama a atención que, despois de ter ocorrido tantas veces, pola experiencia adquirida e polos importantes danos que teñen lugar cada vez que acontece, a día de hoxe aínda non se teña regulado o desaugado nin tampouco a limpeza dos fondos dos encoros e se acabe afectando impunemente ao medio ambiente e ás economías de centos de mariscadores e mariscadoras que viven do seu traballo na explotación dos bancos marisqueiros das rías galegas.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pero aínda é máis sorprendente que as empresas que xestionan os encoros o fagan afectando a outros sectores produtivos e non teña ningún tipo de responsabilidade nin de consecuencia, consentidas pola Administración ano tras ano.

Á situación de perda de produtividade constante que están a padecer as rías dende hai anos, hai que engadirlle unha nefasta xestión dos encoros, nomeadamente nas épocas de choivas persistentes, e a falla de control e de medidas coercitivas por parte do Goberno galego ou, o que é peor, a posíbel actuación premeditada de priorizar ás empresas eléctricas sobre o sector marisqueiro sen, ademais, ningún tipo de resarcimento polos danos ás persoas e entidades que viven del.

Son sucesos que non deberían volver a pasar e, polo tanto, deben tomarse todas as medidas necesarias para que así sexa e, no caso excepcional de que acontezan, deben estar perfectamente delimitadas as responsabilidades de quen os provocan e as compensacións ás persoas e entidades afectadas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta o Goberno da Xunta de Galiza a:

- Levar a cabo unha avaliación das causas da baixa salinidade das augas das rías entre finais do 2022 e primeiros de 2023 e das súas consecuencias sobre os bancos marisqueiros afectados e presentalas no Parlamento Galego.
- Elaborar e aplicar unha regulación de desaugado e limpeza de encoros que impidan a afectación á salinidade das rías e aos bancos marisqueiros e que contemple sancións aos responsábeis e indemnización ás persoas e entidades atinxidas.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Partindo da avaliación dos técnicos da Consellería do Mar e dos das propias confrarías, poñer en marcha as actuación precisas para a rexeneración dos bancos marisqueiros afectados e para paliar a posíbel perda de ingresos do sector marisqueiro e das propias confrarías.”

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carmela González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 26/01/2023 17:00:03

Daniel Castro García na data 26/01/2023 17:00:07

Carmela González Iglesias na data 26/01/2023 17:00:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rosana Pérez Fernández na data 26/01/2023 17:00:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Manuel Lourenzo Sobral** e da deputada **Rosana Pérez Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre o estado da depuración na faixa litoral de Oia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No mes de maio de 2020, Augas de Galiza adxudicou o servizo para a redacción dun estudo de alternativas para mellorar a depuración da faixa costeira do concello de Oia. O contrato, adxudicado a Ingenia Proyectos Técnicos, prevía un investimento de 18.000 euros e un prazo de execución de 4 meses.

Segundo a información facilitada daquela pola Xunta, no concello de Oia existían en 2020 cinco “estacións depuradoras” de augas residuais que daban servizo ao 62% da poboación municipal. En realidade non se trata de “estacións depuradoras”, son máis ben decantadoras que presentan moitos problemas de funcionamento e que verten directamente ao mar augas residuais contaminantes.

O Concello de Oia xustificou en 2020 a necesidade do citado estudo polo mal funcionamento destas falsas depuradoras e polo elevado custo económico do seu funcionamento e mantemento.

Cando pasaron xa máis de dous anos e medio desde a contratación do citado servizo, non hai ningunha noticia nin actuación de mellora da rede de saneamento e depuración do litoral de Oia.

O mal funcionamento das infraestruturas existentes ten graves consecuencias: constantes vertidos contaminantes ao mar, que afectan negativamente á calidade das





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

augas e á actividade pesqueira e marisqueira; molestias derivadas do mal funcionamento das instalacións; riscos para a saúde; mala imaxe para unha zona de alto interese turístico e paisaxístico, pola que pasa camiño portugués da costa.

Ademais dos elevados custos das instalacións, do elevado gasto municipal e o mal servizo prestado, o concello ten que facer fronte a multas polos vertidos de augas contaminantes ao mar.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta a:

1. Informar ao Parlamento e á veciñanza dos resultados do estudo contratado en 2020 para analizar as alternativas para mellorar a depuración da franxa litoral do concello de Oia.
2. Desenvolver un plan para dotar a zona litoral de Oia dunha rede de saneamento e depuración moderna e eficiente, corrixindo as deficiencias que existen na actualidade.”

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Rosana Pérez Fernández

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 26/01/2023 17:47:31

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 26/01/2023 17:47:34

Rosana Pérez Fernández na data 26/01/2023 17:47:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa ás medidas a tomar diante da altísima prevalencia dos problemas de saúde mental.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Diversos estudos atopan que un terzo dos pacientes que acoden a AP están en relación con problemas de saúde mental. A Atención Primaria sostén unha parte importante da asistencia neste eido, cun aumento sostido da demanda nos últimos anos, xa antes da pandemia por covid, pero sendo esta un factor de empeoramento na prevalencia de desordes emocionais e trastornos mentais.

Coñécese que só unha porcentaxe pequena de casos de saúde mental son derivados á atención especializada (10-20%), e aínda así as listas de espera de primeira consulta en saúde mental están en torno ás 10.000 persoas datos de xuño de 2022.

As cifras de prevalencia de problemas de saúde mental en Atención Primaria, os datos sobre consumo en aumento de psicofármacos, o coñecemento sobre as consecuencias da cronificación dos problemas no empeoramento da saúde física, en calidade de vida, en baixas laborais, etc... fan necesario unha aproximación á atención que teña en conta, entre outras medidas, o aumento na accesibilidade a tratamentos psicolóxicos neste nivel de atención.

Con moitas resistencias por parte da Administración, finalmente anunciou, no Plan de Saúde mental de Galicia pos covid de 2020-2024, a creación de prazas de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

psicoloxía clínica de enlace con Atención Primaria, coa irrisoria cifra de 7 psicólogos/clínicxs para toda a comunidade, 1 por área sanitaria.

A Atención Primaria está colapsada de xeito crónico froito do desleixo e abandono para con este nivel asistencial. Existe o risco de que patoloxías graves queden ocultas co risco de que se non se tratan de xeito suficiente implica un maior risco de cronificación, unha maior gravidade e consecuencias sobre a vida das persoas (como por exemplo, mortes por suicidio).

Non se pode adiar sine die o momento de facer un esforzo imprescindible na abordaxe dos problemas de saúde mental de forma accesible e integral, incorporando xs profesionais necesarios na AP.

Máis de dous anos despois de que se publicara o Plan de saúde Mental de Galicia poscovid, non hai unha memoria publicada onde se avalíe e cuantifique o grao de consecución dos obxectivos segundo a calendarización proposta.

Polas razóns expostas o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1.- Facer público de xeito regular as memorias e informes do desenvolvemento do Plan de Saúde Mental de Galicia poscovid-19, e o Plan Galego de Prevención do Suicidio.

2.- Introducir nos cadros de persoal dos centros de saúde a especialidade de psicoloxía clínica, de xeito que estean presentes nas equipas multidisciplinares dos mesmos





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

3-. Activar, con carácter urxente e efectivo, as medidas tendentes á eliminación de toda forma de coerción nos servizos de saúde mental, seguindo as directrices da Resolución 2291 (2019) da Asemblea Parlamentaria do Consello de Europa.

4-. Reforzar a sanidade pública, coa provisión dos recursos necesarios, para reducir unhas listas de espera actualmente insoportables (máis de 10.000 persoas esperando unha primeira consulta), e que son un factor claro de desigualdade no acceso á atención pública para as persoas con menos recursos económicos, con esperas de meses.

5-. Potenciar os recursos públicos a nivel residencial e comunitario fronte á externalización de servizos.”

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 26/01/2023 18:23:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 26/01/2023 18:23:45

Olalla Rodil Fernández na data 26/01/2023 18:23:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no artigo 98 no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª polo trámite de urxencia**, sobre a resolución das axudas a entidades sociais con cargo ao 0,7% do IRPF.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada debido á importancia do asunto a tratar que atinxe entidades sociais que traballan con colectivos vulnerábeis.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 8 de setembro de 2022 a Xunta de Galiza publicou a orde de convocatoria das axudas destinada a impulsar programas de carácter social por un importe de 19,1 millóns de euros.

Na propia orde fíxase o prazo máximo para a resolución da convocatoria (artigo 15) establecendo un máximo de tres meses desde a súa publicación tanto para resolver como para notificar as axudas. Ademais, engade, “se transcorre o dito prazo sen que se dite resolución expresa, poderá entenderse desestimada a solicitude por silencio administrativo”.

Porén, entidades sociais que concorreron á convocatoria continúan agardando, no momento de redixir esta iniciativa, a que a Xunta de Galiza resolva e notifique.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cómpre lembrar que as axudas convocada ao abeiro do 0,7% do IRPF van dirixidas a sufragar gastos correntes das entidades sociais, investimentos en obras, equipamento, rehabilitación ou adquisición de vehículos. Así pois, supoñen un elemento importante para o funcionamento das entidades sociais beneficiarias que, en moitos casos, traballan ademais con colectivos sociais vulnerábeis.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na comisión 5ª polo trámite de urxencia:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a resolver e notificar de maneira inmediata a orde de axudas dirixidas a entidades sociais con cargo ao IRPF e a adoptar as medidas que correspondan para impedir que un retraso así poida volver acontecer pois supón, ademais dun enorme prexuízo para as entidades sociais, un incumprimento das obrigas administrativas. ”

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2023

Asdo.: Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 25/01/2023 13:52:06

María Montserrat Prado Cores na data 25/01/2023 13:52:17

Olalla Rodil Fernández na data 25/01/2023 13:52:29





A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Marisol Díaz Mouteira, Marta Nóvoa Iglesias, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Belén Salido Maroño, Rubén Lorenzo Gómez e Begoña Freire Vázquez**, ao abeiro do disposto no artigo 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

Exposición de motivos

O Goberno central deu luz verde ao Real Decreto Lei 20/2022, do 27 de decembro, de medidas de resposta ás consecuencias económicas e sociais da Guerra de Ucraína.

Unha vez máis, a través dun decreto o Goberno central inclúe un novo procedemento express para a tramitación ambiental dos proxectos eólicos que, neste caso, vén a ser unha xeneralización do que xa se creou mediante o Real Decreto Lei 6/2022 de marzo.

Estamos, novamente, ante unha nova modificación á carta das leis que pon en perigo a correcta tramitación ambiental destes proxectos e xera inseguridade xurídica.

Coa nova regulación, o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico amosa de novo un desprezo absoluto pola avaliación ambiental dos proxectos, sendo este o único procedemento que pode evitar impactos negativos sobre o medio.

Por todo o exposto, e ante a relevancia desta cuestión para Galicia, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a esixir ao Goberno de España a retirada do Real Decreto Lei 20/2022, do 27 de decembro, e do Real Decreto 6/2022, do 29 de marzo, do procedemento express para a tramitación dos proxectos eólicos,





ao non garantir o principio básico de protección do territorio e crear inseguridade xurídica ás administracións e aos promotores”.

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 26/01/2023 13:26:53

María Sol Díaz Mouteira na data 26/01/2023 13:27:11

Marta Nóvoa Iglesias na data 26/01/2023 13:27:23

Carmen María Pomar Tojo na data 26/01/2023 13:27:43

Ramón Carballo Páez na data 26/01/2023 13:28:09

José Manuel Balseiro Orol na data 26/01/2023 13:28:23

María Belén Salido Maroño na data 26/01/2023 13:28:36

Rubén Lorenzo Gómez na data 26/01/2023 13:28:44

Freire Vázquez, María Begoña na data 26/01/2023 13:29:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez e Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª polo trámite de urxencia**.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A xustificación da urxencia vén dada pola necesidade de que o Parlamento se pronuncie sobre una materia de especial interese e pola importancia de tomar canto antes un acordo que fortaleza a posición de Galiza nun momento decisivo para o acceso ao financiamento con fondos europeos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza leva moitos anos de retraso e desvantaxe en materia de transporte ferroviario de mercadorías, por decisións adoptadas en Madrid e Bruxelas e que contaron co beneplácito dos dous grupos políticos do bipartidismo estatal.

En 2019 o europarlamento e a Comisión Europea incluíron na Rede Básica o Corredor Atlántico Noroeste (a conexión desde Palencia cara a León e desde aquí a Asturias e Galiza), corrixindo unha decisión anterior absurda (deixaba fóra do Corredor Atlántico os portos do Atlántico) e discriminatoria (relegaba os investimentos para despois de 2030).

Mais naquel momento xa estabamos nunha posición de retraso, xa iamos no furgón de cola. A causa desta situación é o deseño centralista das infraestruturas (o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Corredor Atlántico pasa por Madrid) e a priorización do Corredor Mediterráneo na planificación e nos investimentos.

O resumo da situación é o seguinte:

- i) O Goberno central priorizou na última década o corredor atlántico central e o corredor mediterráneo.
- ii) A maior parte dos investimentos asignados ao Corredor Atlántico foron asignados a Madrid, Andalucía e Euskadi.
- iii) O Corredor Mediterráneo conta con un Comisionado desde 2017. O do Corredor Atlántico acaba de anunciarse mediante un anuncio efectista, xa veremos se efectivo.
- iv) O Corredor Mediterráneo conta con estratexia definida e programa de investimentos. O Corredor Atlántico carece de planificación e de cronograma claro de investimentos. E dentro do Corredor Atlántico, o Corredor Atlántico Noroeste (liña Venta de Baños-León-Galiza) vai con máis retraso. As únicas obras que están en marcha en Galiza son a conexión ferroviaria do porto exterior da Coruña e a mellora do trazado entre Ourense e Monforte (forma parte da mellora da liña férrea Ourense-Lugo)
- v) En pleno século XXI temos infraestruturas e servizos ferroviarios de mercadorías do século XIX. Un tren de mercadorías tarda 23 horas en chegar desde Vigo a Barcelona. Así non avanzamos, así non podemos ser un país conectado e competitivo.

Por se non fose abondo, Galiza foi excluída do borrador da Rede de Autoestradas Ferroviarias, o sistema para o transporte ferroviario de camiións cargados con mercadorías para facer por estrada o “último km”. O BNG xa presentou iniciativas no Congreso para corrixir esta nova discriminación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Galiza non pode ficar outra vez atrás, o impulso do Corredor Ferroviario Noroeste é estratéxico e prioritario. En primeiro lugar porque o tren é o transporte do futuro e quen non xogue nesa liga non é competitivo. En segundo termo porque o tren é máis económico, máis lóxico e máis ecolóxico. E, por último, o tren é unha peza clave dun deseño integrado e intermodal.

Aínda que tarde, estamos nun momento decisivo para darlle pulo ao transporte ferroviario de mercadorías xa que se están mobilizando grandes sumas de diñeiro para o ferrocarril (no Mecanismo Conectar Europa e no Plan de Recuperación e Resiliencia).

Mais non é o momento de fotos e declaracións, é o momento de facer proxectos, de facer obras. Pasou o tempo dos lamentos, estamos no tempo dos investimentos.

Dentro da Estratexia Ferroviaria de Galiza, o transporte de mercadorías xoga un papel central, á par das propostas en materia de mobilidade para as persoas. E ademais da conexión do Corredor Noroeste, clave para o transporte cara Europa, é fundamental avanzar no fomento da conexión ferroviaria de mercadorías con Portugal.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno polo trámite de urxencia:

“O Parlamento acorda como resolución:

1. Crear unha fronte común institucional, económica e social galega en defensa do tren de mercadorías. Ademais dos axentes empresariais e sector da loxística, esta plataforma debe abrirse á participación dos partidos políticos, concellos, as organizacións sindicais, as universidades e outras organizacións do ámbito social, veciñal e ambiental.

2ª Demandar a aprobación do Plan Director do Corredor Noroeste e dun Plan Extraordinario de Investimentos para Galiza que equilibre e compense o retraso que sofre o noso país no transporte ferroviario de mercadorías. Así como a aprobación de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

proxectos e o establecemento dun calendario de obras para ser financiadas con cargo ao Mecanismo Conectar Europa, con fondos europeos do período 2021-2027 e co Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

3ª Crear unha comisión de seguimento, coa participación dos partidos políticos con representación no parlamento galego, que vele polo impulso do ferrocarril de mercadorías e polo cumprimento da planificación e da execución dos proxectos do Corredor Noroeste e da conexión con Portugal.

4º Reclamar a integración de Galiza na Rede de Autoestradas Ferroviarias (Iniciativa Mercancías 30).”

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Paulo Ríos Santomé

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 30/01/2023 13:29:52

Paulo Ríos Santomé na data 30/01/2023 13:30:01

Alexandra Fernández Gómez na data 30/01/2023 13:30:08



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, **Paloma Castro Rey, Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Arias**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

O pasado 24 de decembro acontecía no Concello de Cerdedo - Cotobade un trágico accidente á altura da parroquia de Pedre na estrada N-541 con terribles consecuencias.

Dende o primeiro momento o PP está a vincular este suceso exclusivamente co estado de conservación da estrada nacional obviando que xusto a escasos metros do punto do sinistro se atopa a intersección da estrada PO-230 de titularidade autonómica.

Estrada autonómica que ocasiona unha escorrentía de forma continua sobre a nacional 541 provocando unha balsa de auga que supón un grave perigo para a circulación viaria.

Para solucionar este problema no ano 2017 acometeuse polo Ministerio de Fomento unha actuación valorada en 2.771.975,13 euros consistente no desprazamento da intersección que naquel momento estaba pegada á ponte, e na incorporación de carrís de cambio de velocidade (desaceleración e aceleración) e carrís centrais de espera para o xiro á esquerda cara a estrada autonómica.

O goberno da Xunta de Galicia pola súa banda ampliou a PO- 230 dende o núcleo de Serrapio ata o seu entronque coa estrada nacional e habilitou beirarrúas.

Na actualidade debido ás abundantes choivas se están a producir desbordamentos e acumulación de auga nesta estrada sen que ningunha destas actuacións servira para solucionar o problema de escorrentía existente.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que a mellora da situación destas estradas pasa unicamente por unha actuación conxunta e coordinada, polo que a igual que o está a facer o goberno do Estado, a Administración autonómica ten que actuar na estrada PO-230 para solucionar o problema de embalsamento de



auga que se produce e manter as beirarrúas limpas como medida de mantemento e conservación das estradas e de prevención de accidentes.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a actuar na estrada PO-230 na súa intersección con N-541, ao paso pola parroquia de Pedre, Concello de Cerdedo-Cotobade, co fin de solucionar de inmediato os problemas de escorrentía de auga que se producen por mor da choiva

Pazo do Parlamento, 19 de xaneiro do 2023

Asdo.: Paloma Castro Rey
Patricia Otero Rodríguez
Eduardo Ojea Arias
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luis Manuel Álvarez Martínez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 20/01/2023 10:59:40

Patricia Otero Rodríguez na data 20/01/2023 10:59:57

Eduardo Ojea Arias na data 20/01/2023 11:00:08

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 20/01/2023 11:00:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre o estado no que se atopa o centro de saúde da Pobra de San Xiao e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente o persoal do centro de saúde da Pobra de San Xiao, no Concello de Láncara, denunciou o mal estado no que se atopa o espazo da caldeira e os prexuízos que isto provoca ao deixar sen funcionamento o sistema de calefacción.

Segundo trasladaron publicamente este é un problema recorrente que tería unha orixe estrutural.

Este centro de saúde foi inaugurado a finais dos anos noventa e a Xunta de Galiza acometeu obras recentemente, segundo o propio SERGAS, para a mellora da cuberta e da fachada, porén, semella que non se solventaron todas ou que volven aparecer toda vez que hai pingueiras neste espazo.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a acometer, no menos prazo posíbel, as obras que sexan necesarias para corrixir os danos detectados no centro de saúde da Pobra de San Xiao e garantir o seu correcto funcionamento.”

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 20/01/2023 11:15:44

Olalla Rodil Fernández na data 20/01/2023 11:15:59



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Paloma Castro Rey, Marina Ortega Otero e Pablo Arangüena Fernández**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Exposición de motivos

En Galicia existen 8 Puntos de Encontro Familiar, sitios 7 nas grandes cidades e 1 en Ribeira, que foron regulados no ano 2014 como espazos destinados a preservar a relación entre os menores e os membros da súa familia en situación de crise e a garantir a seguridade e o benestar dos menores.

Os Puntos de Encontro Familiar (PEF) son un servizo financiado pola Xunta de Galicia pero de xestión privada e realizaron durante o 2022 cerca de 18.000 intervencións.

Durante o pasado ano atendéronse a máis de 2.700 persoas, entre nenos/as e adultos, que usaron este servizo para relacionarse cando hai unha situación conflitiva de separación, divorcio, nulidade, tutela ou calquera outro suposto de interrupción da convivencia familiar, cando o exercicio do dereito de visitas se vexa interrompido ou o seu cumprimento resulte difícil ou conflitivo ou para entregas e recollidas dos menores, se así o determina unha resolución xudicial.

O número de intervencións incrementouse un 2 % ao respecto da cifra do ano anterior (2021) o que demostra un incremento do uso deste recurso pero temos que ter en conta que non se trata dunha cifra real xa que a demanda é moito maior o que ocasiona que existan en todos estes centros listas de espera e que moitas veces os xuíces nas súas resolucións opten por solucións alternativas.

Dende o Grupo Socialista levamos anos esixindo que se incremente o número de PEF para poder acabar con estas listas de agarda e para cubrir determinadas zonas do territorio nas que existe moita demanda e atópanse situadas a moita distancia do centro máis achegado.

O goberno da Xunta anunciou este ano a ampliación de centros á comarca do Deza e á comarca da Mariña, decisión que aplaudimos pero entendemos



insuficiente xa que deixa fóra zonas coma por exemplo a do Salnés onde existen grandes núcleos de poboación e unha demanda histórica deste servizo.

Nós defendemos que compre facer un estudo previo sobre a necesidade deste recurso nos diferentes territorios e ampliar o número de centro alí onde exista máis demanda.

A maiores entendemos que o punto de encontro é un equipamento social que presta un recurso necesario para situacións familiares moi sensibles cun alto grado de conflitividade e casos de violencia de xénero polo que ten que estar aberto os 365 días do ano e non pode pechar durante o mes de agosto por vacacións do persoal limitando as relacións familiares de moitos usuarios e usuarias ou causando serio agravio as mulleres vítimas de violencia de xénero.

É, por iso, polo que dende o Grupo Parlamentario Socialista solicitamos ao goberno da Xunta que leve a cabo un informe no que se determinen os territorios onde existe unha maior demanda do PEF para a posterior apertura progresiva dos mesmos e a maiores que se busque unha alternativa ao peche durante o mes de agosto destes centros, compatible cos dereitos laborais dos seus traballadores, que permita que o mesmo permaneza aberto os 365 días ao ano.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Elaborar un informe no que se determinen aqueles territorios onde existe unha maior demanda do Punto de Encontro Familiar e posteriormente proceder a apertura progresiva dos mesmos.
- Garantir a apertura destes centros os 365 días do ano por tratarse dun recurso necesario para situacións familiares moi sensibles, cun alto grado de conflitividade e casos de violencia de xénero.

Pazo do Parlamento, 19 de xaneiro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 20/01/2023 12:48:15

Marina Ortega Otero na data 20/01/2023 12:48:24

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2023 12:53:58
Nº Rexistro: 47850
Data envío: 20/01/2023 12:53:58.528

Pablo Arangüena Fernández na data 20/01/2023 12:48:34

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 20/01/2023 12:48:42

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e das deputadas **Olalla Rodil Fernández** e **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª**, sobre a adxudicación de contratos á empresa Alcor Seguridad, S.L. pola Vicepresidencia Primeira e Consellaría de Presidencia, Xustiza e Turismo malia carecer de Plan de Igualdade rexistrado.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo consta no portal de contratación administrativa da Xunta de Galiza a mercantil Alcor Seguridad, S.L. ficou excluída do concurso público para a adxudicación da prestación do Servizo de vixilancia e seguridade nos edificios e instalacións dos centros prestadores de servizos sociais dependentes da Consellaría de Política Social e Xuventude ao carecer a empresa de Plan de Igualdade debidamente aprobado e rexistrado no último día do prazo de presentación das ofertas. Exclusión acordada como consecuencia das alegacións formuladas pola representación da Confederación Intersindical Galega (CIG) na que se advertía da ausencia do preceptivo plan de igualdade, da posible incursión en baixa temeraria, así como a falla de garantías do respecto aos dereitos das traballadoras e as consecuencias contractuais de tales incumprimentos.

Así, e malia que a devandita empresa foi a inicialmente proposta para a adxudicación do contrato resultou excluída por non contar co preceptivo Plan de Igualdade, incumprimento tamén advertido pola UXT.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xa na súa redacción orixinal a Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos del Sector Público, establecía a prohibición de contratar con empresas de máis de 250 traballadoras que non cumprisen coa obriga de contar cun plan de igualdade consonte ao disposto no art. 45 da Lei Orgánica 3/2007, polo que resulta chamativo que a referida empresa non só puidese ser proposta en decembro de 2022 para a adxudicación do contrato convocado pola Consellaría de Política Social e Xuventude, senón que poida ser adxudicataria de importantes contratos públicos.

A este respecto indicar que o 17 de decembro de 2020 a Consellaría de Presidencia, Xustiza e Turismo formalizou coa empresa Alcor Seguridad, S.L. contrato para a prestación de servizo de vixilancia e seguridade nos edificios xudiciais de A Coruña, Ourense, A Estrada e Marín por importe anual superior a CATROCENTOS SESENTA E CINCO MIL EUROS, IVE incluído.

A exixencia da elaboración e aprobación de plans de igualdade nas empresas están dirixidos a garantir a igualdade de trato e de oportunidades no ámbito laboral e a evitar a existencia de calquera tipo de discriminación, polo que constitúe un instrumento básico para a protección e defensa da igualdade entre homes e mulleres. Debe ser a Administración Pública, encargada de velar polo cumprimento da lei, a primeira que extreme o coidado para asegurar que dentro do seu ámbito de actuacións non se producen situacións discriminatorias e que se adoptan todas as medidas e cautelas necesarias para garantir a igualdade entre as traballadoras e perseguir todas as condutas que atente contra este dereito fundamental.

E por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 1ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a realizar as actuacións necesarias para garantir que todas as empresas adxudicatarias de contratos públicos contén co preceptivo plan de igualdade, así como para velar polo seu cumprimento.”

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 23/01/2023 10:49:06

Iria Carreira Pazos na data 23/01/2023 10:49:21

Olalla Rodil Fernández na data 23/01/2023 10:49:34



Á Mesado Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Carmen Rodríguez Dacosta, Marina Ortega Otero, Eduardo Ojea Arias, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Exposición de motivos

A provincia de Ourense sufriu nas últimas semanas, intensos e recorrentes episodios de choiva e neve que provocaron inundacións en numerosos municipios.

De feito, no que vai do ano hidrolóxico, recolléronse máis de 851 litros por metro cadrado, o que supera a media histórica.

Estes temporais deixaron múltiples estragos e danos graves en importantes infraestruturas de concellos como A Arnoia, Baños de Molgas, Allariz, Ribadavia ou O Carballiño.

As inundacións e correntes de terra danaron infraestruturas, camiños, estradas, construcións públicas e propiedades privadas, polo que é preciso actuar canto antes para restablecer a normalidade.

A limpeza e mantemento dos leitos dos ríos e as súas zonas próximas, segundo o acervo normativo de España, corresponde aos concellos e ás restantes entidades locais. Tamén é responsabilidade municipal a restauración da normalidade, no caso de episodios de riadas e outras situacións de emerxencia similares. Pero a inmensa maioría de entidades locais da nosa provincia, por ser concellos de pequenas dimensións, carecen de capacidade económica e loxística para afrontar tarefas tan complexas.

Polo de agora e a pesar de non contar, na maioría de casos, con recursos propios dabondo para afrontar estas situacións, os concellos están asumir a desfeita en solitario de maneira heroica, despregando todos os seus esforzos para minimizar o impacto das inundacións. Con todo, a magnitude da desfeita superou as súas capacidades.



Neste contexto O Grupo Parlamentario Socialista solicita do Goberno Galego que poña os medios necesarios para reparar os danos provocados polas abundantes choivas e as posteriores escorrentías, dado a envergadura dos danos, a orixe natural dos mesmos e nas zonas nas que se produciron afectando a moitos concellos, consideramos que é necesario actuar con urxencia nestes municipios da provincia de Ourense porque a falta de acción e a pasividade non son opcións aceptables cando se trata da seguridade e do benestar da poboación dado que de non facelo coas próximas choivas aumentará a superficie afectada.

Por outra banda nestes temporais de choiva e vento danse tódolos requisitos establecidos pola Lei de emerxencias de Galicia 5/2007 para que o Consello da Xunta aprobe a emerxencia de interese galego e se habiliten as modificacións orzamentarias necesarias, tal e como establece o artigo 36 deste texto legal.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a aprobar de maneira urxente a emerxencia de interese galego, recollido pola Lei de emerxencias de Galicia 5/2007, para habilitar axudas aos concellos da provincia de Ourense afectados polas importantes inundacións acontecidas en xaneiro.

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro do 2023



Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 23/01/2023 11:22:18

Marina Ortega Otero na data 23/01/2023 11:22:28

Eduardo Ojea Arias na data 23/01/2023 11:22:39

Paloma Castro Rey na data 23/01/2023 11:22:46

Pablo Arangüena Fernández na data 23/01/2023 11:22:57

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 23/01/2023 11:23:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Mercedes Queixas Zas** e **Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**, sobre a necesidade de impulsar un novo marco normativo que regule o réxime das cooperativas en cesión de uso.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os prezos da vivenda na Coruña subiron un 6,3% desde a pandemia e chegamos aos 2000 euros de prezo por metro cadrado. Segundo a Estatística Rexistral Inmobiliaria, a nosa cidade é a undécima capital de provincia máis cara do Estado Español, é a máis cara de Galiza e o prezo que soportamos por adquirir unha vivenda é un 23% máis elevado que a media estatal. Así mesmo, a nosa cidade é a máis cara de Galiza no caso de quixermos alugar unha vivenda.

Ás dificultades no acceso a unha vivenda digna e con prezos asumíbeis, xúntase as condicións en que as están as vivendas dispoñíbeis e, sobre todo, as tremendas dificultades para adquirir ou alugar recursos habitacionais con accesibilidade universal e que permitan a autonomía das persoas e a vida en comunidade.

Por iso, a raíz de experiencias persoais mais tamén da observación da realidade do mercado inmobiliario, logo de coñecer múltiples iniciativas en Europa e no Estado español, naceu na Coruña a iniciativa “Outra forma de vivenda”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“Outra forma de vivenda” é unha iniciativa que pretende reivindicar, impulsar e difundir unha cooperativa de vivendas na que as persoas poidan participar de xeito colectivo en todas as fases do proceso, cumprir co dereito de ter unha vivenda digna, accesíbel, con espazos adaptábeis ás distintas realidades, comunitarias, con espazos e servizos comúns, inseridas nos barrios e sustentábeis.

A idea é construír non só vivendas para a xente adaptadas ás súas necesidades a prezos razoábeis senón tamén unha maneira de habitar con maiores servizos e espazos comúns que fomenten a convivencia e a cohesión social.

O modelo que promove é o de cooperativa en cesión de uso: unha alternativa no acceso á vivenda nun momento no que cada vez se encarece máis o acceso a este dereito. A propiedade é da cooperativa mais a cesión do uso é persoal. É un modelo distinto ao da propiedade habitual no Estado Español, aínda que xa hai exemplos en Euskadi ou Catalunya, mais que está asentado noutros lugares do mundo como Uruguai ou Dinamarca, onde o modelo Andel xa conta cun total de 125.000 vivendas.

A Xunta de Galiza debe facerlle fronte a un dos problemas máis importantes e fundamentais no país: que é o das dificultades no acceso a unha vivenda digna a prezos razoábeis. Debemos facer todo o que estea nas nosas mans para facilitar o acceso a un ben básico como é o da vivenda e podémolo facer co apoio ao modelo de cooperativas en cesión de uso.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento insta a Xunta a impulsar un novo marco normativo que regule o réxime das cooperativas en cesión de uso e incorpore os dereitos de tanteo e retracto nas execucións hipotecarias, conforme xa prevé a lexislación doutras comunidades autónomas, co obxectivo de lle permitir ao Goberno galego a adquisición de vivenda para destino social sen teren que saír a poxa privada.”

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Alexandra Fernández Gómez

Deputadas do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 23/01/2023 12:03:56

Alexandra Fernández Gómez na data 23/01/2023 12:04:07

Xosé Luis Bará Torres na data 23/01/2023 12:04:15





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Mercedes Queixas Zas** e do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**, sobre a necesidade de a Xunta iniciar un proxecto de redacción e implementación dun plan de xestión do Monumento Natural da Costa de Dexo- Serantes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O espazo natural protexido coñecido como Monumento Natural da Costa de Dexo-Serantes, declarado ZEC (zona de especial conservación) abrangue a maior parte da faixa costeira norte do municipio de Oleiros (parroquias de Dexo e Serantes), desde os faros de Mera até o porto de Lorbé.

Declarada como Monumento Natural no 2000 e Lugar de Interese Comunitario en 2004, en 2014 foi declarada finalmente Zona de Especial Conservación.

Porén, malia este recoñecemento de protección e conservación, o espazo segue a carecer a día de hoxe de calquera tipo de plan director que asegure a súa axeitada conservación, custodia e dinamización.

Malia a zona estar relativamente libre de impactos urbanísticos, non o está de ameazas humanas, así como de plantas alóctonas, polo que no BNG insistimos desde hai anos en que urxe unha ordenación que vaia acompañada de medidas concretas para asegurar a preservación do espazo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento insta a Xunta a iniciar a elaboración dun proxecto de redacción e implementación dun plan de xestión do Monumento Natural da Costa de Dexo-Serantes.”

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 23/01/2023 12:27:40

Xosé Luis Bará Torres na data 23/01/2023 12:27:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputados **Rosana Pérez Fernández** e **Carmela González Iglesias** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O DOG publicaba, o pasado 4 de xaneiro, unha Orde de axudas “para investimentos que fomenten a pesca sustentábel para tripulantes”, que a propia Consellería vén publicitando dende hai anos como axudas que contribúen a paliar a falta de remuda xeracional no sector pesqueiro, un problema que se ve vir dende hai máis dunha década e que a Xunta de Galiza está aínda moi lonxe de atallar. De feito, son cada vez máis o número de buques que se vén na obriga de amarrar a porto por falta de tripulación.

Estas axudas, cuxa finalidade é a primeira adquisición dun buque de pesca, véñense convocando anualmente e comezaron no ano 2016 cun creto orzamentario total de 500.000 euros, reducíndose ata os 300.000 euros deste ano.

Para acceder a elas, entre outros requisitos específicos, as persoas beneficiarias deben ter menos de 40 anos e o buque que adquieran debe ter unha eslora inferior a 24 metros e entre 5 e 30 anos de antigüidade. O investimento máximo subvencionábel non poderá superar os 75.000 euros.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estamos, pois, diante dunhas axudas de tan só 300.000 euros para un amplísimo segmento da nosa frota. Segundo o informe anual sobre a frota Pesqueira da Plataforma Tecnolóxica da Pesca, da Consellaría de Mar, Galiza conta cun total de 4.232 buques, dos que 3.956 (o 93,4%) teñen unha eslora inferior a 24 metros e destes, 3.640 teñen menos de 12 metros.

300.000 euros é unha cantidade tan insignificante para fomentar a remuda xeracional que supoñería entre 5 e 10 persoas beneficiarias cada ano, estimando o prezo dunha embarcación de segunda man de menos de 12 metros de eslora entre 30 e 60.000 euros. Polo tanto, máis que á remuda xeracional as axudas parecen ir dirixidas a outros fins moito menos proveitosos para a frota pesqueira galega.

Ademais da irrisoria cantidade destinada, a Orde establece algúns requisitos excesivamente limitativos, como non permitir a compra dun barco de segunda man de menos de 5 anos.

O establecemento da idade máxima de 30 anos dos buques que se poden mercar pode parecer, a priori, unha medida para deter o envellecemento da frota. Mais non é así porque xa nestes momentos máis da metade dela ten máis de 30 anos e 1/3, máis de 40, sen que se estean a tomar medidas de calado para a súa renovación.

Esa falta de medidas para axudar a renovar a frota xa está a ter consecuencias reais e as compañías aseguradoras están a poñer impedimentos, ou a negar directamente, os seguros a buques de certa idade. Se a isto se lle engade o aumento desmedido dos custos de explotación, do alto prezo do combustíbel, da inxente normativa limitadora da actividade e da falta de decisión política para enfrontar os problemas reais do sector, o futuro é avocalo a un maior desánimo aínda, aos despezos e ao abandono da profesión.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Se, tal e como se recoñece na Orde publicada o 4 de xaneiro, “o sector da pesca constitúe un sector estratéxico para o desenvolvemento da nosa comunidade que ten o reto de contribuír á consecución de determinados obxectivos temáticos do Marco estratéxico común e aproveitar ao máximo os fondos deste marco para acadar os novos retos que se formulan e, neste senso ... aproveitar todas as posibilidades que brindan estes instrumentos para acadar o obxectivo de sector competitivo, sustentable e respectuoso co ambiente”, haberá que poñer os medios para que así sexa, para que se leven a cabo melloras que aporten seguridade e comodidade aos buques, para a nova construción e para a tan manida remuda xeracional.

O novo FEMPA 2021-27 marca, precisamente, como un dos seus obxectivos a facilitación desa remuda e Galiza recibirá nese período 366 millóns de euros do total de 1.220 destinados ao Estado español. Polo tanto, está en condicións de implicarse seria e profundamente na renovación dunha frota que o necesita perentoriamente, que é esencial para garantir a seguridade alimentaria e que é vital económica e socialmente para o noso país.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno da Xunta de Galiza a:

- Incrementar o creto orzamentario e modificar os requisitos da Orde do 15 de decembro de 2022, de axudas para investimentos que fomenten a pesca sustentábel para tripulantes, de xeito que contribúa realmente á remuda xeracional e a evitar o envellecemento da frota e os despezamentos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Elaborar e aprobar, no prazo de seis meses, un plan de actuación ao que se destinen fondos FEMPA 2021-27 e fondos propios, que contemple as medidas a levar a cabo para a necesaria renovación da frota galega.”

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carmela González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 23/01/2023 13:04:38

Carmela González Iglesias na data 23/01/2023 13:04:51

Daniel Castro García na data 23/01/2023 13:04:59

Ana Pontón Mondelo na data 23/01/2023 13:05:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández** e **Carmela González Iglesias** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 8ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Hai máis de 20 anos, por imperativo legal e a raíz da entrada do Estado español na Unión Europea, diversas normativas veñen intentando regularizar as embarcacións da frota pesqueira, unha regularización que se leva a cabo dende o Ministerio de Pesca por non ter Galiza competencias sobre a ordenación do sector pesqueiro e sen que se adecúe a normativa á realidade da frota galega .

O primeiro procedemento levábase a cabo no ano 1999 e marcaba os criterios das competencias e dos obxectivos. Posteriormente, a Lei 9/2007, de 22 de xuño, imposta por Bruxelas, establecía criterios, actuacións e prazos para que as embarcacións pesqueiras e empresas navieras se inscribisen no rexistro de buques e no Censo da Flota Pesqueira Operativa.

A norma perseguía que o novo procedemento administrativo de regularización fora impulsado polas Comunidades Autónomas, ampliaba o prazo de regularización e instauraba a cancelación de oficio daquelas embarcacións que non se acolleran á regularización. Pretendía regularizar 2.442 embarcacións pesqueiras pendentes de regularización por razóns de diverso tipo (dimensións, arqueo bruto, materiais e fundamentalmente potencia propulsora), establecendo un prazo de 2 anos para a súa regularización.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Máis tarde, a través da Lei 35/2011, de 4 de outubro, sobre titularidade compartida das explotacións agrarias, na súa Disposición adicional quinta, modifícase a Lei 3/2001, de 26 de marzo, de Pesca Marítima do Estado, engadíndolle o Título VI., “Regularización de buques pesqueiros no Censo da Frota Pesqueira Operativa e no Rexistro de Buques e Empresas Navieras”.

A este novo procedemento podían acollerse aqueles armadores e propietarios que non foran admitidos a trámite no procedemento da Lei 9/2007 e que presentaran solicitude antes do 31 de decembro de 2007.

Aínda así, esta nova medida tampouco foi suficiente e publicouse, en menos dun ano, o Real Decreto 1081/2012, de 13 de xullo. Agora, establecíase unha nova regularización para as solicitudes aínda pendentes, pero unicamente para aquelas que se presentaran en prazo coa Lei 9/2007 e que non foran admitidas por non aportaren as baixas e para as que non presentaran a solicitude segundo a mesma Lei antes do 31 de decembro de 2007 e non foran admitidas.

O procedemento demostrouse engorroso e tan limitado que non recollía gran parte das múltiples casuísticas existentes e, finalmente, non acabou resolvendo a maior parte das solicitudes.

O pasado 29 de decembro publícase o Real Decreto 1044/2022, de 27 de decembro, de ordenación da frota pesqueira, que pretende refundir todos os procedementos anteriores e unificar toda a normativa anterior e que xa está a causar unha fonda preocupación entre a frota galega, nomeadamente o seu artigo 5, sobre a potencia dos buques de pesca, e a prohibición de faenar cun buque de pesca equipado cun motor cuxa potencia exceda a establecida na súa licenza.

O sector asegura que existen a día de hoxe moitas embarcacións con maior potencia da que legalmente lle pertence o que, evidentemente, de ser así, representaría un problema máis a engadir aos moitos que xa ten na actualidade. Mais descoñecemos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cal é a situación real e se a Consellería do Mar realizou durante todo este tempo algún estudo que permita saber con rigorosidade cal foi a evolución da nosa frota ao longo dos distintos períodos de regularización de embarcacións ou se elaborou algún informe que contribúa a comprender a súa realidade.

Sería de gran importancia e de moita utilidade ter datos reais, saber que parte da frota supera o cabalaxe por motivos de seguridade, para mellorar as condicións de traballo a bordo, a eficiencia enerxética, etc. Datos que servisen para demandar unha regularización adaptada á nosa realidade e ás condicións de traballo dos nosos buques e que puidesen evitar males maiores, como os que agora nos ameazan.

Tamén sería relevante coñecer as actuacións que levou a cabo o Goberno galego para reclamar as competencias de ordenación pesqueira e, polo tanto, para poder realizar funcións que irían moito máis alá de adicarse simplemente a tramitar expedientes que, finalmente, serán resoltos por outra Administración.

No Real Decreto tamén se recollen diversos aspectos relacionados coa capacidade da frota pesqueira. A este respecto, sería moi aclaratorio coñecer con exactitude a capacidade da que dispón o Estado, en GT e en CV, e, sobre todo, se vai desenvolver algunha actuación para que esa capacidade sirva para a regularización das embarcacións que agora poden estar comprometidas ou se vai persistir no modelo actual que vén dando pé á especulación sobre a compra de cabalaxe (CV) e capacidade (GT) nos últimos anos.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno da Xunta de Galiza a:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Reclamar ao Goberno do Estado medidas que faciliten a regularización definitiva da frota pesqueira galega e que eviten a expulsión de buques do mar de xeito inminente.

-Dar a coñecer a situación real da frota pesqueira galega despois dos distintos procesos de regularización levados a cabo ata a actualidade.

-Demandar do Goberno do Estado as competencias en materia de ordenación pesqueira que permitan, entre outras moitas actuacións, levar a cabo procesos destas características con coñecemento real da situación e condicións de traballo das embarcacións e con maior eficacia e prontitude.”

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carmela González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 23/01/2023 12:38:42

Carmela González Iglesias na data 23/01/2023 12:38:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 23/01/2023 12:39:00

Ana Pontón Mondelo na data 23/01/2023 12:39:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputados **Rosana Pérez Fernández** e **Carmela González Iglesias** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Comeza un novo ano coa mesma obsesión de sempre de Portos de Galiza por obter cada vez maiores ingresos a conta das cargas ao propio sector. Neste caso, establece unha nova taxa de 19,14 euros por recollida de residuos, coñecida como taxa Marpol, ás embarcacións que teñen motores a gasolina e que, efectivamente, empregan aceite mesturado coa mesma ou levan unha pequena cantidade del para as engranaxes.

Este segmento da frota, adicado principalmente ao marisqueo a frote, recursos específicos e enmalle, ve así como a nova taxa se suma agora ás moitas que xa pagan e que amosan o afán recadatorio dun Ente, Portos de Galiza, que non se corresponde en moitos casos cos servizos que presta nin, moito menos, co mantemento mínimo deses servizos.

Este novo cargo impositivo, tampouco ten en conta a situación de crise actual, o incremento dos custos e do combustíbel, nin as obrigas abusivas e inxustificadas ás que está sometida a frota por parte do Estado e que deben aboar a través das Capitanías Marítimas, cuxo funcionamento e prestación de servizos tamén deixa moito que desexar.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cada ano, a nosa frota vese na obriga de comprar novo material obrigatorio de seguridade (balsas salvavidas, bengalas de auxilio e salvamento, radiobalizas, botiquín, extintores, chalecos, etc., etc.), pasar as revisións pertinentes, renovación de certificados ou títulos, etc., atopándose cunha trama burocrática moi difícil de sortear e que funciona en moitos casos con criterios arbitrarios e sen a axilidade que os tempos demandan.

A todos estes custos, hai que engadir aínda outros como os seguros da embarcación, da tripulación, as reparacións e o mantemento, etc., o que sitúa ao sector pesqueiro en xeral, e á frota artesanal en particular, nunha situación de altísima presión impositiva en comparación co rendemento económico que obtén.

Portos de Galiza colabora tamén con esa presión xa cun importante número de taxas e agora engade unha nova que moito nos tememos non será a última.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento galego insta o Goberno da Xunta de Galiza a retirar a taxa de recepción de residuos recentemente establecida ás embarcacións da frota artesanal.”

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carmela González Iglesias

Daniel Castro García





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 23/01/2023 13:20:03

Carmela González Iglesias na data 23/01/2023 13:20:06

Daniel Castro García na data 23/01/2023 13:20:14

Ana Pontón Mondelo na data 23/01/2023 13:20:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegaliza.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Daniel Castro García** e das deputadas **Montserrat Prado Cores** e **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre a necesidade de que a Xunta de Galiza mellore o servizo sanitario público da comarca da Mariña.

A sanidade pública de todo o país está a pasar por un dos peores momentos desde a súa creación. Estes problemas veñen de moi lonxe, mais tras a pandemia acelerouse dun xeito significativo o proceso de desmantelamento da nosa sanidade e moi especialmente da nosa Atención Primaria.

Como é sabido, as políticas sanitarias do Partido Popular levaron a esta situación que por suposto tamén se fai notar, e dun xeito moi acusado na comarca da Mariña. Desde o ano 2009, coa entrada do Partido Popular na Xunta de Galiza a sanidade mariñá viu sufrindo diferentes recortes e redución de servizos que se viron totalmente plasmados na supresión da Área Sanitaria da Mariña en 2017.

Este foi o punto de inflexión que marcou un antes e un despois na calidade da sanidade pública mariñá. Mais, co paso dos anos e coa incidencia da pandemia da COVID, a situación empeorou dun xeito dramático levando a que a sanidade mariñá estea rozando o colapso de xeito continuado, tanto no Hospital de Burela como nos Centros de Saúde da maioría dos concellos da comarca.

Esta realidade levou a grandes mobilizacións e protestas por parte de toda a cidadanía, dos e das profesionais e da Plataforma na Defensa da Sanidade Pública da Mariña que ano tras ano seguen enchendo as rúas como fixeron de novo hai poucos días . De igual maneira, os formularios de queixas tamén seguen a encherse para facer ver





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodeGaliza.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

unha realidade da que todos son conscientes, incluso o Partido Popular, que segue mirando para outro lado.

Poderíamos enumerar unha a unha todas as eivas existentes, mais ocuparía moito tempo e papel, iso si, poderíanse resumir nunha absoluta falta de cobertura das baixas médicas e de persoal de enfermería, das vacacións e de calquera tipo de permiso en todos os centros de saúde da comarca e no Hospital de Burela, que se suman a un déficit estrutural de persoal que viña de moi atrás.

Do mesmo xeito, neste hospital no que aumentan os metros cadrados e diminúen os servizos, segue a incrementarse día a día as derivacións ao HULA a pesar de que a Xunta de Galiza tivese prometido a súa redución, polo que os e as mariñás ven reducidos progresivamente os servizos que teñen dereito a ter.

Por outra banda a situación dos traballadores e traballadoras é de absoluta precariedade. Cada vez é máis difícil contratar novos sanitarios e sanitarias porque as condicións de traballo tanto en termos de soldo, como de temporalidade, como de facilidades para desprazarse á comarca son extremas.

Cada ben pouco seguimos lendo casos moi graves, como que nunha vila coma Viveiro de preto de 16 mil habitantes houbera momentos nos que só está dispoñible un médico, persoas que teñen que agardar 2 ou 3 anos por unha consulta de cardioloxía, persoas que teñen que agardar 4 meses por unha biopsia ou varios Centros de Saúde sen pediatra.

A situación da sanidade pública da Mariña é absolutamente insostible e por todo isto o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodeGaliza.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1- Facer os trámites necesarios para cubrir do xeito máis urxente todas as baixas e vacacións da Atención Primaria da comarca da Mariña.

2- Fornecer de xeito inmediato á poboación do servizo continuo de pediatria en todos os concellos nos que non está a ser cuberto.

3- Reducir de xeito xeneralizado as listas de agarda no distrito sanitario da Mariña.”

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Daniel Castro García**

Montserrat Prado Cores

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 23/01/2023 16:57:11

María Montserrat Prado Cores na data 23/01/2023 16:58:18

Olalla Rodil Fernández na data 23/01/2023 16:58:27





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e da deputada **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª**, relativa a retirada da medalla de ouro de Galiza concedida a Francisco Álvarez Cascos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En xuño do ano 2003 a Xunta do PP, baixo a presidencia de Manuel Fraga, concedía a Francisco Álvarez Cascos, daquela Ministro de Fomento do goberno central, a Medalla de Ouro de Galiza.

Aquela distinción de tal alto rango foi obxecto de polémica e de rexeitamento dunha parte importante da sociedade galega. Sen entrar a valorar as circunstancias daquela decisión, o paso do tempo veu corroborar que foi un grave erro, que logo de 20 anos estamos a tempo de remediar.

Máis alá de decisións atribuíbeis ao daquela ministro que foron perxudiciais para o noso país (a actuación na crise do Prestige xunto coa privatización da AP9 en 2003 son as máis significativas), as graves acusacións de presunta corrupción que rodean a actuación pública e privada do sr. Álvarez Cascos obrigan a tomar decisións en defensa do bo nome, da honra e da dignidade das institucións galegas.

Nos pasados días transcenderon informacións xornalísticas segundo as cales o sr. Álvarez Cascos ingresou 4,7 millóns de euros de empresas que foron favorecidas por





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

decisións tomadas cando ocupada postos de responsabilidade no goberno español. Segundo estas novas comezou a cobrar destas empresas en 2004 e seguiu facéndoo até o ano 2018.

As institucións galegas non poden pasar por alto estas graves acusacións, que veñen a acumularse a outros moitos motivos que xustifican a retirada dos recoñecementos honoríficos concedidos.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento insta a Xunta a retirar a medalla de ouro de Galiza concedida en 2003 ao sr. Francisco Álvarez Cascos e a solicitarlle a súa devolución.”

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 23/01/2023 17:28:53

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 23/01/2023 17:29:00

Xosé Luis Bará Torres na data 23/01/2023 17:29:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo e Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 6ª**, sobre as accións que debe realizar a Xunta de Galiza para garantir o futuro da factoría de Alcoa San Cibrao.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os meses seguen pasando e o futuro da factoría de Alcoa San Cibrao segue pendendo dun fío. A día de hoxe vemos como a empresa norteamericana continúa a mostrar un total desinterese polo cumprimento dos acordos acadados hai xa máis de un ano.

Desgraciadamente, mentres isto está ocorrendo, a Xunta de Galiza continúa a actuar como se este problema non tivese que ver co goberno galego. Deste xeito, non aparece en moitas das xuntanzas entre o comité e a empresa e sobre todo, non mostra vontade algunha de facelo.

Todo isto xera unha situación na que a empresa confirma publicamente a súa vontade de incumplir o acordo acadado e votado democraticamente entre todo o plantel da factoría, algo que pon claramente en perigo o mantemento dos postos de traballo.

Alén de todo isto, a empresa mostrou unha clara intención de manter paralizadas para o vindeiro ano o 93'8% das cubas de electrólise da planta, deixando para o 2025 a re arranque das demais cubas e descartando de maneira clara unha das principais inversións como é o forno de cocción.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a realizar as accións oportunas para garantir o cumprimento do acordo acadado entre Alcoa e os traballadores e traballadoras no ano 2021.”

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Daniel Castro García**

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 23/01/2023 17:48:56

Ramón Fernández Alfonso na data 23/01/2023 17:49:00

Daniel Pérez López na data 23/01/2023 17:49:12





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 23/01/2023 17:49:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputados **Rosana Pérez Fernández** e **Carmela González Iglesias** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O “Plan de Acción para Conservar os Recursos Pesqueiros e Protexer os Ecosistemas Mariños”, contemplado dentro da Estratexia de Biodiversidade da Unión Europea para 2030, enmarcada á súa vez no Plan Verde Europeo, contempla, como unha das súas medidas chave, acadar unha protección da superficie mariña europea nun 30%, cun 10% de máxima protección.

Os seus piares son, tal e como recoñeceu publicamente a propia Comisión Europea no mes de marzo, “a protección dos fondos mariños e a conciliación das artes de fondo cos obxectivos de sostibilidade”, seguindo así o camiño marcado pola propia Estratexia de Biodiversidade 2030 que recolle que “Cando sexa necesario introducíranse medidas para limitar o uso das artes de pesca máis prexudiciais para a diversidade, incluso no fondo mariño”.

Por outra banda, e na mesma dirección, a Conferencia das Partes de Nacións Unidas sobre Biodiversidade, a COP 15 de Montreal, acadou un acordo de Convenio sobre a Diversidade Biolóxica no pasado mes de decembro que, segundo a propia vicepresidenta do Goberno do Estado español e ministra para a Transición Ecolóxica e o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Reto Demográfico, “permitirá acadar a protección e xestión efectiva para a conservación do 30% da superficie terrestre e mariña para 2030”.

Nun acto celebrado a semana pasada en Vigo, a directora xeral de Pesca e Asuntos Marítimos da UE confirmou aos medios de comunicación que o Plan de Acción para a Pesca será dado a coñecer no mes de febreiro e anticipou que a súa posta en marcha significará novos peches de zonas ao arrastre de fondo, con medidas que irán dende a prohibición nas Áreas Mariñas Protexidas (AMP) comunitarias ata unha maior limitación do súa utilización noutras.

O obxectivo de intentar lograr un equilibrio entre a conservación e a produción sostíbel de alimentos que proveñen do mar é necesario, e é loábel, mais non pode conseguirse a través de prohibicións rotundas e sen ter en conta outros factores.

Neste momento, a frota, fundamentalmente a do palangre e arrastre, xa está a padecer as consecuencias das 87 áreas de pesca pechadas dende o pasado mes de outubro en augas de Portugal, España, Francia e Irlanda. Un peche que se manterá moito máis alá do inicialmente previsto mes de decembro e que, entre o informe do ICES, a avaliación do impacto económico, que non se efectuará ata existiren os novos informes científicos, e a previsíbel consulta aos Estados, poderá alongarse ata 2024.

87 áreas que se vetaron á pesca de fondo mediante unha decisión que non contou co apoio unánime do Consello nin coa aprobación do Parlamento europeo, que partía duns informes científicos e técnicos insuficientes e refutábeis, que se tomou sen diálogo e sen busca de alternativas co sector e sen avaliación do seu impacto socioeconómico. Razóns todas elas que levaron a que o Goberno español presentase un recurso á mesma -aínda que mantivo a súa negativa ata o final a respecto de solicitar unha moratoria que o sector lle reclamaba e a día de hoxe, ao igual que a propia Xunta





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de Galiza, continúa sen articular medida algunha para compensar as perdas que se están a producir- e que o fixese tamén a Organización de Produtores Pesqueiros do Porto de Burela diante do Tribunal Xeral da UE en Luxemburgo.

O Plan de Acción para Conservar os Recursos Pesqueiros e Protexer os Ecosistemas Mariños, aínda sen coñecerse polo miúdo, está xa a ser interpretado polo sector pesqueiro como un risco real sobre a súa actividade e, de novo, vai requirir de actuacións políticas que consigan evitar un dano maior para unha actividade económica fundamental para un país altamente dependente da pesca como é Galiza.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno da Xunta de Galiza a:

1.- Demandar do Goberno do Estado

- Unha posición de firmeza na defensa da pesca galega de artes de fondo diante da inminente presentación do Plan de Acción da UE para Conservar os Recursos Pesqueiros e Protexer os Ecosistemas Mariños.

- A presentación de observacións e/ou consideracións á norma durante a súa tramitación que traten de evitar a prohibición e/ou limitación das artes de fondo nas augas comunitarias.

- A esixencia á UE de que calquera medida que se adopte se basee en estudos científicos rigorosos e actualizados sobre o estado dos recursos, atendendo ao impacto socioeconómico que podería causar e en diálogo co sector.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Articule as medidas de compensación económicas necesarias para paliar as consecuencias que xa está a ter o peche de 87 áreas de pesca no sector pesqueiro galego de artes de fondo.

2.- Que programe e leve a cabo un plan de actuacións políticas de acordo co sector pesqueiro e diante da UE e do Estado español, para impedir que a futura posta en marcha do Plan de Acción da UE para Conservar os Recursos Pesqueiros e Protexer os Ecosistemas Mariños afecte á frota galega de artes de fondo.

3.- Que dea cumprimento inmediato ao acordo unánime do Pleno do Parlamento Galego do pasado 22 de novembro.”

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carmela González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rosana Pérez Fernández na data 24/01/2023 09:57:20

Carmela González Iglesias na data 24/01/2023 09:57:26

Daniel Castro García na data 24/01/2023 09:57:37

Ana Pontón Mondelo na data 24/01/2023 09:59:50





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Manuel Lourenzo Sobral** e **Luis Bará Torres** e da deputada **Carmela González Iglesias**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre a situación da nova EDAR de Arcade, no concello de Soutomaior.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os bancos marisqueiros do fondo da Ría de Vigo son o principal sector económico, tanto do Concello de Soutomaior como doutros lugares da Enseada de San Simón, espazo este protexido pola Rede Natura.

Na actualidade, é unha evidencia denunciada día tras polo sector marisqueiro, que o estado no que se atopa o fondo da ría de Vigo implica danos perceptíbeis por toda a veciñanza tanto no relativo á verteduras e ao estado das augas como no que ten a ver coa produtividade dos bancos marisqueiros.

Verteduras incontroladas que implican mesmo sancións ao Concello de Soutomaior por parte de Augas de Galiza, unha depuradora obsoleta que non cumpre coa normativa actual, unha rede de saneamento abandona durante anos que non conta cunha separativa eficiente de pluviais e fecais e un ecosistema da Rede Natura que soporta esta situación namentres o sector marisqueiro de Arcade e do fondo da ría vense na obriga de ir mariscar a Baiona ou outros lugares ante a falta de produtividade do





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

fondo da ría de Vigo; son o día a día da veciñanza e do sector marisqueiro de Soutomaior.

E namentres o ecosistema e os bancos marisqueiros do fondo da ría se atopan nunha situación límite , o Partido Popular segue demorando o saneamento da ría ano tras ano.

Foi no ano 2019, que por enésima vez o Partido Popular anunciou a construción dunha nova EDAR en Arcade. Máis de catro anos despois, segue sen concretarse nada deste proxecto e non existe orzamento para esta actuación nin nas contas municipais para por a disposición os terreos, nin tampouco nas da Xunta.

Nese mesmo ano 2019 e despois de que o Concello de Soutomaior fose varias veces sancionado por vertidos contaminantes á Ría de Vigo e de que se constatará que a actual EDAR de Arcade non cumpría coa normativa europea, o Partido Popular anunciou a bombo e prato que se construíría unha nova EDAR adaptada á normativa actual.

Mais a realidade é que, catro anos despois, Soutomaior segue agardando pola nova estación depuradora. E faino a pesar de que a nova EDAR fóra licitada no ano 2020 cun prazo para a redacción de 13 meses. Mais desafortunadamente un ano despois de caducado este prazo o proxecto fica paralizado.

No último debate de orzamentos, o Grupo Parlamentar do BNG presentou unha emenda aos orzamentos da Xunta para que esta actuación contase con partidas específicas que garantisen a súa inmediata execución pero a pesar dos anuncios dende o ano 2019, o Partido Popular, votou en contra desta emenda para o saneamento da ría





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dende o BNG entendemos que o fondo da ría de Vigo, ademais de ser un espazo natural de valor incalculábel é o sustento de centos familias de Soutomaior e doutros concellos do fondo da ría, polo que desde o Grupo Parlamentar do BNG presentamos a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a reactivar de inmediato todos os trámites necesarios para a construción dunha nova EDAR en Arcade que garanta o saneamento do fondo da ría de Vigo.”

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Carmela González Iglesias

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 24/01/2023 13:35:52

Carmela González Iglesias na data 24/01/2023 13:35:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 24/01/2023 13:36:01





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández** e **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre a situación do servizo de Urxencias do Barbanza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os servizos de urxencias hospitalarias do nos País están a sufrir un importante colapso neste período invernal. As consecuencias da COVID sobre a saúde poboacional, a dramática situación de Atención Primaria e a insuficiencia dos recursos hospitalarios, son algunhas das causas que contribúen esta situación.

No caso do hospital comarcal do Barbanza, o persoal médico vén de facer pública a denuncia pola situación na que se atopan, cunha gran tensión laboral que se agravou nos últimos meses, xa non só pola importante carga asistencial, senón tamén polas condicións laborais. O persoal deste servizo vén sufrindo unha precariedade sistemática na contratación, pois a pesar das evidentes necesidades que presenta o servizo, véñense realizando contratos por períodos mensuais ou inferiores, chegando a contratar por días, avisando no mesmo día da quenda de traballo. Esta situación de inestabilidade laboral foi motivo para que se producise unha saída constante de profesionais deste servizo.

Actualmente o servizo non ten un cadro médico acorde ás necesidades reais, cun déficit de 4 facultativas, o que provoca unha gran sobrecarga, ata o punto de que hai persoal en xaneiro de 2023 que aínda ten pendente de desfrutar as vacacións correspondentes ao ano anterior.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Durante o ano 2022 no Hospital do Barbanza incrementouse o número de asistencias a urxencias nun 12,5% a respecto de 2019, cifra que supera amplamente o incremento que se produciu noutros hospitais coma o CHUS ou o CHUAC, un 5% e un 8,3% respectivamente. Pese a este incremento, non se produciu ningún incremento no cadro de persoal, tampouco na quenda de noite onde se continúa con unicamente dúas facultativas a pesar de que as cifras teñen demostrado a necesidade dunha terceira. Tampouco se realizou este reforzo no período estival, a pesar de que a comarca do Barbanza experimenta un incremento notorio da poboación e que xa se ten demostrado a súa necesidade pola gran cantidade de asistencias que se producen.

Cómpre ter presente que as condicións asistenciais no Barbanza difiren das que existen nos hospitais de Santiago e da Coruña non só en termos cuantitativos, senón tamén cualitativos pois este servizo é o que realiza a asistencia a pacientes en estado crítico e/ou inestábel e tamén quen realiza os traslados interhospitalarios de pacientes críticos que requiran asistencia no hospital de referencia. Nestes dous casos, o servizo de Urxencias intervén sobre pacientes non só que se atopen nese servizo, senón tamén sobre calquera paciente que se atope ingresado no centro, independentemente do servizo responsábel, que precise desa estabilización ou traslado ao CHUS. Ademais, atendendo a que outros servizos non realizan garda de presenza física no centro, como pode ser o caso de Traumatoloxía, Pediatría, Cirurxía Xeral ou Radioloxía, é o servizo de Urxencias quen ten que asumir estas doentes en primeira instancia.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a atender a demanda realizada polo persoal médico das Urgencias do Hospital do Barbanza, realizando de xeito inmediato as contratacións que sexan precisas para paliar o déficit de persoal que vén padecendo.”

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 24/01/2023 16:20:39

Iria Carreira Pazos na data 24/01/2023 16:20:44

Olalla Rodil Fernández na data 24/01/2023 16:20:53





Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Sandra Vázquez Domínguez, Ovidio Rodeiro Tato, Teresa Egerique Mosquera, Carlos Gómez Salgado, Moisés Rodríguez Pérez, José Luis Ferro Iglesias, Elena Suárez Sarmiento e Felisa Rodríguez Carrera** ao abeiro do disposto nos artigos 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión 4ª Educación e Cultura.**

Exposición de motivos:

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística de Galicia é a norma legal que establece o galego como a lingua propia de Galicia. Este texto, que cumpre catro décadas de vixencia este ano, foi clave para avanzar na preservación e o desenvolvemento do galego.

A lingua é esencial para explicar a identidade dos colectivos humanos. É o medio a través do que unha comunidade se expresa, se comunica e se representa a si mesma. Despois de décadas de marxinación política, a Lei de Normalización Lingüística, tivo como obxectivo fundamental devolver os usos normais do galego. Como indica o propio texto:

A Constitución de 1978, ó recoñece-los nosos dereitos autonómicos como nacionalidade histórica, fixo posible a posta en marcha dun esforzo constructivo encamiñado á plena recuperación da nosa personalidade colectiva e da súa potencialidade creadora.

Este marco legal asegurou a conservación e o impulso do galego como un elemento fundamental da identidade e a cultura de Galicia despois de anos de marxinación.





Desde a súa entrada en vigor, a Lei de Normalización Lingüística encárgase de protexer o uso do galego en todos os ámbitos da sociedade incluíndo a educación, a administración, os medios de comunicación ou o ámbito empresarial. Por primeira vez, en democracia, os poderes públicos de Galicia deberían garantir o cumprimento da lei, adoptando as medidas oportunas para que ninguén sexa discriminado por razón de lingua.

Coincidindo coas súas catro décadas de vida é de interese facer balance de todo o conseguido nestes anos e, tamén, reflexionar sobre os retos actuais para garantir a presenza do galego en todos os ámbitos.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a elaborar unha programación especial para conmemorar o 40 aniversario da Lei de Normalización Lingüística”.

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2023.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 24/01/2023 18:23:44

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 48229
Data envío: 24/01/2023 18:30:43.629

Sandra Vázquez Domínguez na data 24/01/2023 18:24:23

Ovidio Rodeiro Tato na data 24/01/2023 18:24:44

Gómez Salgado, Carlos na data 24/01/2023 18:24:54

Rodríguez Pérez, Moisés na data 24/01/2023 18:26:20

María Felisa Rodríguez Carrera na data 24/01/2023 18:26:32

José Luis Ferro Iglesias na data 24/01/2023 18:27:01

Teresa Egerique Mosquera na data 24/01/2023 18:27:13

María Elena Suárez Sarmiento na data 24/01/2023 18:27:28

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-dofHwYTuA-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Noa Presas Bergantiños** e **Olalla Rodil Fernández** e deputado **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre os prazos e evolución das obras do CAPD despois de que a falta de vontade da Xunta atrasara máis de seis anos as datas comprometidas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde hai anos, Ourense vén reclamando a construción dun centro de atención con diversidade funcional público e de xestión pública que dea cobertura ás comarcas da zona de Ourense, toda vez que é o caso do que se considera administrativamente como provincia que non ten un centro similar.

Así as cousas, desde hai anos a Plataforma Procapd Ourense demanda un centro deste tipo, que integre centro residencial, centro de día e de respiro familiar. A reivindicación vén de lonxe e son numerosas as manifestacións e mobilizacións sociais que se teñen realizado. Tamén numerosas son as iniciativas en concellos, na deputación de Ourense ou no Parlamento Galego ao respecto. De forma concreta, cómpre recordar como durante a campaña electoral das eleccións ao Parlamento Galego do anos 2026, as e os candidatos por Ourense comprometeron coa súa sinatura que no caso de gobernaren as súas forzas políticas cumprirían esa débeda.

Porén, desde entón o goberno da Xunta de Galiza só fixo incumprir as súas promesas. Primeiro, demorouse o proxecto e desenvolveuse un que non atinxía todas as





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

demandas. Despois, demoráronse orzamentos. Así mesmo, o Partido Popular obstaculizou no Concello de Ourense os avances precisos canto aos trámites municipais.

No 2022, cando as obras tiñan que ser unha realidade, levaban seis meses paralizadas ata que o goberno galego recoñeceu en sede parlamentaria ante o BNG ter a situación bloqueada polo impacto da crise de prezos. Despois da insistencia das familias houbo un novo proceso de contratación que obtivo no outono de 2022 a empresa COPASA. Porén, en xaneiro de 2023 descoñécese a reprogramación desta obra máis alá de vaguidades e dunha nova promesa para 2024.

O 16 de xaneiro de 2023 o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego recibía unha resposta por escrito á pregunta número 36923, sobre “os novos prazos previstos para a nova adxudicación da construción do centro terapéutico ocupacional público e de xestión pública de Ourense” na que, unha vez máis, a Xunta non clarificaba nin os termos da reprogramación das datas nin o tipo de xestión.

Así mesmo, as familias están a denunciar novamente a falta de transparencia e de concreción e que as obras non están a avanzar.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Encargar un informe independente no que se avalíen as motivacións do atraso e a súa responsabilidade, de forma que se esclareza se é imputable ao organismo contratante ou á empresa responsable.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Remitir á Cámara e ás familias un calendario detallado da reprogramación da obra e reunirse coas mesmas de forma bimensual para informar do seu seguimento e evolución.

3. Comprometer que o modelo de xestión será integramente público, sen recorrer a subterfuxios que impliquen a súa privatización ou concertación. Desta maneira, o goberno galego comprometerase a realizar as actuacións orzamentarias precisas para garantir a súa xestión pública directa a través da contratación de persoal público, disponibilizando os fondos precisos para pór en funcionamento de o servizo público directo.”

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2023

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 25/01/2023 09:17:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 25/01/2023 09:17:57

Olalla Rodil Fernández na data 25/01/2023 09:18:12



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª.

A Consellería de Promoción do Emprego impulsou o Programa Impacto Autónomo, centrado en axudar ás persoas autónomas ante o incremento de custos e dos prezos das materias primas. Mediante a Orde do 28 de decembro de 2022 establecéronse as bases reguladoras deste programa de impacto autónomo, abríndose o prazo de presentación de solicitude o 9 de xaneiro de 2023.

Moitas das mariscadoras, pertencentes a Asociación Mulleres Salgada, quixeron optar a esta subvención, pero finalmente non se puideron beneficiar das axudas por non cumprir un dos requisitos: non acadar o mínimo de 10.000 € de rendementos netos que esixe a convocatoria.

Esta convocatoria sinalaba unha prioridade “deseñar os mecanismos necesarios para que as empresas poidan sobrevivir” e mira aos autónomos como un elemento vital para dinamizar Galicia e a manter o emprego.

Regúlanse unhas bases que deixan fóra a unha gran realidade social e que constitúe un importante motor de crecemento na nosa Comunidade Autónoma.

A gran maioría do colectivo do marisqueo a pé non pode solicitar estas axudas porque os seus ingresos no ano 2021 están por debaixo do mínimo establecido para pedilas. Rango de ingresos que penaliza e prexudica a un sector ao que, en principio, parecía ir dirixido o programa como é o das traballadoras e traballadores por conta propia no réxime dos traballadores do mar.

As rendas máis baixas son as máis prexudicadas pola subida do custe da vida e o incremento da inflación e deberían de ser as primeiras en ser atendidas e apoiadas. Non facelo así evidencia ou un gran descoñecemento da situación económica que afecta ás mulleres e homes do mar ou ao escaso interese en prover de futuro e relevo ao mundo da pesca e do marisqueo.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:



O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a articular unha nova liña de axudas dentro do Programa Impacto Autónomo con criterios que permitan que se podan acoller a elas os autónomos e autónomas do mar con menos ingresos, coa adopción de medidas preceptivas e a habilitación dun procedemento de concesión de axudas que garantan o acceso en igualdade de condicións para as persoas solicitantes.

Pazo do Parlamento, 24 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 25/01/2023 11:13:17

Julio Torrado Quintela na data 25/01/2023 11:13:34

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 25/01/2023 11:15:49





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Luis Bará Torres** e deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª**, sobre o cumprimento da Lei de Memoria Democrática no estadio de O Couto en Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O día 2 de maio de 2022 acordouse a adxudicación á UTE Estadio O Couto - integrada polas empresas Proyectos y Contratas Covelo, SL-Actividades, Construcciones y Voladuras, SL -das obras de reforma e mellora do estadio do Couto en Ourense, sendo o de 1.491.103,40 €, máis IVE, e o prazo de execución de 7 meses.

A obra de reforma -necesaria e comprometida dende hai varias décadas-, consiste esencialmente na reparación e rehabilitación estrutural do estadio e na renovación dos seus elementos funcionais, atopándose actualmente e a pesares do tempo acordado e transcorrido, en fase de execución.

A realización dos traballos contratados permitiu descubrir nun lugar preeminente do estadio unha placa co símbolo da Organización Nacional Sindicalista, sindicato vertical, que agrupaba a traballadores e a empresarios, sendo o único permitido durante a ditadura, en base a promulgación do Fuero del Trabajo. Instrumento “asociativo” propio da ditadura dependente da Secretaría General del Movimiento e do aparato franquista en xeral.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ao abeiro da lei 20/22, de 19 de outubro, de Memoria Democrática as insignias, escudos e placas apegadas a edificios públicos nas que se realicen mencións, exaltacións ou recoñecementos a organizacións que sustentaron a ditadura franquista son consideradas contrarias á memoria democrática, correspondendo a retirada do elemento á administración titular da edificación no que se atopen.

Como queira que a Xunta de Galiza no canto de proceder á retirada do referido símbolo de exaltación e recoñecemento dunha organización propia da ditadura franquista e contraria a lei de memoria democrática, procedeu á súa rehabilitación e valorización, situándoa entre o logo de grandes dimensións da propia Xunta de Galiza e o de “Deporte Galego”, dende o BNG vimos solicitar se proceda a dar cumprimento ao disposto ao ordenado la Lei 20/22 de memoria democrática e á retirada do estadio de O Couto da simbología de todo tipo que sexa representativa de organizacións ou unidades civís ou militares que apoiaron ou sustentaron a ditadura franquista, nomeadamente a insignia do sindicato vertical.

E por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza á inmediata retirada da simbología contraria á Lei de Memoria Democrática existente no Estadio do Couto de Ourense.”

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2023





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Noa Presas Bergantiños

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 25/01/2023 10:58:29

Noa Presas Bergantiños na data 25/01/2023 10:58:42

Xosé Luis Bará Torres na data 25/01/2023 10:58:52





A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa das deputadas e deputados, **Ana Belén García Vidal, Paula Prado del Río, José Manuel Rey Varela, Marisol Díaz Mouteira, Felisa Rodríguez Carrera, Alberto Pazos Couñago e Noelia Pérez López**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Exposición de motivos

A lei Orgánica 2/1986, de 13 de marzo, de Forzas e Corpos de Seguridade, atribúe á Policía Nacional a expedición e xestión do documento nacional de identidade e dos pasaportes.

As unidades de Estranxería e Documentación teñen competencias en materia de expedición de documentación de residentes nacionais, así como os relacionados con permisos de residencia e de estranxeiros.

Dado que as comisarías de policía non cobren as necesidades existentes, creáronse unidades en diferentes poboacións que por ser ubicacións estratéxicas ou cabeceiras de comarca, xustifican a súa instalación.

Algúns concellos, coma Noia, reciben periodicamente a visita dun equipo itinerante da Policía Nacional para a expedición e renovación do DNI, pero non se poden realizar outros trámites coma a expedición do pasaporte, a actualización dos certificados dixitais do DNI ou trámites relacionados con documentación de estranxería.

No caso do Concello de Noia, cabeceira de comarca, os veciños vense obrigados a trasladarse a Santiago de Compostela ou a Ribeira para realizar un trámite como pode ser a expedición do pasaporte.

Hai que ter e conta que en Noia residen numerosas persoas doutras nacionalidades, que tamén teñen que acudir a Santiago ou Ribeira cando teñen que renovar as súas tarxetas de residencia.

Consciente desta situación, o Alcalde de Noia, tras reunirse con representantes do Sindicato Unificado da Policía Nacional, xa ten solicitado ao Ministerio do Interior unha unidade de Estranxería.





A creación dunha unidade de estranxería en Noia posibilitaría a tramitación e renovación do DNI electrónico, pasaporte e outros servizos de estranxería, evitando así ter que desprazarse a Santiago de Compostela ou a Ribeira. Ofeceríase así, un servizo de proximidade aos veciños, non só aos de Noia, senón tamén aos concellos limítrofes, coma Lousame ou Outes.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que se dirixa ao Goberno de España para a creación dunha unidade de estranxería no Concello de Noia, que facilite os procedementos para a obtención de documentación persoal, tanto dos cidadáns españois coma dos estranxeiros”.

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 25/01/2023 11:48:13

Ana Belén García Vidal na data 25/01/2023 11:48:33

Paula Prado del Río na data 25/01/2023 11:48:43

José Manuel Rey Varela na data 25/01/2023 11:48:56

María Sol Díaz Mouteira na data 25/01/2023 11:49:08

María Felisa Rodríguez Carrera na data 25/01/2023 11:49:19

José Alberto Pazos Couñago na data 25/01/2023 11:49:30

Noelia Pérez López na data 25/01/2023 11:49:43





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Alberto Pazos Couñago**, **Corina Porro Martínez**, **Encarna Amigo Díaz**, **Noelia Pérez López**, **Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez**, **Rosalía López Sánchez** e **Elena Suárez Sarmiento**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

O Consello de Ministros aprobou o pasado 13 de decembro de 2022 o anteproxecto de Lei de Familias, deseñada polo Ministerio de Dereitos Sociais e negociada durante meses con varios ministerios.

A norma que a ministra de Dereitos Sociais presentou ao resto dos departamentos en decembro de 2021, foi aprobada con retraso polos choques que se produciron no seno do Goberno de coalición polas medidas que incluía.

Cando se acordou o eu aprazamentos, a ministra tachou de incomprensibles os argumentarios da parte socialista do Goberno para retrasar a aprobación dun dos proxectos estrela do seu departamento e apelou ao consenso e á unidade para protexer ás familias.

Segundo a ministra de Dereitos Sociais e Axenda 2030, esta norma da resposta aos problemas de conciliación e ven a remediar carencias históricas e reforzar a protección de todas as familias.

O anteproxecto de Lei de Familias do Goberno central incumpe os principais compromisos que no seu día anunciou o propio Goberno central:





En primeiro lugar, o Executivo prometeu ampliar os permisos de maternidade e paternidade das 16 semanas actuais ás 24 semanas e non se recolle no anteproxecto de Lei ningún tipo de ampliación.

En segundo lugar, asegurou unha nova renda universal pola crianza de fillos ata os 3 anos, pero a lei só inclúe unha ampliación da prestación de 100 euros mensuais ás nais traballadoras, algo que xa existe desde hai moitos anos.

É dicir, non se trata dunha nova renda, porque a maioría das familias xa a viñan percibindo e algunhas nais, por non ter nada cotizado, seguirán sen cobrala.

Polo tanto, esa universalidade que tanto pregoaban na Moncloa, non está plasmada no anteproxecto de Lei.

En terceiro lugar, a gran promesa incumplida é que o Executivo central prometeu un permiso parental de 8 semanas para o coidado de fillos de ata 8 anos, pero polo que podemos coñecer da normativa, en realidade trátase dun permiso non retribuído, é dicir, unha excedencia, polo que os traballadores que intenten beneficiarse deste permiso, terán que renunciar ao seu salario.

A familia é o fundamento da nosa sociedade, que xa sabemos que é diversa, ampla e respectuosa.

O exceso de etiquetas non axuda neste sentido, só confunde e busca unha división ficticia.

- Familia biparental. Formada por dos personas unidas por matrimonio o pareja de hecho y sus descendientes o menores de edad bajo su tutela.
- Familia monomarental o monoparental. Aquellas familias formadas por un solo progenitor y sus descendientes.
- Familia joven. Formada por menores de 29 años y sus descendientes.





- Familia LGTBI homomarental y homoparental. Otra vez el Ministerio patenta un nuevo término para etiquetar a las familias.
- Familia con mayores necesidades de apoyo a la crianza. Se refiere a familias numerosas y demás supuestos establecidos en la legislación vigente.
- Familia múltiple. Aquella que incluye descendientes, adopciones o acogimientos múltiples.
- Familia reconstituída. Formada por miembros que tenían hijos de relaciones anteriores.
- Familia inmigrante. En la que todos sus integrantes proceden de otro país.
- Familia transnacional. En la que alguno de sus integrantes reside fuera del país.
- Familia intercultural. Entre personas de entornos culturales o étnicos diferentes.
- Familia en el exterior. Uno de los miembros tiene la nacionalidad española durante su residencia en otro país.
- Familia retornada. Alguno de sus miembros tiene la nacionalidad tras su retorno a España después de residir en el extranjero, al menos, un año.
- Familia en situación de vulnerabilidad. En donde confluyen factores económicos o sociales en riesgo de exclusión.
- Personas unidas en matrimonio.
- Parejas de hecho.
- Personas solas.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Curiosamente, entre as 16 denominacións coas que se etiqueta ás familias, ningunha aluda ás familias numerosas porque é un concepto que desaparece.

A Federación Española de Familias Numerosas (FEFN) ven de presentar ao Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 un documento de alegacións ao anteproxecto de Lei de Familias en relación con diversos aspectos do texto do Goberno, en especial, con respecto á eliminación do concepto de familia numerosa e a creación dunha nova denominación de “Familias necesitadas dun apoio especial na crianza” na que se incluírán as numerosas e outras familias en circunstancias especiais.

A FEFN pediu ao Goberno que manteña o recoñecemento e dereitos das familias numerosas coa súa actual denominación, recollida e protexida pola Lei 40/2003 de protección ás familias numerosas, e se outorgue tamén a protección a outras familias, como as monoparentais e outras “familias con necesidades especiais de apoio á crianza”, pero cunha denominación e un marco regulatorio propio, con medidas adaptadas as súas necesidades, diferentes das familias numerosas.

No documento de alegacións enviado ao Goberno tamén recolle que as familias numerosas non se vexan en situación de desvantaxe no acceso a bens sociais e económicos por ter máis fillos, e por elo piden que, á hora de establecer límites de ingresos e contía das axudas, se teña en conta a todos os fillos.

Actualmente, algunhas das axudas como o Ingreso Mínimo Vital ou o Complemento de infancia non teñen en conta, á hora de establecer o limiar de ingresos para acceder ás axudas, o cómputo do cuarto fillo e seguintes.





Polo tanto, segundo a FEFN, se debería corrixir esta situación para evitar desvantaxe polo número de fillos no acceso ás axudas públicas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que se dirixa ao Goberno de España para manter o recoñecemento e dereitos das familias numerosas coa súa actual denominación, recollida e protexida pola Lei 40/2003 de protección ás familias numerosas, e que non se vexan en situación de desvantaxe no acceso a bens social e económicos”

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 25/01/2023 12:02:36

José Alberto Pazos Couñago na data 25/01/2023 12:02:54

María Corina Porro Martínez na data 25/01/2023 12:03:07

María Encarnación Amigo Díaz na data 25/01/2023 12:03:20

Noelia Pérez López na data 25/01/2023 12:03:38

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 25/01/2023 12:03:54

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2023 12:32:16
Nº Rexistro: 48273
Data envío: 25/01/2023 12:32:16.878

López Sánchez, Rosalía na data 25/01/2023 12:04:06

María Elena Suárez Sarmiento na data 25/01/2023 12:04:16

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-dofHwYTuA-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martínez, Encarna Amigo Díaz, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Rosalía López Sánchez e Elena Suárez Sarmiento**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

O Consello de Ministros aprobou o pasado 13 de decembro de 2022 o anteproxecto de Lei de Familias, deseñada polo Ministerio de Dereitos Sociais e negociada durante meses con varios ministerios. A norma que a ministra de Dereitos Sociais presentou ao resto dos departamentos en decembro de 2021, foi aprobada con retraso polos choques que se produciron no seno do Goberno de coalición polas medidas que incluía.

Cando se acordou o eu aprazamentos, a ministra tachou de incomprensibles os argumentarios da parte socialista do Goberno para retrasar a aprobación dun dos proxectos estrela do seu departamento e apelou ao consenso e á unidade para protexer ás familias.

Segundo a ministra de Dereitos Sociais e Axenda 2030, esta norma da resposta aos problemas de conciliación e ven a remediar carencias históricas e reforzar a protección de todas as familias.

O anteproxecto de Lei de Familias do Goberno central incumpre os principais compromisos que no seu día anunciou o propio Goberno central:





En primeiro lugar, o Executivo prometeu ampliar os permisos de maternidade e paternidade das 16 semanas actuais ás 24 semanas e non se recolle no anteproxecto de Lei ningún tipo de ampliación.

En segundo lugar, asegurou unha nova renda universal pola crianza de fillos ata os 3 anos, pero a lei só inclúe unha ampliación da prestación de 100 euros mensuais ás nais traballadoras, algo que xa existe desde hai moitos anos. É dicir, non se trata dunha nova renda, porque a maioría das familias xa a viñan percibindo e algunhas nais, por non ter nada cotizado, seguirán sen cobrala. Polo tanto, esa universalidade que tanto pregoaban na Moncloa, non está plasmada no anteproxecto de Lei.

En terceiro lugar, a gran promesa inclumprida é que o Executivo central prometeu un permiso parental de 8 semanas para o coidado de fillos de ata 8 anos, pero polo que puidemos coñecer da normativo, en realidade trátase dun permiso non retribuído, é dicir, unha excedencia, polo que os traballadores que intenten beneficiarse deste permiso, terán que renunciar ao seu salario.

Tampouco aparece no anteproxecto de lei ningún avance nun aspecto fundamental para as familias como é a primeira etapa educativa para os seus fillos e fillas.

A Lei de Familias establece que a educación de 0 a 3 anos sexa un dereito garantido, pero sen aportar ningún recurso e sin ter en conta que en Galicia xa é gratuíta para todos os nenos e no 100% das escolas infantís.

Galicia é a única Comunidade Autónoma que garante o dereito da atención educativa gratuíta de 0 a 3 anos e puxo en marcha a gratuidade de escolas infantís e este curso máis de 31.000 nenos de 0 a 3 anos están a ir de xeito gratuíto a un centro, independentemente da súa titularidade.

Preocúpanos que o Goberno central non destine nin pretenda destinar un só euro a esta etapa tan importante para os nenos e para as familias.





Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que solicite ao Goberno de España, a destinar os recursos necesarios para que a educación de 0 a 3 anos sexa un dereito garantido en todas as Comunidades Autónomas”.

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 25/01/2023 12:07:17

José Alberto Pazos Couñago na data 25/01/2023 12:07:36

María Corina Porro Martínez na data 25/01/2023 12:07:48

María Encarnación Amigo Díaz na data 25/01/2023 12:08:14

Noelia Pérez López na data 25/01/2023 12:08:32

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 25/01/2023 12:13:32

López Sánchez, Rosalía na data 25/01/2023 12:13:44

María Elena Suárez Sarmiento na data 25/01/2023 12:13:56

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres** e da deputada **Rosana Pérez Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre o protocolo de desaugamento de encoros.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As fortes chuvias das últimas semanas provocaron importantes alteracións da salinidade das augas do mar, con unha elevada incidencia nos bancos marisqueiros. Esta afectación vise agravada polo desaugamento dos encoros, motivada polos intereses das empresas hidroléctricas e por outras razóns.

Esta liberación descontrolada de auga dóce non só ten consecuencias na salinidade das augas e nos bancos marisqueiros. Tamén se producen arrastres de sedimentos que poden ter impactos ambientais e na actividade produtiva. E ademais pode aumentar o risco de desbordamento de ríos e agravar o impacto das riadas.

A falta de regulamento de desaugamento de encoros constitúe un grave problema. A aprobación dun protocolo de desaugamento é unha demanda histórica de diversos colectivos, reiterada nos pasados días por parte de entidades da ría de Arousa. Entre outros argumentos, a Plataforma en Defensa da Ría de Arousa salientou a incidencia negativa dos desaugamentos cando está a marea baixa,

Malia as demandas neste sentido, Augas de Galicia segue sen aprobar esta norma, que sería de aplicación nos encoros da súa xurisdición, situados en ríos que desaugan nas principais rías galegas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento insta o goberno galego a

1. Realizar un estudo sobre a incidencia do desaugamento de encoros na biodiversidade, na calidade ambiental e na actividade produtiva das rías.

2. Aprobar un protocolo de desaugamento de encoros da súa competencia, que prime a calidade ambiental e a actividade produtiva das rías.”

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 25/01/2023 13:17:34

Xosé Luis Bará Torres na data 25/01/2023 13:17:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres** e da deputada **Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre a mellora da execución orzamentaria do programa de Planificación e xestión hidrolóxica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A xestión orzamentaria da partida de “Planificación e xestión hidrolóxica” pode cualificarse como moi deficiente. Se temos en conta os datos de execución orzamentaria de 2021 podemos salientar os seguintes datos:

-O nivel de execución é do 60%, un dos máis baixos entre o conxunto dos programas en que se estrutura o orzamento da Xunta.

-A partida de “Planificación e xestión hidrolóxica” viuse reducida en 11,4 millóns de euros, de 68,9 a 57,4 millóns de euros.

Esta situación vense repetindo nos últimos anos, o que pon de relevo a falta de planificación e a incapacidade de xestión da administración hidráulica galega. E supón a perda de recursos millonarios que son imprescindíbeis para levar a cabo investimentos que precisa o país e os concellos.

Chama a atención que a Xunta estableza cada vez máis obrigas de investimentos aos concellos e que pola contra non aprobe un plan extraordinario de obras e de cooperación no financiamento das actuacións das entidades locais. E tamén resulta moi rechamante que por parte de Augas de Galicia se aproben actuacións en materia de saneamento e abastecemento de maneira arbitraria, sen criterios obxectivos de reparto, especialmente no caso de concellos de menor poboación e que están situados fóra do





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ámbito das rías. Cómpre ter en conta que no ámbito das rías concéntrase unha parte importante dos investimentos pola súa relevancia ambiental, económica e produtiva, polas esixencias da normativa comunitaria e polos expedientes sancionadores abertos.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento insta a Xunta a:

1. Mellorar a planificación, a xestión e a execución do programa de “Planificación e xestión hidrolóxica”.
2. Elaborar un plan de infraestruturas hidráulicas de abastecemento e saneamento que siga criterios de sustentabilidade, eficiencia, circularidade, solucións baseadas na natureza e mellora de redes, e que teña en conta as actuacións derivadas das obrigas establecidas na lei de garantía de abastecemento e na lei de mellora do ciclo integral da auga.
3. Crear un fondo extraordinario plurianual, dotado con 20 millóns de euros/ano, para financiar novas actuacións en colaboración cos concellos seleccionadas con criterios obxectivos.”

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 25/01/2023 16:22:10

Alexandra Fernández Gómez na data 25/01/2023 16:22:14





A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **José Luis Ferro Iglesias, Paula Prado del Río, Sandra Vázquez Domínguez, Fernando Pérez Domínguez, Guadalupe Murillo Solís, Manuel Santos Costa e Cristina Sanz Arias**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos**.

Exposición de motivos

O sector das autoescolas está a verse afectado pola suba de prezos no ámbito dos combustibles, especialmente tras a decisión do Goberno de Pedro Sánchez de eliminar a bonificación de 20 céntimos que, de xeito automático e xeneralizado, se aplicaba nas estacións de servizo á hora de encher o depósito.

As autoescolas forman parte do ámbito da ensinanza e, polo tanto, na actualidade non teñen acceso ás axudas habilitadas pola Administración central e das que se beneficia o sector do transporte co obxecto compensar a suba dos combustibles.

As autoescolas, do mesmo xeito que o taxi ou o transporte de viaxeiros e mercadorías, necesitan utilizar vehículos para poder exercer a súa actividade. Por iso, o combustible representa unha elevada porcentaxe da súa estrutura de custos. Co agravante de que, ademais, tamén deben facer fronte aos altos prezos da enerxía e das subministracións.

Ademais, as autoescolas non teñen sinxelo trasladar ao seu alumnado a curto prazo o incremento do custo dos servizos xa que, de conformidade coa normativa vixente, débese subscribir con cada un deles un contrato de ensino, no cal se fixa o prezo ao que se deberá pagar as clases das prácticas de condución, sen posibilidade de alteración unilateral por parte da autoescola, e moito menos, en función da flutuación do prezo do combustible.

Con todo, a longo prazo, si parece imprescindible evitar que este prexuízo económico acabe trasladándose aos novos demandantes destes servizos e merece polo tanto un apoio decidido por parte da Administración, por ser este un sector crucial para a mobilidade, especialmente, dentro do ámbito rural de Galicia e, polo tanto, cómpre establecer medidas de apoio equivalentes ás que xa existen no ámbito do transporte.





As autoescolas son un sector imprescindible para formar aos aspirantes para a obtención de permisos de condución e, ademais, a maior parte de centros de certificados de aptitude profesional (CAP), imprescindible para converterse en condutor profesional.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que inclúa ás autoescolas entre os sectores que se benefician da extensión da bonificación extraordinaria no prezo de venda dos carburantes ou, no seu caso, a outorgarlles unha axuda análoga á concedida ás empresas de transporte por estrada”.

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 25/01/2023 16:31:37

José Luis Ferro Iglesias na data 25/01/2023 16:31:56

Paula Prado del Río na data 25/01/2023 16:32:23

Sandra Vázquez Domínguez na data 25/01/2023 16:32:36

Fernando Pérez Domínguez na data 25/01/2023 16:32:49

María Guadalupe Murillo Solís na data 25/01/2023 16:32:57

Manuel Santos Costa na data 25/01/2023 16:33:13

Cristina Sanz Arias na data 25/01/2023 16:33:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, deputados do **Ramón Fernández Alfonso** e **Manuel Lourenzo Sobral**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre as necesidades do IES Ferrol Vello do concello de Ferrol.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O IES Ferrol Vello carece desde o inicio da súa actividade como centro de educación secundaria da infraestrutura necesaria para impartir as aulas de educación física, xa que carece dun pavillón deportivo.

Este feito implica ter que desprazar ao profesorado e aos alumnos e alumnas as instalacións de FIMO para poder desenvolver alí a materia de Educación Física, con todo o que isto supón de perda de horas nos desprazamentos, agrupar as horas semanais desta materia, ademais do gasto que supón ter que contratar de xeito regular un bus para estes desprazamentos.

Desde a Comunidade Educativa do centro vense reclamando á administración educativa a construción dun ximnasio para o centro que se adecúe á lexislación vixente para poder impartir con normalidade unha materia de impartición obrigatoria.

Esta situación non é ningunha novidade e desde hai moitos anos a comunidade educativa leva reclamando que por parte das administracións con competencias nesta materia, Xunta de Galiza e Concello de Ferrol, se solventa esta cuestión.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Se non fose posíbel dotar ao centro desta nova infraestrutura no actual espazo físico que ocupa, existe unha alternativa cuxa idoneidade concita un amplo consenso que é a construción dun polideportivo no solar que ocupa a vella fábrica de xabón existente nas inmediacións do instituto.

En todo caso o necesario pavillón deportivo para o centro tamén daría servizo fóra das horas lectivas ás necesidades de dinamización deportiva do barrio e do conxunto da cidade.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a realizar as modificacións de crédito necesarias para iniciar de inmediato as obras para dotar ao IES Ferrol Vello do necesario pavillón para a práctica deportiva.”

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Deputado do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonso na data 25/01/2023 17:07:17

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 25/01/2023 17:07:20





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Manuel Lourenzo Sobral**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre saneamento no concello de Oia e desenvolvemento dun plan de dotación de depuradoras ecolóxicas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2020 a consellaría de infraestruturas e mobilidade anunciou un proxecto piloto no concello de Oia para desenvolver un novo modelo de saneamento da auga no ámbito rural “máis eficiente, sostíbel e integrado no territorio.”

Este proxecto piloto estaría vencellado ao convenio de colaboración de Augas de Galicia coa Universidade da Coruña para desenvolver sistemas de depuración adaptados á realidade de núcleos rurais.

O obxectivo da proposta anunciada en 2020 era encontrar a mellor solución para dotar de saneamento os núcleos da zona interior do concello de Oia- Este é o caso das parroquias de Loureza e Burgueira, nas que a veciñanza non ten ningún sistema público de depuración nin existe ningunha alternativa para o baleirado das foxas sépticas pola falta de planificación e de solucións por parte do concello e da Xunta.

Na última década varios concellos galegos apostaron por infraestruturas verdes e solucións de proximidade para resolver a necesidade de saneamento en núcleos rurais de pequena poboación ou afastados das redes de saneamento e de estacións depuradoras.

As chamadas depuradoras ecolóxicas, dotadas con humidais artificiais, semellan unha alternativa viábel, experimentada con éxito en pequenos núcleos rurais en concellos como San Sadurniño, Moeche, Cedeira ou Cerdedo-Cotobade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mentres que estes concellos promoveron esta solución, non hai noticias sobre o proxecto piloto anunciado pola Xunta fai máis de dous anos para resolver a carencia de saneamento nas parroquias do interior do concello de Oia.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento insta á Xunta a:

1. Facer público o resultado do proxecto piloto anunciado en 2020 para desenvolver un novo modelo de saneamento no medio rural máis eficiente, sostíbel e integrado no territorio.
2. Aplicar os resultados do citado estudo e levar a cabo os proxectos de depuradoras ecolóxicas nas parroquias de Loureza e Burgueira (Oia), en coordinación co concello e coa veciñanza e en colaboración coa Confederación Hidrográfica Miño-Sil.
3. Levar a cabo, en colaboración cos concellos, un plan de dotación de depuradoras ecolóxicas en núcleos rurais que cumpran determinadas características de poboación, distancia a redes de saneamento e complexidade de dotación de redes centralizadas.”

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 25/01/2023 17:41:23

Xosé Luis Bará Torres na data 25/01/2023 17:41:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Carmen Aira Díaz, Montserrat Prado Cores e Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A atención primaria está a sufrir escaseza de profesionais facultativos de xeito recorrente en todo o país por falta de políticas sanitarias que frearan esta previsible e diagnosticada escaseza. Lugo non escapa a esta tendencia, neste caso tratamos a falta de pediatras na atención primaria nos concellos de Cospeito, Castro de Rei e Outeiro de Rei.

Estes concellos próximos a Lugo capital dispoñían dunha pediatra compartida estando 2 días en Castro, 2 en Cospeito e 1 en Outeiro. En total atendía 579 infantes en Outeiro, en 317 en Cospeito e 469 Castro, sumando en total 1365 criaturas, aínda que, curiosamente, ía somentes un día da semana ó concello que máis nenas e nenos ten, co cal procede pedir que polo menos tódolos concellos mencionados conte con pediatra 2 días á semana.

Nin que dicir ten que estes concellos teñen unha xoia na infancia xa que levan moitos anos con saldo vexetativo negativo e contan con gran número de persoas maiores de 65 anos, que as persoas se animen a ter descendencia é fundamental para a propia pervivencia destes concellos. Esta é única maneira de reverter a tendencia cara o envellecemento pero para isto non queda máis remedio que facilitar os servizos básicos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

necesarios para que a poboación se quede nestes concellos a pesares de que se teñan que desprazar a Lugo ou a outros lugares para traballar.

O feito de non dotar de servizos os concellos próximos a Lugo facilita o traslado da poboación destes cara a cidade sendo os propios concellos os que máis perden sen que Lugo chegue a ganar unha poboación significativa.

Tampouco nestes tempos as familias deberían verse gravadas con gastos por un servizo pediátrico que ten dereito a ter na Sanidade Pública. É a atención pediátrica en Primaria unha atención especialmente sensible que non se está atendendo de xeito adecuado por parte do goberno da Xunta

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento galego insta o goberno da Xunta de Galiza a:

- Dotar de servizo de Pediatría na Atención Primaria dos concellos de Cospeito, Castro de Rei e Outeiro de Rei tódolos días da semana e a xornada completa.

-Mellorar a atención pediátrica no concello de Outeiro de Rei co fin de igualala coa dos outros dous concellos.”

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Montserrat Prado Cores
Deputadas do G.P. do BNG
Olalla Rodil Fernández
Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 26/01/2023 09:42:51

María Montserrat Prado Cores na data 26/01/2023 09:43:07

Olalla Rodil Fernández na data 26/01/2023 09:43:17





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Mercedes Queixas Zas** e dos deputados **Manuel Lourenzo Sobral** e **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre a necesidade de contar cun plan director para a recuperación do Parque do Pasatempo á maior brevidade posíbel.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No DOG do 20 de febreiro de 2020 publícase o Decreto 23/2020 polo que se declara ben de interese cultural o Parque do Pasatempo de Betanzos. A Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia declara que integran o patrimonio artístico de Galicia «as manifestacións pictóricas, escultóricas, cinematográficas, fotográficas, musicais e das restantes artes plásticas, de especial relevancia, de interese para Galicia». E, de forma excepcional, o Parque do Pasatempo presenta como marca de identidade persoal a conxunción de boa parte delas, o que o converte nunha obra de arte senlleira, galega e universal.

Recoñécese nesta declaración como BIC que o Parque do Pasatempo, herdanza dos irmáns García Naveira, “é unha obra senlleira pola súa singularidade e fráxil polo abandono e as agresións a que estivo sometido, o que o converte nun ben vulnerable que require de maneira urxente afondar na súa protección e adecuada xestión”. A catalogación como BIC implica o deber de conservar, manter e custodiar debidamente este ben inmóbel e evitar a súa perda, destrución ou deterioración.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O abandono progresivo, as filtracións de auga ou a acción da pasarela que atravesa a estrada para comunicar ambas marxes con acceso ao parque e que está a exercer unha forte carga sobre o muro exterior reclaman unha intervención protectora de urxencia que evite a súa degradación física e mais a perda do alto valor simbólico monumental deste xardín histórico. Unha recuperación imprescindible para un conxunto artístico patrimonial desatendido até hai pouco por todas as Administracións.

O Pasatempo leva pechado desde outubro de 2018. O 9 de outubro de 2018 o BNG defendeu neste Parlamento unha proposición non de lei onde instaba a “Incluír fondos suficientes para executar a rehabilitación do Pasatempo a tres bandas, xunto co Concello e a Deputación, consonte os compromisos anunciados por todos estes gobernos”.

Dous anos máis tarde sen ningún avance no tema, o BNG defendeu unha nova iniciativa instando o goberno galego a que concretase os sucesivos anuncios para a rehabilitación do pasatempo en colaboración coas distintas administracións. Compromiso ao que se negou o goberno galego argumentando a falta dun plan director para a recuperación do Parque.

A Deputación da Coruña e mais o Concello de Betanzos contrataron finalmente a primeira fase da consolidación do parque por un importe de 525.000 euros, que está en execución. Está en redacción o plan reitor contratado pola Xunta, segundo se anunciou nunha presentación pública en Betanzos no mes de agosto en que se presentaron as liñas de traballo, pero non o plan en si, que está sen rematar.

Hai uns meses aprobouse no Pleno municipal do Concello de Betanzos unha cesión temporal á Xunta para que poida encargarse da rehabilitación. Mais no





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

orçamento da Xunta para o presente ano 2023 só aparece na memoria como parte do investimento de 1,5 millóns no Camiño Inglés, pero non aparece partida territorializada.

Para dar cumprimento á colaboración entre Administracións, cómpre que, sen máis dilación, o goberno galego se comprometa coa protección e recuperación deste ben público implicando crédito para a salvagarda desta representación da memoria do noso País inserido na cultura universal.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a rematar o antes posíbel o plan director para a recuperación do Parque do Pasatempo, despois de pasaren xa 4 anos e medio desde que este ben patrimonial está pechado polo risco de novos derrubos.

Así mesmo, insta a achegar medios económicos que contribúan a cumprir coas obrigas propias da catalogación de BIC para o Parque do Pasatempo que reverta o seu dramático estado de deterioro e o retorne ao uso e goce público.”

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 26/01/2023 10:21:34

Daniel Castro García na data 26/01/2023 10:21:49

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 26/01/2023 10:21:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Mercedes Queixas Zas** e dos deputados **Manuel Lourenzo Sobral** e **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre a necesidade de avanzar na aprobación do marco normativo que regule a aprendizaxe da lingua portuguesa nos centros de ensino galegos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En outubro de 2018 este Parlamento acordou por unanimidade instar a Xunta a adoptar as medidas necesarias para solicitar a admisión do noso país como membro da Comunidade dos Países de Lingua Portuguesa e a facelo efectivo antes de rematar a pasada lexislatura.

O Partido Popular rompeu este acordo de forma unilateral ao comunicar que renunciaba á súa candidatura a facer parte da CPLP como observador asociado, delegando no Estado español esta representación de Galiza.

O que fora cualificado polo Secretario xeral de política lingüística como un logro histórico que abría unha ventá de oportunidades para Galiza como parte da irmandade lusófona, rematou negándolle o goberno do PP a Galiza a participación nos foros lusófonos, impedindo a articulación dunha estratexia de país asentada na relación con Portugal.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta absoluta inacción a respecto do reforzamento dos vínculos de Galiza coa lusofonía volveuse confirmar nesta cámara na recente comparecencia do Secretario xeral de política lingüística, Sr. Valentín García, na Comisión de Educación e Cultura, para informar do desenvolvemento da Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía.

Para alén de infrinxir, máis un ano, o mandato do artigo 5º desta lei que determina a obriga de remitir o goberno un informe anual de cumprimento, a intervención do Sr. García concluíu que non hai avances en ningunha das tres áreas reguladas nesta lei: achegar a docencia do portugués á sociedade galega, a comunicación social e a acción exterior.

Definitivamente, o Goberno galego, que xa renunciara a exercer a representación de Galiza na CPLP cedendo a responsabilidade ao goberno do Estado español, renuncia de novo agora a esixirlle ao Estado que exerza esa representación delegada e renda contas das xestións realizadas e os seus avances nos vínculos coa lusofonía.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta a:

- Iniciar un proceso de diálogo cos axentes vinculados á docencia do portugués en Galiza para avanzar na elaboración do marco normativo que regule a aprendizaxe da lingua portuguesa nos centros de ensino galegos.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Regular o marco normativo necesario para determinar os criterios que permitan crear os departamentos didácticos de portugués nos institutos de educación secundaria de Galiza.

- Reforzar a acreditación da formación lingüística do profesorado co nivel B2 de portugués a través dos programas CALC e CUALE para favorecer a ampliación da oferta da docencia da lingua portuguesa nos centros de ensino galegos.”

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 26/01/2023 12:43:16

Daniel Castro García na data 26/01/2023 12:43:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 26/01/2023 12:43:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e da deputada **Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre a situación da rede de abastecemento do concello de Salvaterra de Miño e posíbeis riscos sanitarios derivados da mesma.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. A rede de abastecemento de auga de Salvaterra de Miño conta con unha captación no río Tea e unha ETAP situada en Codesás, de xestión directa do concello. Existe un protocolo de control da rede de abastecemento municipal que establece as características das instalacións e as medidas sanitarias.

No río Tea existen problemas de contaminación da auga pola existencia de vertidos e mal funcionamento dos sistemas de depuración, situados augas arriba do punto de captación do concello de Salvaterra.

2. A falta de investimento na infraestrutura e a deficiente xestión da rede de abastecemento de Salvaterra provoca de maneira reiterada cortes no subministro, turbidez e mal cheiro da auga. A situación agravouse a finais de decembro, cando se produciu un gromo de gastroenterite que podería estar relacionado co consumo de auga da rede de abastecemento. O día 21 de decembro e nos días seguintes producíronse casos de vómitos e diarreas, que poderían estar vencellados ao consumo de auga da billa durante unha celebración no colexio Infante Felipe.

4. O feito de que varias persoas tivesen que ser atendidas no PAC de Pontearreas e no Hospital A. Cunqueiro produciu a conseguinte alarma social, con numerosas informacións en redes sociais e medios de comunicación. En resposta a estes feitos, o





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

28 de decembro o concello fixo pública unha nota informativa na que se sinalaba que “Saúde Pública confirma que nas mostras das persoas con diarrea detectouse norovirus” e se engadía que se estaba facendo un seguimento continuo con Sanidade e un estudo de vínculo epidemiolóxico con enquisas e probas de microbioloxía. E sinalábase que “nesa altura non se podía asociar o gromo co consumo de auga e continuábase cos estudos”.

Nese mesmo día 28 confirmáronse casos con bacterias *Campylobacter* e *E coli*.

Nos días seguintes seguíronse producindo episodios de cheiros, turbidez e cortes no subministro e o concello fixo público un comunicado no que se recomendaba non consumir auga da rede municipal. Nos días posteriores fixéronse públicos bandos relativos ao restablecemento do servizo e ao estado da auga.

5. Cómpre ter en conta a normativa sobre os criterios sanitarios de calidade da auga, que está regulada polo RD 140/2003, que foi derogada polo RD 3/2023, do 10 de xaneiro, polo que se establecen os criterios técnico-sanitarios da calidade da auga de consumo, o seu control e subministro.

No tocante ás medidas para garantir o abastecemento e a calidade da auga en situacións de risco sanitario, están reguladas pola lei de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario.

Da análise dos feitos sinalados con anterioridade poden derivarse posíbeis incumprimentos da normativa vixente, así como un déficit de información e transparencia, por parte do concello e tamén por parte do departamento de Saúde Pública da Xunta.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento insta a Xunta a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Facer un informe sobre o estado da rede de abastecemento do concello de Salvaterra de Miño e sobre os posíbeis riscos sanitarios derivados das deficiencias da mesma.

2. Dar a coñecer os resultados do estudo epidemiolóxico con enquisas e probas de microbioloxía que se realizaron en Salvaterra como consecuencia do gromo de gastroenterite, e sobre as posíbeis causas do mesmo.

3. Informar ao parlamento e á opinión pública sobre o cumprimento polo concello de Salvaterra de Miño da normativa estatal sobre calidade da auga de consumo humano e da normativa autonómica sobre situacións de risco sanitario.”

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 26/01/2023 13:09:24

Xosé Luis Bará Torres na data 26/01/2023 13:09:27



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Patricia Otero Rodríguez, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª.

Dende un primeiro momento o PSdeG manifestou o seu rexeitamento á supresión da área sanitaria da Mariña lucense. Fronte a esta decisión da Xunta de Galicia tamén se teñen manifestado en numerosas ocasións, ao longo destes anos e dende o momento en que se coñeceron as intencións da Xunta de Galicia: a veciñanza da Mariña, profesionais sanitarios da comarca, asociacións, sindicatos, partidos políticos ...

Esta decisión unilateral do Goberno autonómico do Partido Popular, que se materializou no ano 2018 coa supresión da área sanitaria da Mariña, provocou a centralización dos recursos na capital da provincia, con perda de servizos no Hospital da Mariña e aumentando as derivacións cara ao HULA.

Entre outros retrocesos, recortes e perdas de servizos que sufriu o Hospital da Mariña coa supresión da área sanitaria propia da Mariña son:

- Listas de agarda de ata 2 e 3 anos en distintas especialidades: cardioloxía, traumatoloxía, uroloxía, reumatoloxía...
- Derivacións a Lugo para probas como radiografías panorámicas dentais, densiometrías, electromiografías, ou intervencións de varices ou implantación de marcapasos, entre outras.
- Carencia de servizos básicos como unha consulta de cirurxía vascular, terapia ocupacional ou fisioterapia respiratoria infantil.
- En saúde mental carécese de unidade de prevención de suicidios, hospital de día infantoxuvenil ou unidade de agudos, que si se tería de contar con área sanitaria propia.
- Segue sen haber logopeda no servizo público, tendo que acudir a centros privados.

Polo tanto, a realidade é que a supresión da área sanitaria o que trouxo foi que se perderan servizos no Hospital da Mariña e que a día de hoxe no se trate dun hospital autónomo senón que depende totalmente do hospital de Lugo.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:



1. Recuperar a área sanitaria propia da Mariña para evitar a perda de servizos asistenciais e de emprego.
2. Levar adiante un plan extraordinario de reforzo de persoal para recuperar servizos que hoxe, pola súa dependencia de Lugo non están sendo eficientes no hospital da Mariña.

Pazo do Parlamento, 26 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 26/01/2023 13:40:20

Julio Torrado Quintela na data 26/01/2023 13:40:35

Marina Ortega Otero na data 26/01/2023 13:40:46

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 26/01/2023 13:41:01





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Daniel Castro García, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª**, sobre a necesidade que o goberno galego envíe a documentación solicitada en tempo e forma.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A transparencia é unha das principais características que debe ter un goberno democrático. Esta é necesaria para que a cidadanía poida saber cal é o labor desenvolvido polo seu goberno e para que os representantes da cidadanía poidan facer a importante encomenda de control do mesmo.

É por iso que existe a fórmula da solicitude de información a través do denominado “artigo 9”, pola cal os deputados e deputadas teñen o dereito de solicitar información ás diferentes áreas de goberno para poder facer un bo traballo de control. Segundo o que di o propio artigo 9, os documentos solicitados teñen a obriga de ser entregados nun tempo inferior a 30 días hábiles, mais isto é algo que case nunca ocorre.

A pouca transparencia do goberno do Partido Popular chegou a límites de non resposta do 75% dos documentos solicitados polo BNG, algo que non se debe permitir nun goberno democrático, mais alén da elevada porcentaxe tamén cabe destacar a gravidade e importancia dos documentos solicitados e non entregados que teñen a ver cos contratos de Eulen, cos proxectos Next Generation, cos eólicos instalados en Rede Natura ou coas listas de agarda da sanidade pública entre moitos outros.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pero isto non se queda aquí, xa que coas preguntas escritas ocorre algo semellante. O número de respostas é ínfimo, a tardanza é moi elevada e a calidade das respostas é deplorable, aludindo a intervencións pasadas, empregados ligazóns á “mediateca” do Parlamento ou ás veces levando a ligazóns que dan erro.

No caso dos artigos 9 ocorre algo semellante, xa que a pesar de que a Xunta de Galiza ten a obriga de remitir os documentos ao Parlamento galego, son innumerables as ocasións nas que se lles obriga aos deputados e deputadas a desprazarse a outras consellerías e cidades para consultar un documento cunha vixilancia moi destacable e cun tempo de visionado limitado.

E por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a remitir en tempo e forma e de xeito inmediato:

1. Todos os documentos atrasados solicitados a través do artigo 9 do Regulamento do Parlamento de Galiza.
2. As respostas solicitadas a través das preguntas para resposta escrita.”

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Daniel Castro García**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 26/01/2023 16:14:08

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 26/01/2023 16:14:30

Xosé Luis Bará Torres na data 26/01/2023 16:14:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Ramón Fernández Alfonso** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre o saneamento no concello de Neda.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vimos de asistir ao milésimo problema co saneamento da ría de Ferrol e ás consecuencias que desta situación se derivan para a produción marisqueira.

Neste caso uns vertidos producidos no concello de Neda, que están a producir manifestacións encontradas por parte do alcalde do concello e da conselleira de infraestruturas da Xunta de Galiza, traen de novo ao debate comarcal a situación do saneamento nos concellos da ría e as súas respectivas problemáticas, xa que a diversidade de actores e de solucións é grande.

O único organismo que semella facer parte de todas e cada unha das diferentes solucións é Augas de Galiza, tanto na marxe esquerda da ría, como na dereita (Ferrol-Narón) coas súas propias diferenzas, tanto na execución das obras como na súa xestión, entre as instalacións de depuración e a rede de interceptores.

Polo que respecta ao concello de Neda tamén a Xunta de Galiza, a través do seu organismo Augas de Galiza, comprometeu a súa colaboración no ano 2014 para financiar o 100% dunhas obras que tiñan como finalidade solucionar os problemas de funcionamento da estación depuradora de augas residuais (EDAR) e da rede colectores do municipio, obras que nunca remataron.

O feito que hoxe aparece como máis controvertido é precisamente por que razóns o saneamento do Concello de Neda quedou fora dos convenios para o sistema





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

xeral de saneamento da marxe dereita da ría de Ferrol, e sobre todo, cal ha de ser a solución a futuro.

Por estas razóns, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei na Comisión 2ª:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a realizar, de acordo co Concello de Neda, un informe para determinar cal é a mellor solución a futuro para o saneamento e depuración de augas do concello, cales son as infraestruturas e obras necesarias para executalo, o seu orzamento, e unha proposta de financiamento entre as diferentes administracións.”

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 26/01/2023 16:27:54

Ramón Fernández Alfonso na data 26/01/2023 16:27:57





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputados **Rosana Pérez Fernández** e **Carmela González Iglesias** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Non é a primeira vez que ocorre, a última hai exactamente dous anos: A afectación das intensas choivas e dos grandes aportes de auga doce ás rías e aos bancos marisqueiros de distintas presas, a inacción da Xunta de Galiza e, como consecuencia, danos ambientais e económicos que se producen con total impunidade.

Nesta ocasión, de novo, mortalidade de ameixa e berberecho principalmente nas rías de Vigo Pontevedra e Arousa. Nesta última, a caída da salinidade foi moi destacada nos seguintes días ao sábado, 14 de xaneiro, datas que coincidiron co desaugado do encoro de Portodemouros, xestionado pola empresa Naturgy. Un encoro que carece de comportas e que funciona cun sistema de desbordamento que, ademais da auga, provoca que os sedimentos acumulados tamén acaben na ría.

Chama a atención que, despois de ter ocorrido tantas veces, pola experiencia adquirida e polos importantes danos que teñen lugar cada vez que acontece, a día de hoxe aínda non se teña regulado o desaugado nin tampouco a limpeza dos fondos dos encoros e se acabe afectando impunemente ao medio ambiente e ás economías de centos de mariscadores e mariscadoras que viven do seu traballo na explotación dos bancos marisqueiros das rías galegas.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pero aínda é máis sorprendente que as empresas que xestionan os encoros o fagan afectando a outros sectores produtivos e non teña ningún tipo de responsabilidade nin de consecuencia, consentidas pola Administración ano tras ano.

Á situación de perda de produtividade constante que están a padecer as rías dende hai anos, hai que engadirlle unha nefasta xestión dos encoros, nomeadamente nas épocas de choivas persistentes, e a falla de control e de medidas coercitivas por parte do Goberno galego ou, o que é peor, a posíbel actuación premeditada de priorizar ás empresas eléctricas sobre o sector marisqueiro sen, ademais, ningún tipo de resarcimento polos danos ás persoas e entidades que viven del.

Son sucesos que non deberían volver a pasar e, polo tanto, deben tomarse todas as medidas necesarias para que así sexa e, no caso excepcional de que acontezan, deben estar perfectamente delimitadas as responsabilidades de quen os provocan e as compensacións ás persoas e entidades afectadas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento galego insta o Goberno da Xunta de Galiza a:

- Levar a cabo unha avaliación das causas da baixa salinidade das augas das rías entre finais do 2022 e primeiros de 2023 e das súas consecuencias sobre os bancos marisqueiros afectados e presentalas no Parlamento Galego.
- Elaborar e aplicar unha regulación de desaugado e limpeza de encoros que impidan a afectación á salinidade das rías e aos bancos marisqueiros e que contemple sancións aos responsábeis e indemnización ás persoas e entidades atinxidas.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Partindo da avaliación dos técnicos da Consellería do Mar e dos das propias confrarías, poñer en marcha as actuación precisas para a rexeneración dos bancos marisqueiros afectados e para paliar a posíbel perda de ingresos do sector marisqueiro e das propias confrarías.”

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2023

Asdo.: Rosana Pérez Fernández

Carmela González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 26/01/2023 16:58:44

Carmela González Iglesias na data 26/01/2023 16:58:57

Daniel Castro García na data 26/01/2023 16:59:04





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 26/01/2023 16:59:13





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Manuel Lourenzo Sobral** e da deputada **Rosana Pérez Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre o estado da depuración na faixa litoral de Oia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No mes de maio de 2020, Augas de Galiza adxudicou o servizo para a redacción dun estudo de alternativas para mellorar a depuración da faixa costeira do concello de Oia. O contrato, adxudicado a Ingenia Proyectos Técnicos, prevía un investimento de 18.000 euros e un prazo de execución de 4 meses.

Segundo a información facilitada daquela pola Xunta, no concello de Oia existían en 2020 cinco “estacións depuradoras” de augas residuais que daban servizo ao 62% da poboación municipal. En realidade non se trata de “estacións depuradoras”, son máis ben decantadoras que presentan moitos problemas de funcionamento e que verten directamente ao mar augas residuais contaminantes.

O Concello de Oia xustificou en 2020 a necesidade do citado estudo polo mal funcionamento destas falsas depuradoras e polo elevado custo económico do seu funcionamento e mantemento.

Cando pasaron xa máis de dous anos e medio desde a contratación do citado servizo, non hai ningunha noticia nin actuación de mellora da rede de saneamento e depuración do litoral de Oia.

O mal funcionamento das infraestruturas existentes ten graves consecuencias: constantes vertidos contaminantes ao mar, que afectan negativamente á calidade das





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

augas e á actividade pesqueira e marisqueira; molestias derivadas do mal funcionamento das instalacións; riscos para a saúde; mala imaxe para unha zona de alto interese turístico e paisaxístico, pola que pasa camiño portugués da costa.

Ademais dos elevados custos das instalacións, do elevado gasto municipal e o mal servizo prestado, o concello ten que facer fronte a multas polos vertidos de augas contaminantes ao mar.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento insta a Xunta a:

1. Informar ao Parlamento e á veciñanza dos resultados do estudo contratado en 2020 para analizar as alternativas para mellorar a depuración da franxa litoral do concello de Oia.
2. Desenvolver un plan para dotar a zona litoral de Oia dunha rede de saneamento e depuración moderna e eficiente, corrixindo as deficiencias que existen na actualidade.”

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Rosana Pérez Fernández

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 26/01/2023 17:46:54

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 26/01/2023 17:46:57

Xosé Luis Bará Torres na data 26/01/2023 17:47:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, relativa ás medidas a tomar diante da altísima prevalencia dos problemas de saúde mental.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Diversos estudos atopan que un terzo dos pacientes que acoden a AP están en relación con problemas de saúde mental. A Atención Primaria sostén unha parte importante da asistencia neste eido, cun aumento sostido da demanda nos últimos anos, xa antes da pandemia por covid, pero sendo esta un factor de empeoramento na prevalencia de desordes emocionais e trastornos mentais.

Coñécese que só unha porcentaxe pequena de casos de saúde mental son derivados á atención especializada (10-20%), e aínda así as listas de espera de primeira consulta en saúde mental están en torno ás 10.000 persoas datos de xuño de 2022.

As cifras de prevalencia de problemas de saúde mental en Atención Primaria, os datos sobre consumo en aumento de psicofármacos, o coñecemento sobre as consecuencias da cronificación dos problemas no empeoramento da saúde física, en calidade de vida, en baixas laborais, etc... fan necesario unha aproximación á atención que teña en conta, entre outras medidas, o aumento na accesibilidade a tratamentos psicolóxicos neste nivel de atención.

Con moitas resistencias por parte da Administración, finalmente anunciou, no Plan de Saúde mental de Galicia pos covid de 2020-2024, a creación de prazas de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

psicoloxía clínica de enlace con Atención Primaria, coa irrisoria cifra de 7 psicólogos/clínicxs para toda a comunidade, 1 por área sanitaria.

A Atención Primaria está colapsada de xeito crónico froito do desleixo e abandono para con este nivel asistencial. Existe o risco de que patoloxías graves queden ocultas co risco de que se non se tratan de xeito suficiente implica un maior risco de cronificación, unha maior gravidade e consecuencias sobre a vida das persoas (como por exemplo, mortes por suicidio).

Non se pode adiar sine die o momento de facer un esforzo imprescindible na abordaxe dos problemas de saúde mental de forma accesible e integral, incorporando xs profesionais necesarios na AP.

Máis de dous anos despois de que se publicara o Plan de saúde Mental de Galicia poscovid, non hai unha memoria publicada onde se avalíe e cuantifique o grao de consecución dos obxectivos segundo a calendarización proposta.

Polas razóns expostas o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1.- Facer público de xeito regular as memorias e informes do desenvolvemento do Plan de Saúde Mental de Galicia poscovid-19, e o Plan Galego de Prevención do Suicidio.

2.- Introducir nos cadros de persoal dos centros de saúde a especialidade de psicoloxía clínica, de xeito que estean presentes nas equipas multidisciplinares dos mesmos





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

3-. Activar, con carácter urxente e efectivo, as medidas tendentes á eliminación de toda forma de coerción nos servizos de saúde mental, seguindo as directrices da Resolución 2291 (2019) da Asemblea Parlamentaria do Consello de Europa.

4-. Reforzar a sanidade pública, coa provisión dos recursos necesarios, para reducir unhas listas de espera actualmente insoportables (máis de 10.000 persoas esperando unha primeira consulta), e que son un factor claro de desigualdade no acceso á atención pública para as persoas con menos recursos económicos, con esperas de meses.

5-. Potenciar os recursos públicos a nivel residencial e comunitario fronte á externalización de servizos.”

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 26/01/2023 18:23:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 26/01/2023 18:23:08

María Montserrat Prado Cores na data 26/01/2023 18:23:16





Solicítolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante o Pleno- da Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para informar **"sobre as políticas da Xunta en materia de solo empresarial"**.

Santiago de Compostela,.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 48689
Data envío: 31/01/2023 09:27:36.288

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2023 9:27:17

CSV: BOPGDSPG-dofHvYTuA-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior - da directora xeral de Administración Local para **"dar conta do balance do ano 2022 sobre o Programa Galego de Vixiancia e Control fronte á Vespa Velutina"**.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2023 09:30:23
Nº Rexistro: 48690
Data envío: 31/01/2023 09:30:23.475

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2023 9:30:19

CSV: BOPGDSPG-dofHvYTUA-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Lourenzo Sobral, Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, Carmela González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados ao abeiro do disposto nos artigos 147 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación polo trámite de urxencia**.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A xustificación da urxencia vén dada pola necesidade de que o Parlamento se pronuncie sobre una materia de especial interese e pola importancia de tomar canto antes un acordo que fortaleza a posición de Galiza nun momento decisivo para o acceso ao financiamento con fondos europeos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza leva moitos anos de retraso e desvantaxe en materia de transporte ferroviario de mercadorías, por decisións adoptadas en Madrid e Bruxelas e que contaron co beneplácito dos dous grupos políticos do bipartidismo estatal.

En 2019 o europarlamento e a Comisión Europea incluíron na Rede Básica o Corredor Atlántico Noroeste (a conexión desde Palencia cara a León e desde aquí a Asturias e Galiza), corrixindo unha decisión anterior absurda (deixaba fóra do Corredor





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Atlántico os portos do Atlántico) e discriminatoria (relegaba os investimentos para despois de 2030).

Mais naquel momento xa estabamos nunha posición de retraso, xa iamos no furgón de cola. A causa desta situación é o deseño centralista das infraestruturas (o Corredor Atlántico pasa por Madrid) e a priorización do Corredor Mediterráneo na planificación e nos investimentos.

O resumo da situación é o seguinte:

- i) O Goberno central priorizou na última década o corredor atlántico central e o corredor mediterráneo.
- ii) A maior parte dos investimentos asignados ao Corredor Atlántico foron asignados a Madrid, Andalucía e Euskadi.
- iii) O Corredor Mediterráneo conta con un Comisionado desde 2017. O do Corredor Atlántico acaba de anunciarse mediante un anuncio efectista, xa veremos se efectivo.
- iv) O Corredor Mediterráneo conta con estratexia definida e programa de investimentos. O Corredor Atlántico carece de planificación e de cronograma claro de investimentos. E dentro do Corredor Atlántico, o Corredor Atlántico Noroeste (liña Venta de Baños-León-Galiza) vai con máis retraso. As únicas obras que están en marcha en Galiza son a conexión ferroviaria do porto exterior da Coruña e a mellora do trazado entre Ourense e Monforte (forma parte da mellora da liña férrea Ourense-Lugo)
- v) En pleno século XXI temos infraestruturas e servizos ferroviarios de mercadorías do século XIX. Un tren de mercadorías tarda 23 horas en chegar desde Vigo a Barcelona. Así non avanzamos, así non podemos ser un país conectado e competitivo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por se non fose abondo, Galiza foi excluída do borrador da Rede de Autoestradas Ferroviarias, o sistema para o transporte ferroviario de camiións cargados con mercadorías para facer por estrada o “último km”. O BNG xa presentou iniciativas no Congreso para corrixir esta nova discriminación.

2. Galiza non pode ficar outra vez atrás, o impulso do Corredor Ferroviario Noroeste é estratéxico e prioritario. En primeiro lugar porque o tren é o transporte do futuro e quen non xogue nesa liga non é competitivo. En segundo termo porque o tren é máis económico, máis lóxico e máis ecolóxico. E, por último, o tren é unha peza clave dun deseño integrado e intermodal.

Aínda que tarde, estamos nun momento decisivo para darlle pulo ao transporte ferroviario de mercadorías xa que se están mobilizando grandes sumas de diñeiro para o ferrocarril (no Mecanismo Conectar Europa e no Plan de Recuperación e Resiliencia).

Mais non é o momento de fotos e declaracións, é o momento de facer proxectos, de facer obras. Pasou o tempo dos lamentos, estamos no tempo dos investimentos.

Dentro da Estratexia Ferroviaria de Galiza, o transporte de mercadorías xoga un papel central, á par das propostas en materia de mobilidade para as persoas. E ademais da conexión do Corredor Noroeste, clave para o transporte cara Europa, é fundamental avanzar no fomento da conexión ferroviaria de mercadorías con Portugal.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación polo trámite de urxencia:

Considera de interese a Xunta crear unha fronte común institucional, económica e social galega en defensa do tren de mercadorías?

Vai o goberno galego demandar un Plan Extraordinario de Investimentos para Galiza que equilibre e compense o retraso que sofre o noso país no transporte ferroviario de mercadorías?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Vai a Xunta esixir a aprobación de proxectos e o establecemento dun calendario de obras para ser financiadas con cargo ao Mecanismo Conectar Europa, con fondos europeos do período 2021-2027 e co Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia?

Vai o goberno galego apoiar a creación dunha comisión de seguimento, coa participación dos partidos políticos con representación no parlamento galego, que vele polo impulso do ferrocarril de mercadorías e polo cumprimento da planificación e da execución dos proxectos do Corredor Noroeste e da conexión con Portugal?

Como avalía o goberno galego a exclusión de Galiza do borrador da Rede de Autoestradas Ferroviarias?

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Manuel Lourenzo Sobral

Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonso

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

Carmela González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 30/01/2023 13:40:58

Carmela González Iglesias na data 30/01/2023 13:41:03

Paulo Ríos Santomé na data 30/01/2023 13:41:09

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 30/01/2023 13:41:18

Alexandra Fernández Gómez na data 30/01/2023 13:41:24

María Montserrat Prado Cores na data 30/01/2023 13:41:31

Xosé Luis Bará Torres na data 30/01/2023 13:41:46

María González Albert na data 30/01/2023 13:41:54

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 30/01/2023 13:42:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 30/01/2023 13:42:12

María del Carmen Aira Díaz na data 30/01/2023 13:42:21

Daniel Castro García na data 30/01/2023 13:42:29

Olalla Rodil Fernández na data 30/01/2023 13:42:40

Iria Carreira Pazos na data 30/01/2023 13:42:54

Daniel Pérez López na data 30/01/2023 13:43:06

Ramón Fernández Alfonzo na data 30/01/2023 13:43:15

Rosana Pérez Fernández na data 30/01/2023 13:43:45

Mercedes Queixas Zas na data 30/01/2023 13:44:14

Xosé Luis Rivas Cruz na data 30/01/2023 13:44:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Pérez López, Ramón Fernández Alfonzo e Rosana Pérez Fernández, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á grave crise social e económica que atravesamos así como ás medidas de reorientación e transformación social e económica que atravesamos e medidas de reorientación e transformación que debe adoptar o goberno galego no mercado de traballo e no sector industrial para superala.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A análise dos datos dos últimos meses do Instituto Nacional de Estatística, do Instituto Galego de Estatística, da propia Enquisa de Poboación Activa, e dos informes de outros organismos independentes de recoñecida solvencia e prestixio, poñen de manifesto a grave crise social e económica que atravesamos, que hai que enmarcar nun contexto de crise xeneralizada a nivel estatal e europeo, pero que conta con variábeis e matices propios. Unha crise que esixe que a Xunta de Galiza adopte medidas de reorientación e transformación do mercado de traballo galego e do propio sector industrial, para superala.

Os datos do paro correspondentes ao mes de decembro de 2022 evidencian unha vez máis a febleza e os problemas estruturais que padece o mercado laboral galego, que continúa a expulsar persoas traballadoras, con 5.345 afiliadas menos neste mes con respecto ao mes anterior. E iso que neste período o número de persoas desempregadas rexistrou un leve descenso debido á contratación a tempo parcial no sector servizos coincidindo coa campaña de Nadal. Tamén se rexistraron 11.000 contratos menos que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

en novembro e case 21.000 menos respecto ao mesmo período do ano 2021, aumentando o desemprego no sector primario, na industria e na construción. O único sector no que baixa o paro é nos servizos, o que demostra unha vez máis a febleza do mercado laboral e do modelo económico implantado en Galiza.

A mocidade galega foi unha das grandes damnificada na crise do 2008 e da crise derivada da pandemia. E atendendo aos indicadores económicos, a historia parece que vai camiño de repetirse coa actual. Falamos dun colectivo que leva anos arrastrando problemas estruturais, como a fenda salarial entre mocidade e resto de traballadores e traballadoras, e un mercado de traballo marcado pola temporalidade e a parcialidade. Unha situación precaria que aboca ás mozas e mozos galegos á emigración, coa conseguinte perda de forza de traballo altamente cualificada para o mercado de traballo do noso país.

A situación sociolaboral da muller galega segue a ser desfavorábel en comparación coa dos homes, e, en termos xerais, moi precaria. Porque a pesar de que hai indicadores que amosan unha certa mellora, segue a estar por debaixo da situación da poboación traballadora masculina no relativo á taxa de actividade e taxa de ocupación. Porén, a taxa de paro feminina (11,8%) é superior á dos homes (9,8%). O 58,3% das persoas paradas rexistradas son mulleres. Ao que hai que sumarlle que a muller segue a desempeñar actividades altamente feminizadas e traballos infravalorados, caracterizados pola precariedade laboral. Igual que o colectivo da mocidade galega, a situación da muller no mercado de traballo vén marcada pola parcialidade, temporalidade e a fenda salarial, neste caso, de xénero.

No relativo á industria, a situación non é mellor. En decembro de 2022 todos os sectores da industria galega baixaron a súa produción, cunha taxa xeral negativa do 5,4%, agás o enerxético. Que avanza un 17%. Porén, a evolución da produción





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

industrial estatal foi positiva, ao medrar un 2,2%. Esta precaria situación social e económica da Galiza coincide cunha elevada inflación, que provoca un proceso de empobrecemento das persoas máis desfavorecidas. O cal é un problema atendendo a que no nos país hai 700.000 persoas en risco de pobreza e exclusión social, segundo datos do informe de EAPN-Galiza.

Fronte a isto, é imprescindible levar a cabo un profundo cambio do sistema económico e social para favorecer a creación de emprego de calidade, con salarios dignos, apostando por un maior peso do sector industrial na nosa economía e por sectores emerxentes, dándolle prioridade nas políticas sociolaborais a mulleres e mocidade.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Que medidas pensa adoptar o goberno galego para reverter a grave crise sociolaboral quen está a sufrir a Galiza?

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Daniel Pérez López**

Ramón Fernández Alfonso

Rosana Pérez Fernández

Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 20/01/2023 12:45:08

Ramón Fernández Alfonzo na data 20/01/2023 12:45:12

Daniel Pérez López na data 20/01/2023 12:45:22



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Marina Ortega Otero e Pablo Arangüena Fernández, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

En Galicia existen 8 Puntos de Encontro Familiar, sitos 7 nas grandes cidades e 1 en Ribeira, que foron regulados no ano 2014 como espazos destinados a preservar a relación entre os menores e os membros da súa familia en situación de crise e a garantir a seguridade e o benestar dos menores.

Os Puntos de Encontro Familiar (PEF) son un servizo financiado pola Xunta de Galicia pero de xestión privada e realizaron durante o 2022 cerca de 18.000 intervencións.

Durante o pasado ano atendéronse a máis de 2.700 persoas, entre nenos/as e adultos, que usaron este servizo para relacionarse cando hai unha situación conflitiva de separación, divorcio, nulidade, tutela ou calquera outro suposto de interrupción da convivencia familiar, cando o exercicio do dereito de visitas se vexa interrompido ou o seu cumprimento resulte difícil ou conflitivo ou para entregas e recollidas dos menores, se así o determina unha resolución xudicial.

O número de intervencións incrementouse un 2 % ao respecto da cifra do ano anterior (2021) o que demostra un incremento do uso deste recurso pero temos que ter en conta que non se trata dunha cifra real xa que a demanda é moito maior o que ocasiona que existan en todos estes centros listas de espera e que moitas veces os xuíces nas súas resolucións opten por solucións alternativas.

Dende o Grupo Socialista levamos anos esixindo que se incremente o número de PEF para poder acabar con estas listas de agarda e para cubrir determinadas zonas do territorio nas que existe moita demanda e atópanse situadas a moita distancia do centro máis achegado.

O goberno da Xunta anunciou este ano a ampliación de centros á comarca do Deza e á comarca da Mariña, decisión que aplaudimos pero entendemos insuficiente xa que deixa fóra zonas coma por exemplo a do Salnés onde existen grandes núcleos de poboación e unha demanda histórica deste servizo.



Nós defendemos que compre facer un estudo previo sobre a necesidade deste recurso nos diferentes territorios e ampliar o número de centro alí onde exista máis demanda.

A maiores entendemos que o punto de encontro é un equipamento social que presta un recurso necesario para situacións familiares moi sensibles cun alto grado de conflitividade e casos de violencia de xénero polo que ten que estar aberto os 365 días do ano e non pode pechar durante o mes de agosto por vacacións do persoal limitando as relacións familiares de moitos usuarios e usuarias ou causando serio agravio as mulleres vítimas de violencia de xénero.

É, por iso, polo que dende o Grupo Parlamentario Socialista solicitamos ao goberno da Xunta que leve a cabo un informe no que se determinen os territorios onde existe unha maior demanda do PEF para a posterior apertura progresiva dos mesmos e a maiores que se busque unha alternativa ao peche durante o mes de agosto destes centros, compatible cos dereitos laborais dos seus traballadores, que permita que o mesmo permaneza aberto os 365 días ao ano.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan interpelean ao Goberno galego nos seguintes termos:

Entende o goberno da Xunta que o número de Puntos de Encontro Familiar existentes en Galicia responde á necesidade social existente?

Pazo do Parlamento, 19 de xaneiro do 2023

Asdo.: Paloma Castro Rey
Marina Ortega Otero
Pablo Arangüena Fernández
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 20/01/2023 12:47:37

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2023 12:54:08
Nº Rexistro: 47851
Data envío: 20/01/2023 12:54:08.528

Marina Ortega Otero na data 20/01/2023 12:47:45

Pablo Arangüena Fernández na data 20/01/2023 12:47:54

CSV: BOPGDSPG-dofHvyTuA-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Alexandra Fernández Gómez, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a necesidade de impulsar un novo marco normativo que regule o réxime das cooperativas en cesión de uso.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os prezos da vivenda na Coruña subiron un 6,3% desde a pandemia e chegamos aos 2000 euros de prezo por metro cadrado. Segundo a Estatística Rexistral Inmobiliaria, a nosa cidade é a undécima capital de provincia máis cara do Estado Español, é a máis cara de Galiza e o prezo que soportamos por adquirir unha vivenda é un 23% máis elevado que a media estatal. Así mesmo, a nosa cidade é a máis cara de Galiza no caso de quixermos alugar unha vivenda.

Ás dificultades no acceso a unha vivenda digna e con prezos asumíbeis, xúntase as condicións en que as están as vivendas dispoñíbeis e, sobre todo, as tremendas dificultades para adquirir ou alugar recursos habitacionais con accesibilidade universal e que permitan a autonomía das persoas e a vida en comunidade.

Por iso, a raíz de experiencias persoais mais tamén da observación da realidade do mercado inmobiliario, logo de coñecer múltiples iniciativas en Europa e no Estado español, naceu na Coruña a iniciativa “Outra forma de vivenda”.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“Outra forma de vivenda” é unha iniciativa que pretende reivindicar, impulsar e difundir unha cooperativa de vivendas na que as persoas poidan participar de xeito colectivo en todas as fases do proceso, cumprir co dereito de ter unha vivenda digna, accesíbel, con espazos adaptábeis ás distintas realidades, comunitarias, con espazos e servizos comúns, inseridas nos barrios e sustentábeis.

A idea é construír non só vivendas para a xente adaptadas ás súas necesidades a prezos razoábeis senón tamén unha maneira de habitar con maiores servizos e espazos comúns que fomenten a convivencia e a cohesión social.

O modelo que promove é o de cooperativa en cesión de uso: unha alternativa no acceso á vivenda nun momento no que cada vez se encarece máis o acceso a este dereito. A propiedade é da cooperativa mais a cesión do uso é persoal. É un modelo distinto ao da propiedade habitual no Estado Español, aínda que xa hai exemplos en Euskadi ou Catalunya, mais que está asentado noutros lugares do mundo como Uruguai ou Dinamarca, onde o modelo Andel xa conta cun total de 125.000 vivendas.

A Xunta de Galiza debe facerlle fronte a un dos problemas máis importantes e fundamentais no país: que é o das dificultades no acceso a unha vivenda digna a prezos razoábeis. Debemos facer todo o que estea nas nosas mans para facilitar o acceso a un ben básico como é o da vivenda e podémolo facer co apoio ao modelo de cooperativas en cesión de uso.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

- Ten previsto a Xunta impulsar un novo marco normativo que regule o réxime das cooperativas en cesión de uso?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Contempla a Xunta modificar o actual marco normativo para incorporar os dereitos de tanteo e retracto nas execucións hipotecarias?

- Concorda o Goberno galego con que estas medidas favorecerían a dispoñibilidade dun maior número de vivendas para destino social?

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**
Alexandra Fernández Gómez
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 23/01/2023 12:12:58

Mercedes Queixas Zas na data 23/01/2023 12:13:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a necesidade de a Xunta iniciar un proxecto de redacción e implementación dun plan de xestión do Monumento Natural da Costa de Dexo- Serantes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O espazo natural protexido coñecido como Monumento Natural da Costa de Dexo-Serantes, declarado ZEC (zona de especial conservación) abrangue a maior parte da faixa costeira norte do municipio de Oleiros (parroquias de Dexo e Serantes), desde os faros de Mera até o porto de Lorbé.

Declarada como Monumento Natural no 2000 e Lugar de Interese Comunitario en 2004, en 2014 foi declarada finalmente Zona de Especial Conservación.

Porén, malia este recoñecemento de protección e conservación, o espazo segue a carecer a día de hoxe de calquera tipo de plan director que asegure a súa axeitada conservación, custodia e dinamización.

Malia a zona estar relativamente libre de impactos urbanísticos, non o está de ameazas humanas, así como de plantas alóctonas, polo que no BNG insistimos desde hai anos en que urxe unha ordenación que vaia acompañada de medidas concretas para asegurar a preservación do espazo.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

- Que medidas prevé a Xunta para mellorar a protección dos espazos naturais de especial protección (ZEC) como o Monumento Natural da Costa de Dexo-Serantes?
- Coñece a Xunta o estado de conservación actual deste espazo, a influencia humana no mesmo, así como a exercida polas plantas alóctonas?
- Ten contacto o goberno cos seus actuais propietarios para velar polo mantemento deste espazo natural?
- Traballa a Xunta nalgún proxecto de redacción e implementación dun plan de xestión do Monumento Natural da Costa de Dexo- Serantes?

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 23/01/2023 12:34:51





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 23/01/2023 12:34:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O DOG publicaba, o pasado 4 de xaneiro, unha Orde de axudas “para investimentos que fomenten a pesca sustentábel para tripulantes”, que a propia Consellería vén publicitando dende hai anos como axudas que contribúen a paliar a falta de remuda xeracional no sector pesqueiro, un problema que se ve vir dende hai máis dunha década e que a Xunta de Galiza está aínda moi lonxe de atallar. De feito, son cada vez máis o número de buques que se vén na obriga de amarrar a porto por falta de tripulación.

Estas axudas, cuxa finalidade é a primeira adquisición dun buque de pesca, véñense convocando anualmente e comezaron no ano 2016 cun creto orzamentario total de 500.000 euros, reducíndose ata os 300.000 euros deste ano.

Para acceder a elas, entre outros requisitos específicos, as persoas beneficiarias deben ter menos de 40 anos e o buque que adquieran debe ter unha eslora inferior a 24 metros e entre 5 e 30 anos de antigüidade. O investimento máximo subvencionábel non poderá superar os 75.000 euros.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estamos, pois, diante dunhas axudas de tan só 300.000 euros para un amplísimo segmento da nosa frota. Segundo o informe anual sobre a frota Pesqueira da Plataforma Tecnolóxica da Pesca, da Consellaría de Mar, Galiza conta cun total de 4.232 buques, dos que 3.956 (o 93,4%) teñen unha eslora inferior a 24 metros e destes, 3.640 teñen menos de 12 metros.

300.000 euros é unha cantidade tan insignificante para fomentar a remuda xeracional que supoñería entre 5 e 10 persoas beneficiarias cada ano, estimando o prezo dunha embarcación de segunda man de menos de 12 metros de eslora entre 30 e 60.000 euros. Polo tanto, máis que á remuda xeracional as axudas parecen ir dirixidas a outros fins moito menos proveitosos para a frota pesqueira galega.

Ademais da irrisoria cantidade destinada, a Orde establece algúns requisitos excesivamente limitativos, como non permitir a compra dun barco de segunda man de menos de 5 anos.

O establecemento da idade máxima de 30 anos dos buques que se poden mercar pode parecer, a priori, unha medida para deter o envellecemento da frota. Mais non é así porque xa nestes momentos máis da metade dela ten máis de 30 anos e 1/3, máis de 40, sen que se estean a tomar medidas de calado para a súa renovación.

Esa falta de medidas para axudar a renovar a frota xa está a ter consecuencias reais e as compañías aseguradoras están a poñer impedimentos, ou a negar directamente, os seguros a buques de certa idade. Se a isto se lle engade o aumento desmedido dos custos de explotación, do alto prezo do combustíbel, da inxente normativa limitadora da actividade e da falta de decisión política para enfrontar os problemas reais do sector, o futuro é avocalo a un maior desánimo aínda, aos despezos e ao abandono da profesión.



Se, tal e como se recoñece na Orde publicada o 4 de xaneiro, “o sector da pesca constitúe un sector estratéxico para o desenvolvemento da nosa comunidade que ten o reto de contribuír á consecución de determinados obxectivos temáticos do Marco estratéxico común e aproveitar ao máximo os fondos deste marco para acadar os novos retos que se formulan e, neste senso ... aproveitar todas as posibilidades que brindan estes instrumentos para acadar o obxectivo de sector competitivo, sustentable e respectuoso co ambiente”, haberá que poñer os medios para que así sexa, para que se leven a cabo melloras que aporten seguridade e comodidade aos buques, para a nova construción e para a tan manida remuda xeracional.

O novo FEMPA 2021-27 marca, precisamente, como un dos seus obxectivos a facilitación desa remuda e Galiza recibirá nese período 366 millóns de euros do total de 1.220 destinados ao Estado español. Polo tanto, está en condicións de implicarse seria e profundamente na renovación dunha frota que o necesita perentoriamente, que é esencial para garantir a seguridade alimentaria e que é vital económica e socialmente para o noso país.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

. Que valoración fai a Xunta de Galiza das medidas que está a tomar para a renovación da frota galega, para paliar a falla de remuda xeracional no sector e para evitar os despezamentos?

. Que valoración fai das axudas para investimentos que fomenten a pesca sustentábel para tripulantes dende o 2016 ata a actualidade? Nese período, cantas foron as persoas beneficiarias?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

. Considera que os requisitos establecidos nesas convocatorias contribúen realmente a fomentar a remuda xeracional?

. Dos fondos FEMPA 2021-27 que recibirá Galiza, e tendo en conta o envellecemento da frota de pesca galega, que orzamento destinará o Goberno galego a poñer en marcha un verdadeiro plan de renovación da mesma que favoreza tamén a remuda xeracional?

. Como pode o sector pesqueiro galego, segundo a Xunta de Galiza, conseguir ser competitivo, sustentábel e respectuoso co ambiente? Considera que o Goberno está a tomar as medidas acaídas e a poñer os medios suficientes para que o sector consiga eses obxectivos?

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2023

Asdo.: Rosana Pérez Fernández

Carmela González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 23/01/2023 13:12:07





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Carmela González Iglesias na data 23/01/2023 13:12:10

Rosana Pérez Fernández na data 23/01/2023 13:12:20





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Hai máis de 20 anos, por imperativo legal e a raíz da entrada do Estado español na Unión Europea, diversas normativas veñen intentando regularizar as embarcacións da frota pesqueira, unha regularización que se leva a cabo dende o Ministerio de Pesca por non ter Galiza competencias sobre a ordenación do sector pesqueiro e sen que se adecúe a normativa á realidade da frota galega .

O primeiro procedemento levábase a cabo no ano 1999 e marcaba os criterios das competencias e dos obxectivos. Posteriormente, a Lei 9/2007, de 22 de xuño, imposta por Bruxelas, establecía criterios, actuacións e prazos para que as embarcacións pesqueiras e empresas navieras se inscribisen no rexistro de buques e no Censo da Flota Pesqueira Operativa.

A norma perseguía que o novo procedemento administrativo de regularización fora impulsado polas Comunidades Autónomas, ampliaba o prazo de regularización e instauraba a cancelación de oficio daquelas embarcacións que non se acolleran á regularización. Pretendía regularizar 2.442 embarcacións pesqueiras pendentes de regularización por razóns de diverso tipo (dimensións,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

arqueo bruto, materiais e fundamentalmente potencia propulsora), establecendo un prazo de 2 anos para a súa regularización.

Máis tarde, a través da Lei 35/2011, de 4 de outubro, sobre titularidade compartida das explotacións agrarias, na súa Disposición adicional quinta, modifícase a Lei 3/2001, de 26 de marzo, de Pesca Marítima do Estado, engadíndolle o Título VI., “Regularización de buques pesqueiros no Censo da Frota Pesqueira Operativa e no Rexistro de Buques e Empresas Navieras”,

A este novo procedemento podían acollerse aqueles armadores e propietarios que non foran admitidos a trámite no procedemento da Lei 9/2007 e que presentaran solicitude antes do 31 de decembro de 2007.

Aínda así, esta nova medida tampouco foi suficiente e publicouse, en menos dun ano, o Real Decreto 1081/2012, de 13 de xullo. Agora, establecíase unha nova regularización para as solicitudes aínda pendentes, pero unicamente para aquelas que se presentaran en prazo coa Lei 9/2007 e que non foran admitidas por non aportaren as baixas e para as que non presentaran a solicitude segundo a mesma Lei antes do 31 de decembro de 2007 e non foran admitidas.

O procedemento demostrouse engorroso e tan limitado que non recollía gran parte das múltiples casuísticas existentes e, finalmente, non acabou resolvendo a maior parte das solicitudes.

O pasado 29 de decembro publícase o Real Decreto 1044/2022, de 27 de decembro, de ordenación da frota pesqueira, que pretende refundir todos os procedementos anteriores e unificar toda a normativa anterior e que xa está a causar unha fonda preocupación entre a frota galega, nomeadamente o seu artigo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5, sobre a potencia dos buques de pesca, e a prohibición de faenar cun buque de pesca equipado cun motor cuxa potencia exceda a establecida na súa licenza.

O sector asegura que existen a día de hoxe moitas embarcacións con maior potencia da que legalmente lle pertence o que, evidentemente, de ser así, representaría un problema máis a engadir aos moitos que xa ten na actualidade. Mais descoñecemos cal é a situación real e se a Consellería do Mar realizou durante todo este tempo algún estudo que permita saber con rigorosidade cal foi a evolución da nosa frota ao longo dos distintos períodos de regularización de embarcacións ou se elaborou algún informe que contribúa a comprender a súa realidade.

Sería de gran importancia e de moita utilidade ter datos reais, saber que parte da frota supera o cabalaxe por motivos de seguridade, para mellorar as condicións de traballo a bordo, a eficiencia enerxética, etc. Datos que servisen para demandar unha regularización adaptada á nosa realidade e ás condicións de traballo dos nosos buques e que puidesen evitar males maiores, como os que agora nos ameazan.

Tamén sería relevante coñecer as actuacións que levou a cabo o Goberno galego para reclamar as competencias de ordenación pesqueira e, polo tanto, para poder realizar funcións que irían moito máis alá de adicarse simplemente a tramitar expedientes que, finalmente, serán resoltos por outra Administración.

No Real Decreto tamén se recollen diversos aspectos relacionados coa capacidade da frota pesqueira. A este respecto, sería moi aclaratorio coñecer con exactitude a capacidade da que dispón o Estado, en GT e en CV, e, sobre todo, se vai desenvolver algunha actuación para que esa capacidade sirva para a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

regularización das embarcacións que agora poden estar comprometidas ou se vai persistir no modelo actual que vén dando pé á especulación sobre a compra de cabalaxe (CV) e capacidade (GT) nos últimos anos.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

. Que valoración fai a Xunta de Galiza dos últimos procesos de regularización da frota pesqueira?

. Cal é a situación real, resultante do proceso de regularización de embarcacións pesqueiras en Galiza?

. Cal é a situación real de determinados segmentos da frota (percebe e marisqueo a frote, etc.) que se viron obrigados a aumentar o seu cabalaxe por seguridade ou por mellora das condicións da vida a bordo?

. Cal é o número de embarcacións pesqueiras galegas afectadas polo RD 1044/2022?

. Que valoración fai do feito de que a non coincidencia da potencia real coa que figura no rexistro do buque se solventa coa paralización da embarcación e o consecuente prexuízo para o armador, propietario e traballadores? Que actuacións vai levar a cabo para evitalo?

. Que posición ten a Xunta de Galiza a respecto de que unicamente se lle atribúan competencias na regulación das embarcacións auxiliares e das que pescan en augas interiores? Vai demandar a competencia exclusiva na ordenación pesqueira das embarcacións que faenan en augas interiores e exteriores e das que faenan exclusivamente en augas exteriores?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Ten coñecemento de cal é a capacidade que ten o Goberno do Estado, en GT e CV, e de que medidas se van tomar para permitir que sirva para regularizar o sector? Vai propoñer medidas para regular a compra de cabalaxe e capacidade para que non continúe a especulación que se vén dando nos últimos anos? De ser así, cales?

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carmela González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Carmela González Iglesias na data 23/01/2023 13:16:23

Rosana Pérez Fernández na data 23/01/2023 13:16:27

Daniel Castro García na data 23/01/2023 13:16:50





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegaliza.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Montserrat Prado Cores e Olalla Rodil Fernández, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación,** sobre a necesidade de que a Xunta de Galiza mellore o servizo sanitario público da comarca da Mariña.

A sanidade pública de todo o país está a pasar por un dos peores momentos desde a súa creación. Estes problemas veñen de moi lonxe, mais tras a pandemia acelerouse dun xeito significativo o proceso de desmantelamento da nosa sanidade e moi especialmente da nosa Atención Primaria.

Como é sabido, as políticas sanitarias do Partido Popular levaron a esta situación que por suposto tamén se fai notar, e dun xeito moi acusado na comarca da Mariña. Desde o ano 2009, coa entrada do Partido Popular na Xunta de Galiza a sanidade mariñá viu sufrindo diferentes recortes e redución de servizos que se viron totalmente plasmados na supresión da Área Sanitaria da Mariña en 2017.

Este foi o punto de inflexión que marcou un antes e un despois na calidade da sanidade pública mariñá. Mais, co paso dos anos e coa incidencia da pandemia da COVID, a situación empeorou dun xeito dramático levando a que a sanidade mariñá estea rozando o colapso de xeito continuado, tanto no Hospital de Burela como nos Centros de Saúde da maioría dos concellos da comarca.

Esta realidade levou a grandes mobilizacións e protestas por parte de toda a cidadanía, dos e das profesionais e da Plataforma na Defensa da Sanidade Pública da Mariña que ano tras ano seguen enchendo as rúas como fixeron de novo hai poucos días . De igual maneira, os formularios de queixas tamén seguen a encherse para facer ver





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodeGaliza.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

unha realidade da que todos son conscientes, incluso o Partido Popular, que segue mirando para outro lado.

Poderíamos enumerar unha a unha todas as eivas existentes, mais ocuparía moito tempo e papel, iso si, poderíanse resumir nunha absoluta falta de cobertura das baixas médicas e de persoal de enfermería, das vacacións e de calquera tipo de permiso en todos os centros de saúde da comarca e no Hospital de Burela, que se suman a un déficit estrutural de persoal que viña de moi atrás.

Do mesmo xeito, neste hospital no que aumentan os metros cadrados e diminúen os servizos, segue a incrementarse día a día as derivacións ao HULA a pesar de que a Xunta de Galiza tivese prometido a súa redución, polo que os e as mariñas ven reducidos progresivamente os servizos que teñen dereito a ter.

Por outra banda a situación dos traballadores e traballadoras é de absoluta precariedade. Cada vez é máis difícil contratar novos sanitarios e sanitarias porque as condicións de traballo tanto en termos de soldo, como de temporalidade, como de facilidades para desprazarse á comarca son extremas.

Cada ben pouco seguimos lendo casos moi graves, como que nunha vila coma Viveiro de preto de 16 mil habitantes houbera momentos nos que só está dispoñible un médico, persoas que teñen que agardar 2 ou 3 anos por unha consulta de cardioloxía, persoas que teñen que agardar 4 meses por unha biopsia ou varios Centros de Saúde sen pediatra.

A situación da sanidade pública da Mariña é absolutamente insostible e por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

- Que explicacións dá a Xunta de Galiza para explicar a situación de extrema gravidade que está a sufrir a sanidade pública?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodeGaliza.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que conclusións saca a Xunta de Galiza da manifestación contra o desmantelamento da sanidade publica mariñá do pasado 19 de xaneiro en Burela?
- Vai facer a Xunta de Galiza todo o posible para cubrir todas as baixas e vacacións da Atención Primaria mariñá?
- Considera a Xunta de Galiza normal que haxa concellos como o de Viveiro que están sen pediatra algúns días á semana?

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Daniel Castro García**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 23/01/2023 17:05:03

María Montserrat Prado Cores na data 23/01/2023 17:05:06

Olalla Rodil Fernández na data 23/01/2023 17:05:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa a retirada da medalla de ouro de Galiza concedida a Francisco Álvarez Cascos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En xuño do ano 2003 a Xunta do PP, baixo a presidencia de Manuel Fraga, concedía a Francisco Álvarez Cascos, daquela Ministro de Fomento do goberno central, a Medalla de Ouro de Galiza.

Aquela distinción de tal alto rango foi obxecto de polémica e de rexeitamento dunha parte importante da sociedade galega. Sen entrar a valorar as circunstancias daquela decisión, o paso do tempo veu corroborar que foi un grave erro, que logo de 20 anos estamos a tempo de remediar.

Máis alá de decisións atribuíbeis ao daquela ministro que foron perxudiciais para o noso país (a actuación na crise do Prestige xunto coa privatización da AP9 en 2003 son as máis significativas), as graves acusacións de presunta corrupción que rodean a actuación pública e privada do sr. Álvarez Cascos obrigan a tomar decisións en defensa do bo nome, da honra e da dignidade das institucións galegas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nos pasados días transcenderon informacións xornalísticas segundo as cales o sr Álvarez Cascos ingresou 4,7 millóns de euros de empresas que foron favorecidas por decisións tomadas cando ocupada postos de responsabilidade no goberno español. Segundo estas novas comezou a cobrar destas empresas en 2004 e seguiu facéndoo até o ano 2018.

As institucións galegas non poden pasar por alto estas graves acusacións, que veñen a acumularse a outros moitos motivos que xustifican a retirada dos recoñecementos honoríficos concedidos.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Cales son os criterios en base aos que a Xunta de Galiza concede a Medalla de Ouro de Galiza?

Considera a Xunta que o sr. Álvarez Cascos é digno de posuír a Medalla de Ouro de Galiza?

Como valora a Xunta as informacións xornalísticas sobre o cobro por parte do sr. Álvarez Cascos de 4,7 millóns de empresas favorecidas pola súa actividade como ministro?

Ten coñecemento o goberno galego da participación de empresas e institucións galegas nesta trama?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ten previsto a Xunta retirar e solicitar a devolución da medalla de ouro de Galiza concedida ao sr. Álvarez Cascos en 2003?

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Iria Carreira Pazos
Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 23/01/2023 17:28:00

Xosé Luis Bará Torres na data 23/01/2023 17:28:03

Iria Carreira Pazos na data 23/01/2023 17:28:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo e Daniel Pérez López, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre as accións que debe realizar a Xunta de Galiza para garantir o futuro da factoría de Alcoa San Cibrao.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os meses seguen pasando e o futuro da factoría de Alcoa San Cibrao segue pendendo dun fío. A día de hoxe vemos como a empresa norteamericana continúa a mostrar un total desinterese polo cumprimento dos acordos acadados hai xa máis de un ano.

Desgraciadamente, mentres isto está ocorrendo, a Xunta de Galiza continúa a actuar como se este problema non tivese que ver co goberno galego. Deste xeito, non aparece en moitas das xuntanzas entre o comité e a empresa e sobre todo, non mostra vontade algunha de facelo.

Todo isto xera unha situación na que a empresa confirma publicamente a súa vontade de incumplir o acordo acadado e votado democraticamente entre todo o plantel da factoría, algo que pon claramente en perigo o mantemento dos postos de traballo.

Alén de todo isto, a empresa mostrou unha clara intención de manter paralizadas para o vindeiro ano o 93'8% das cubas de electrólise da planta, deixando para o 2025 a re arranque das demais cubas e descartando de maneira clara unha das principais inversións como é o forno de cocción.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

- Cal é a valoración por parte da Xunta de Galiza dos incumprimentos dos compromisos acadados por empresas para continuar coa súa actividade en Galiza, como sucedeu por exemplo co acordo acadado por Alcoa en 2021?
- Vai realizar a Xunta de Galiza algún tipo de acción para evitar que a empresa incumpra os acordos?
- Vai a Xunta de Galiza estar presente en todas as xuntanzas con Alcoa, para presionar á empresa a cumprir o acordado?

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Daniel Castro García**

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 23/01/2023 17:57:19

Daniel Pérez López na data 23/01/2023 17:57:23





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 23/01/2023 17:57:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a necesidade de que goberno galego actúe de urxencia ante as consecuencias provocadas na saúde das mulleres polas listas de espera da Unidade de Mama do Hospital Abente y Lago da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As listas de espera hospitalarias son un dos indicadores que permiten visualizar a situación da sanidade pública galega.

Após a pandemia da COVID-19, o número de doentes en agarda dunha primeira consulta hospitalaria ascendía o 30 de xuño de 2022 a 198.323, das cales 599 pacientes levaban máis de 12 meses agardando por esa cita. Nesa mesma data, as doentes en espera dunha cirurxía ascendían a 46.553, cunha importante cifra de pacientes que levaban tamén máis dun ano esperando por esa intervención.

Se atendemos á situación das listas de espera de probas diagnósticas, 119.197 doentes estaban agardando ao remate do segundo trimestre do 2022, sendo 3.116 as persoas que estaban nesa situación desde antes do verán de 2021.

Son datos absolutamente parciais, pois só responden ás listas de espera estruturais, manténdose na absoluta opacidade os datos correspondentes ás listas de espera non estruturais, a pesar das demandas reiteradas por parte de forzas políticas, sindicais e sociais. Opacidade que tamén soportan as doentes incluídas nestas listas de espera non estruturais,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que non contan con ningún tipo de información acerca da súa situación, incluso a pesar de tamén se ter pronunciado a este respecto a Valedora do Pobo reclamando transparencia informativa ao goberno da Xunta.

Outra fórmula utilizada polo goberno do Partido Popular á hora de xestionar a información das listas de espera é o feito de que cada vez son máis as pacientes que non reciben unha data e hora para a realización dunha proba ou consulta, senón que fican pendentes dunha chamada telefónica ou carta para que se lles sexa adxudicada esta cita. Deste xeito, miles de pacientes están pendentes un tempo ilimitado de recibir esa cita, vulnerando o seu dereito á información e sen permitirlles unha debida planificación nin, en moitos casos, o correcto control dunha doenza.

Cómpre ter presente, ademais, que tampouco se fan públicos os datos referentes ás segundas e sucesivas consultas hospitalarias, sendo frecuente que nestes casos non se respecten os períodos estipulados polas facultativas baixo criterios clínicos, sendo moitas as pacientes pendentes de revisións que agardan máis tempo do que lles corresponde.

Un destes casos de demoras excesivas na realización de probas diagnósticas durante varios meses, coas consecuentes revisións médicas de control postoperatorio, é o que se rexistra na Unidade de Mama do Hospital Abente y Lago da Coruña, tal e como comprobamos no grupo parlamentario do BNG, o que está a ter consecuencias sobre as pacientes no correcto seguimento dunha doenza deste tipo e sobre a aplicación dos tratamentos médicos necesarios.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

- Que medidas ten contemplado o goberno para garantir o dereito á información das pacientes en lista de espera non estrutural, como por exemplo as das unidades de mama?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que medidas prevé para garantir a súa atención nun período máximo de espera?
- É consciente o goberno galego da situación na que se atopan as pacientes en lista de espera na Unidade de Mama do Hospital Abente y Lago da Coruña?
- Cantas pacientes se atopan actualmente en lista de espera na Unidade de Mama do Hospital Abente y Lago, incluíndo todas as que están pendentes de ser citadas?
- Por que non todas as pacientes reciben unha cita no momento de solicitala?
- É consciente o goberno que non se está a respectar os protocolos de control e seguimento da doenza posteriores á cirurxía de mama?
- Cando e como pensa o goberno galego rematar coas listas de espera non estruturais na Unidade de Mama do Hospital Abente y Lago da Coruña?

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 23/01/2023 19:15:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 23/01/2023 19:15:14

Mercedes Queixas Zas na data 23/01/2023 19:15:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O “Plan de Acción para Conservar os Recursos Pesqueiros e Protexer os Ecosistemas Mariños”, contemplado dentro da Estratexia de Biodiversidade da Unión Europea para 2030, enmarcada á súa vez no Plan Verde Europeo, contempla, como unha das súas medidas chave, acadar unha protección da superficie mariña europea nun 30%, cun 10% de máxima protección.

Os seus piares son, tal e como recoñeceu publicamente a propia Comisión Europea no mes de marzo, “a protección dos fondos mariños e a conciliación das artes de fondo cos obxectivos de sostibilidade”, seguindo así o camiño marcado pola propia Estratexia de Biodiversidade 2030 que recolle que “Cando sexa necesario introduciranse medidas para limitar o uso das artes de pesca máis prexudiciais para a diversidade, incluso no fondo mariño”.

Por outra banda, e na mesma dirección, a Conferencia das Partes de Nacións Unidas sobre Biodiversidade, a COP 15 de Montreal, acadou un acordo de Convenio sobre a Diversidade Biolóxica no pasado mes de decembro que, segundo a propia vicepresidenta do Goberno do Estado español e ministra para a Transición Ecolóxica e o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Reto Demográfico, “permitirá acadar a protección e xestión efectiva para a conservación do 30% da superficie terrestre e mariña para 2030”.

Nun acto celebrado a semana pasada en Vigo, a directora xeral de Pesca e Asuntos Marítimos da UE confirmou aos medios de comunicación que o Plan de Acción para a Pesca será dado a coñecer no mes de febreiro e anticipou que a súa posta en marcha significará novos peches de zonas ao arrastre de fondo, con medidas que irán dende a prohibición nas Áreas Mariñas Protexidas (AMP) comunitarias ata unha maior limitación do súa utilización noutras.

O obxectivo de intentar lograr un equilibrio entre a conservación e a produción sostíbel de alimentos que proveñen do mar é necesario, e é loábel, mais non pode conseguirse a través de prohibicións rotundas e sen ter en conta outros factores.

Neste momento, a frota, fundamentalmente a do palangre e arrastre, xa está a padecer as consecuencias das 87 áreas de pesca pechadas dende o pasado mes de outubro en augas de Portugal, España, Francia e Irlanda. Un peche que se manterá moito máis alá do inicialmente previsto mes de decembro e que, entre o informe do ICES, a avaliación do impacto económico, que non se efectuará ata existiren os novos informes científicos, e a previsíbel consulta aos Estados, poderá alongarse ata 2024.

87 áreas que se vetaron á pesca de fondo mediante unha decisión que non contou co apoio unánime do Consello nin coa aprobación do Parlamento europeo, que partía duns informes científicos e técnicos insuficientes e refutábeis, que se tomou sen diálogo e sen busca de alternativas co sector e sen avaliación do seu impacto socioeconómico. Razóns todas elas que levaron a que o Goberno español presentase un recurso á mesma -aínda que mantivo a súa negativa ata o final a respecto de solicitar unha moratoria que o sector lle reclamaba e a día de hoxe, ao igual que a propia Xunta





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de Galiza, continúa sen articular medida algunha para compensar as perdas que se están a producir- e que o fixese tamén a Organización de Produtores Pesqueiros do Porto de Burela diante do Tribunal Xeral da UE en Luxemburgo.

O Plan de Acción para Conservar os Recursos Pesqueiros e Protexer os Ecosistemas Mariños, aínda sen coñecerse polo miúdo, está xa a ser interpretado polo sector pesqueiro como un risco real sobre a súa actividade e, de novo, vai requirir de actuacións políticas que consigan evitar un dano maior para unha actividade económica fundamental para un país altamente dependente da pesca como é Galiza.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

. Que valoración fai o Goberno galego sobre as afirmacións da directora xeral de Pesca e Asuntos Marítimos da UE a semana pasada en Vigo, a respecto do contido do Plan de Acción da UE para Conservar os Recursos Pesqueiros e Protexer os Ecosistemas Mariños e a súa posíbel afectación á pesca galega de artes de fondo?

. Que accións políticas está ou vai a levar a cabo para impedir que esa afectación se consume?

. Por que motivo non puxo en marcha as medidas acordadas unanimemente polo Pleno do Parlamento Galego do pasado 22 de novembro? Cando as vai efectivizar?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2023





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Rosana Pérez Fernández

Carmela González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 24/01/2023 10:13:26

Carmela González Iglesias na data 24/01/2023 10:13:29

Rosana Pérez Fernández na data 24/01/2023 10:13:37





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Luis Bará Torres e Carmela González Iglesias, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación,** sobre a situación da nova EDAR de Arcade, no concello de Soutomaior.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os bancos marisqueiros do fondo da Ría de Vigo son o principal sector económico, tanto do Concello de Soutomaior como doutros lugares da Enseada de San Simón, espazo este protexido pola Rede Natura.

Na actualidade, é unha evidencia denunciada día tras polo sector marisqueiro, que o estado no que se atopa o fondo da ría de Vigo implica danos perceptíbeis por toda a veciñanza tanto no relativo á verteduras e ao estado das augas como no que ten a ver coa produtividade dos bancos marisqueiros.

Verteduras incontroladas que implican mesmo sancións ao Concello de Soutomaior por parte de Augas de Galiza, unha depuradora obsoleta que non cumpre coa normativa actual, unha rede de saneamento abandona durante anos que non conta cunha separativa eficiente de pluviais e fecais e un ecosistema da Rede Natura que soporta esta situación namentres o sector marisqueiro de Arcade e do fondo da ría vense na obriga de ir mariscar a Baiona ou outros lugares ante a falta de produtividade do fondo da ría de Vigo; son o día a día da veciñanza e do sector marisqueiro de Soutomaior.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E namentres o ecosistema e os bancos marisqueiros do fondo da ría se atopan nunha situación límite, o Partido Popular segue demorando o saneamento da ría ano tras ano.

Foi no ano 2019, que por enésima vez o Partido Popular anunciou a construción dunha nova EDAR en Arcade. Máis de catro anos despois, segue sen concretarse nada deste proxecto e non existe orzamento para esta actuación nin nas contas municipais para por a disposición os terreos, nin tampouco nas da Xunta.

Nese mesmo ano 2019 e despois de que o Concello de Soutomaior fose varias veces sancionado por vertidos contaminantes á Ría de Vigo e de que se constatará que a actual EDAR de Arcade non cumpría coa normativa europea, o Partido Popular anunciou a bombo e prato que se construíría unha nova EDAR adaptada á normativa actual.

Mais a realidade é que, catro anos despois, Soutomaior segue agardando pola nova estación depuradora. E faino a pesar de que a nova EDAR fóra licitada no ano 2020 cun prazo para a redacción de 13 meses. Mais desafortunadamente un ano despois de caducado este prazo o proxecto fica paralizado.

No último debate de orzamentos, o Grupo Parlamentar do BNG presentou unha emenda aos orzamentos da Xunta para que esta actuación contase con partidas específicas que garantisen a súa inmediata execución pero a pesar dos anuncios dende o ano 2019, o Partido Popular, votou en contra desta emenda para o saneamento da ría

Dende o BNG entendemos que o fondo da ría de Vigo, ademais de ser un espazo natural de valor incalculábel é o sustento de centos familias de Soutomaior e doutros concellos do fondo da ría, polo que formulamos a seguinte interpelación:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cal é motivo polo que están paralizadas as novas EDAR, como acontece por exemplo a de Arcade?

Considera o goberno galego que o estado dunha EDAR obsoleta que está a afectar aos bancos marisqueiros do fondo da ría de Vigo é admisíbel?

Que medidas vai adoptar o goberno galego para reactivar de inmediato todos os trámites necesarios para a construción dunha nova EDAR en Arcade?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Luis Bará Torres

Carmela González Iglesias

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 24/01/2023 13:33:55

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 24/01/2023 13:33:58

Carmela González Iglesias na data 24/01/2023 13:34:07





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a situación do servizo de Urxencias do Barbanza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os servizos de urxencias hospitalarias do nos País están a sufrir un importante colapso neste período invernal. As consecuencias da COVID sobre a saúde poboacional, a dramática situación de Atención Primaria e a insuficiencia dos recursos hospitalarios, son algunhas das causas que contribúen esta situación.

No caso do hospital comarcal do Barbanza, o persoal médico vén de facer pública a denuncia pola situación na que se atopan, cunha gran tensión laboral que se agravou nos últimos meses, xa non só pola importante carga asistencial, senón tamén polas condicións laborais. O persoal deste servizo vén sufrindo unha precariedade sistemática na contratación, pois a pesar das evidentes necesidades que presenta o servizo, véñense realizando contratos por períodos mensuais ou inferiores, chegando a contratar por días, avisando no mesmo día da quenda de traballo. Esta situación de inestabilidade laboral foi motivo para que se producise unha saída constante de profesionais deste servizo.

Actualmente o servizo non ten un cadro médico acorde ás necesidades reais, cun déficit de 4 facultativas, o que provoca unha gran sobrecarga, ata o punto de que hai persoal en xaneiro de 2023 que aínda ten pendente de desfrutar as vacacións correspondentes ao ano anterior.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Durante o ano 2022 no Hospital do Barbanza incrementouse o número de asistencias a urxencias nun 12,5% a respecto de 2019, cifra que supera amplamente o incremento que se produciu noutros hospitais coma o CHUS ou o CHUAC, un 5% e un 8,3% respectivamente. Pese a este incremento, non se produciu ningún incremento no cadro de persoal, tampouco na quenda de noite onde se continúa con unicamente dúas facultativas a pesar de que as cifras teñen demostrado a necesidade dunha terceira. Tampouco se realizou este reforzo no período estival, a pesar de que a comarca do Barbanza experimenta un incremento notorio da poboación e que xa se ten demostrado a súa necesidade pola gran cantidade de asistencias que se producen.

Cómpre ter presente que as condicións asistenciais no Barbanza difiren das que existen nos hospitais de Santiago e da Coruña non só en termos cuantitativos, senón tamén cualitativos pois este servizo é o que realiza a asistencia a pacientes en estado crítico e/ou inestábel e tamén quen realiza os traslados interhospitalarios de pacientes críticos que requiran asistencia no hospital de referencia. Nestes dous casos, o servizo de Urxencias intervén sobre pacientes non só que se atopen nese servizo, senón tamén sobre calquera paciente que se atope ingresado no centro, independentemente do servizo responsábel, que precise desa estabilización ou traslado ao CHUS. Ademais, atendendo a que outros servizos non realizan garda de presenza física no centro, como pode ser o caso de Traumatoloxía, Pediatría, Cirurxía Xeral ou Radioloxía, é o servizo de Urxencias quen ten que asumir estas doentes en primeira instancia.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

– É consciente o goberno galego da situación na que se atopa os servizos de Urxencias dos hospitais galegos, como sucede por exemplo no hospital do Barbanza?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Por que non se ten atendido ao déficit de persoal que presenta, nin sequera co incremento que se produciu nas asistencias a Urgencias?
- Por que o goberno galego está facendo a cobertura de prazas estruturais mediante contratos precarios de escasa duración?
- Que medidas se teñen tomado para planificar a dotación de persoal no servizo de Urgencias no Hospital do Barbanza?
- Cales son as medidas que se van emprender para dar resposta á denuncia realizada polo persoal médico?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 24/01/2023 16:28:18

Rosana Pérez Fernández na data 24/01/2023 16:28:23





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Olalla Rodil Fernández, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre os prazos e evolución das obras do CAPD despois de que a falta de vontade da Xunta atrasara máis de seis anos as datas comprometidas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde hai anos, Ourense vén reclamando a construción dun centro de atención con diversidade funcional público e de xestión pública que dea cobertura ás comarcas da zona de Ourense, toda vez que é o caso do que se considera administrativamente como provincia que non ten un centro similar.

Así as cousas, desde hai anos a Plataforma Procapd Ourense demanda un centro deste tipo, que integre centro residencial, centro de día e de respiro familiar. A reivindicación vén de lonxe e son numerosas as manifestacións e mobilizacións sociais que se teñen realizado. Tamén numerosas son as iniciativas en concellos, na deputación de Ourense ou no Parlamento Galego ao respecto. De forma concreta, cómpre recordar como durante a campaña electoral das eleccións ao Parlamento Galego do anos 2026, as e os candidatos por Ourense comprometeron coa súa sinatura que no caso de gobernaren as súas forzas políticas cumprirían esa débeda.

Porén, desde entón o goberno da Xunta de Galiza só fixo incumprir as súas promesas. Primeiro, demorouse o proxecto e desenvolveuse un que non atinxía todas as





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

demandas. Despois, demoráronse orzamentos. Así mesmo, o Partido Popular obstaculizou no Concello de Ourense os avances precisos canto aos trámites municipais.

No 2022, cando as obras tiñan que ser unha realidade, levaban seis meses paralizadas ata que o goberno galego recoñeceu en sede parlamentaria ante o BNG ter a situación bloqueada polo impacto da crise de prezos. Despois da insistencia das familias houbo un novo proceso de contratación que obtivo no outono de 2022 a empresa COPASA. Porén, en xaneiro de 2023 descoñécese a reprogramación desta obra máis alá de vaguidades e dunha nova promesa para 2024.

O 16 de xaneiro de 2023 o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego recibía unha resposta por escrito á pregunta número 36923, sobre “os novos prazos previstos para a nova adxudicación da construción do centro terapéutico ocupacional público e de xestión pública de Ourense” na que, unha vez máis, a Xunta non clarificaba nin os termos da reprogramación das datas nin o tipo de xestión.

Así mesmo, as familias están a denunciar novamente a falta de transparencia e de concreción e que as obras non están a avanzar.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación :

Que valoración fai dos servizos de atención á diversidade funcional en Galiza?

Cales son as previsións para a finalización da obra do CAPD de Ourense?

E o inicio da súa actividade?

E o seu modelo de xestión?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que responsabilidades políticas ou organizativas asume a Xunta de Galiza sobre as demoras?

Por que en xaneiro de 2023 aínda non comezaron as obras?

Que medidas de seguimento das obras está a aplicar?

Entende a Xunta de Galiza que este centro deberá ser atendido por traballadores e traballadoras seleccionados, organizados e remunerados pola Xunta de Galiza?

Cal vai ser o procedemento para seleccionar estes traballadores e traballadoras?

Tense reunido recentemente cos pais e nais? Vaino facer? Que audiencia se lle vai dar no procedemento?

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2023

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 25/01/2023 09:25:22

Olalla Rodil Fernández na data 25/01/2023 09:25:26

Noa Presas Bergantiños na data 25/01/2023 09:25:35



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

A Consellería de Promoción do Emprego impulsou o Programa Impacto Autónomo, centrado en axudar ás persoas autónomas ante o incremento de custos e dos prezos das materias primas. Mediante a Orde do 28 de decembro de 2022 establecéronse as bases reguladoras deste programa de impacto autónomo, abríndose o prazo de presentación de solicitude o 9 de xaneiro de 2023.

Moitas das mariscadoras, pertencentes a Asociación Mulleres Salgada, quixeron optar a esta subvención, pero finalmente non se puideron beneficiar das axudas por non cumprir un dos requisitos: non acadar o mínimo de 10.000 € de rendementos netos que esixe a convocatoria.

Esta convocatoria sinalaba unha prioridade “diseñar os mecanismos necesarios para que as empresas poidan sobrevivir” e mira aos autónomos como un elemento vital para dinamizar Galicia e a manter o emprego.

Regúlanse unhas bases que deixan fóra unha gran realidade social e que constitúe un importante motor de crecemento na nosa Comunidade Autónoma.

A gran maioría do colectivo do marisqueo a pé non pode solicitar estas axudas porque os seus ingresos no ano 2021 están por debaixo do mínimo establecido para pedilas. Rango de ingresos que penaliza e prexudica a un sector ao que, en principio, parecía ir dirixido o programa como é o das traballadoras e traballadores por conta propia no réxime dos traballadores do mar.

As rendas máis baixas son as máis prexudicadas pola subida do custe da vida e o incremento da inflación e deberían de ser as primeiras en ser atendidas e apoiadas. Non facelo así evidencia ou un gran descoñecemento da situación económica que afecta ás mulleres e homes do mar ou ao escaso interese en prover de futuro e relevo ao mundo da pesca e do marisqueo.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, interpelean ao Goberno galego nos seguintes termos:

1ª. Que valoración realiza o Goberno galego de que as axudas directas a autónomos exclúan a práctica totalidade do colectivo do marisqueo a pé?



2ª. Non considera o Goberno galego que a Consellería de Economía e a Consellería do Mar con estas actitudes está a realizar un claro abandono das súas funcións e están a prexudicar aos autónomos e autónomas do sector do mar con menores rendas?

3ª. Prevé o Goberno galego reabrir o proceso de axudas no ano 2023, cunha nova liña de actuación que permita que as persoas autónomas do mar con menores ingresos poidan acceder a elas en condicións de igualdade?

Pazo do Parlamento, 24 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 25/01/2023 11:16:16

Julio Torrado Quintela na data 25/01/2023 11:16:33

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 25/01/2023 11:16:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños e Rosana Pérez Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a valoración por parte da Xunta de Galiza da ralentización da actividade económica en Galiza e ás medidas que debe impulsar para corrixir as eivas da súa política económica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na actualidade, o contexto económico mundial vén marcado por factores de enorme incerteza e inestabilidade, como a permanencia de altas taxas de inflación nas principais economías do planeta, a suba de tipos de xuros dos bancos centrais, a prolongación da guerra de Ucraína, grandes tensións xeopolíticas como a de Estados Unidos e China e guerras máis ou menos soterradas polo control dos recursos enerxéticos nun contexto de cambio de paradigma. Múltiples factores que deixan un escenario de clara ralentización das principais economías, tamén a española e a galega.

No Estado español, a finais de ano o Banco de España actualizaba as proxeccións macroeconómicas para rebaixar as de 2023. Así mesmo, aínda que reducía a posibilidade dunha recesión técnica, non a descartaba. Posteriormente, outros organismos como a AIREF ou o propio FMI, que a daban por certa, puxeron en pausa esta hipótese, mais que o barranco non acabe de derrubarse non quere dicir nin que o chan que pisamos sexa firme nin que non estea cheo de socavóns. Todos os indicadores apuntan a que 2023 (especialmente, no primeiro semestre) será un ano de desaceleración da economía. A incógnita é a intensidade mais, con toda seguridade, este





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

freo económico provocará que o Estado español siga a ser un dos tres da eurozona incapaces de acadar os niveis de produción anteriores a pandemia.

No estado español ademais, hai unha serie de déficits estruturais que agravan a situación. Por exemplo, un endebedamento público brutal: A débeda pública española está en máximos históricos: supera os 1,5 billóns de euros e que representa un 116% do PIB.

A situación galega vén de ser avaliada recentemente por un novo informe do Foro Económico de Galiza dado a coñecer o 24 de xaneiro de 2023 onde advirte de que a economía galega frea a súa actividade económica. A través deste informe, o Foro sinala cuestións preocupantes como que o PIB galego se ralentiza significativamente no terceiro trimestre apuntando que os diferentes agregados presentan unha peor evolución que no conxunto do Estado, que o sector primario e a industria amosan unha contracción da produción e que se as principais economías europeas presentan taxas positivas de crecemento, esa taxa de crecemento é cero en Galiza. Apunta, así mesmo, a que a ralentización na economía está a supoñer tamén unha ralentización no mercado laboral e sinala cuestións como que o emprego baixa na industria e no sector primario, nos autónomos e asalariados públicos e entre persoas con estudos secundarios e idades entre os 35 e 45 anos. Así mesmo, é preciso salientar que a creación de emprego é maior no Estado español do que no noso país, que segue a manterse entre as CC.AA. con taxas de ocupación máis reducidas.

A crise en Galiza está agravada por dous factores: a falta de soberanía política e económica e a falta de medidas efectivas por parte do goberno do Partido Popular. Así, Galiza arrastra unha inflación superior, unha preocupante evolución da inflación subxacente e unha menor capacidade de resistencia das maiorías sociais toda vez que os salarios e pensións son máis baixos, entre outros factores.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

Que medidas de reorientación económica vai impulsar o goberno galego para impedir que a economía de Galiza siga estancándose?

Como valora o goberno galego que nun novo trimestre o Foro económico alerte da ralentización da economía galega e do diferencial co Estado?

Como valora o goberno galego as alertas no ámbito laboral?

E a constrición na produción de sectores estratéxicos como o primario e o industrial en aras dunha meirande terciarización da economía?

Asume o goberno galego o seu fracaso nas predicións macroeconómicas?

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Rosana Pérez Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 25/01/2023 12:21:18





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rosana Pérez Fernández na data 25/01/2023 12:21:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Rosana Pérez Fernández, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre o protocolo de desaugamento de encoros.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As fortes chuvias das últimas semanas provocaron importantes alteracións da salinidade das augas do mar, con unha elevada incidencia nos bancos marisqueiros. Esta afectación vise agravada polo desaugamento dos encoros, motivada polos intereses das empresas hidroléctricas e por outras razóns.

Esta liberación descontrolada de auga dóce non só ten consecuencias na salinidade das augas e nos bancos marisqueiros. Tamén se producen arrastres de sedimentos que poden ter impactos ambientais e na actividade produtiva. E ademais pode aumentar o risco de desbordamento de ríos e agravar o impacto das riadas.

A falta de regulamento de desaugamento de encoros constitúe un grave problema. A aprobación dun protocolo de desaugamento é unha demanda histórica de diversos colectivos, reiterada nos pasados días por parte de entidades da ría de Arousa. Entre outros argumentos, a Plataforma en Defensa da Ría de Arousa salientou a incidencia negativa dos desaugamentos cando está a marea baixa,

Malia as demandas neste sentido, Augas de Galicia segue sen aprobar esta norma, que sería de aplicación nos encoros da súa xurisdición, situados en ríos que desaugan nas principais rías galegas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

Ten coñecemento Augas de Galicia da incidencia do desaugamento de encoros na baixada de salinidade das augas das rías e polo tanto tamén na actividade produtiva e nomeadamente nos bancos marisqueiros?

Fixo algún estudo a Xunta sobre o impacto do desaugamento na calidade ambiental e a actividade produtiva das rías?

Ten previsto a Xunta aprobar un protocolo de desaugamento de encoros que prime a calidade ambiental das augas e a actividade produtiva das rías?

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Rosana Pérez Fernández

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 25/01/2023 13:26:45

Xosé Luis Bará Torres na data 25/01/2023 13:26:49





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a resolución das axudas a entidades sociais con cargo ao 0,7% do IRPF.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 8 de setembro de 2022 a Xunta de Galiza publicou a orde de convocatoria das axudas destinada a impulsar programas de carácter social por un importe de 19,1 millóns de euros.

Na propia orde fíxase o prazo máximo para a resolución da convocatoria (artigo 15) establecendo un máximo de tres meses desde a súa publicación tanto para resolver como para notificar as axudas. Ademais, engade, “se transcorre o dito prazo sen que se dite resolución expresa, poderá entenderse desestimada a solicitude por silencio administrativo”.

Porén, entidades sociais que concorreron á convocatoria continúan agardando, no momento de redixir esta iniciativa, a que a Xunta de Galiza resolva e notifique.

Cómpre lembrar que as axudas convocada ao abeiro do 0,7% do IRPF van dirixidas a sufragar gastos correntes das entidades sociais, investimentos en obras, equipamento, rehabilitación ou adquisición de vehículos. Así pois, supoñen un elemento importante para o funcionamento das entidades sociais beneficiarias que, en moitos casos, traballan ademais con colectivos sociais vulnerábeis.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

- Por que non resolveu aínda a Xunta de Galiza a convocatoria das axudas a entidades sociais con cargo ao 0,7% do IRPF?
- Cando vai resolver?
- É consciente dos prexuízos que ocasiona ás entidades sociais o incumprimento da Xunta da súa propia orde de convocatoria?

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 25/01/2023 14:00:06

Iria Carreira Pazos na data 25/01/2023 14:00:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 25/01/2023 14:00:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Alexandra Fernández Gómez, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a mellora da execución orzamentaria do programa de Planificación e xestión hidrolóxica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A xestión orzamentaria da partida de “Planificación e xestión hidrolóxica” pode cualificarse como moi deficiente. Se temos en conta os datos de execución orzamentaria de 2021 podemos salientar os seguintes datos:

- O nivel de execución é do 60%, un dos máis baixos entre o conxunto dos programas en que se estrutura o orzamento da Xunta.
- A partida de “Planificación e xestión hidrolóxica” viuse reducida en 11,4 millóns de euros, de 68,9 a 57,4 millóns de euros.

Esta situación vense repetindo nos últimos anos, o que pon de relevo a falta de planificación e a incapacidade de xestión da administración hidráulica galega. E supón a perda de recursos millonarios que son imprescindíbeis para levar a cabo investimentos que precisa o país e os concellos.

Chama a atención que a Xunta estableza cada vez máis obrigas de investimentos aos concellos e que pola contra non aprobe un plan extraordinario de obras e de cooperación no financiamento das actuacións das entidades locais. E tamén resulta moi rechamante que por parte de Augas de Galicia se aproben actuacións en materia de saneamento e abastecemento de maneira arbitraria, sen criterios obxectivos de reparto, especialmente no caso de concellos de menor poboación e que están situados fóra do ámbito das rías. Cómpre ter en conta que no ámbito das rías concéntrase unha parte





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

importante dos investimentos pola súa relevancia ambiental, económica e produtiva, polas esixencias da normativa comunitaria e polos expedientes sancionadores abertos.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Como valora o goberno galego o baixo nivel de execución do programa de “Planificación e xestión hidrolóxica”?

Por que razón ano tras ano se producen baixas millonarias no programa de “Planificación e xestión hidrolóxica”?

Que medidas prevé levar a cabo a Xunta para mellorar a planificación, xestión e execución orzamentaria do programa de “Planificación e xestión hidrolóxica”?

Ten previsto a Xunta elaborar un plan e crear un fondo extraordinario de financiamento de obras hidráulicas en colaboración cos concellos?

Que criterios segue Augas de Galicia para seleccionar as obras de abastecemento e saneamento que leva a cabo en concellos de menor poboación e que están fóra do ámbito das rías?

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Alexandra Fernández Gómez

Deputado e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 25/01/2023 16:29:36

Xosé Luis Bará Torres na data 25/01/2023 16:29:40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Manuel Lourenzo Sobral, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre saneamento no concello de Oia e desenvolvemento dun plan de dotación de depuradoras ecolóxicas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2020 a consellaría de infraestruturas e mobilidade anunciou un proxecto piloto no concello de Oia para desenvolver un novo modelo de saneamento da auga no ámbito rural “máis eficiente, sostíbel e integrado no territorio.”

Este proxecto piloto estaría vencellado ao convenio de colaboración de Augas de Galicia coa Universidade da Coruña para desenvolver sistemas de depuración adaptados á realidade de núcleos rurais.

O obxectivo da proposta anunciada en 2020 era encontrar a mellor solución para dotar de saneamento os núcleos da zona interior do concello de Oia- Este é o caso das parroquias de Loureza e Burgueira, nas que a veciñanza non ten ningún sistema público de depuración nin existe ningunha alternativa para o baleirado das foxas sépticas pola falta de planificación e de solucións por parte do concello e da Xunta.

Na última década varios concellos galegos apostaron por infraestruturas verdes e solucións de proximidade para resolver a necesidade de saneamento en núcleos rurais de pequena poboación ou afastados das redes de saneamento e de estacións depuradoras.

As chamadas depuradoras ecolóxicas, dotadas con humidais artificiais, semellan unha alternativa viábel, experimentada con éxito en pequenos núcleos rurais en concellos como San Sadurniño, Moeche, Cedeira ou Cerdedo-Cotobade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mentres que estes concellos promoveron esta solución, non hai noticias sobre o proxecto piloto anunciado pola Xunta fai máis de dous anos para resolver a carencia de saneamento nas parroquias do interior do concello de Oia.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Cando ten previsto a Xunta facer público o resultado do proxecto piloto anunciado en 2020 para desenvolver un novo modelo de saneamento no medio rural máis eficiente, sostíbel e integrado no territorio?

Vai a Xunta aplicar os resultados do citado estudo e levar a cabo os proxectos de depuradoras ecolóxicas nas parroquias de Loureza e Burgueira (Oia), en coordinación co concello e coa veciñanza, e en colaboración coa Confederación Hidrográfica Miño-Sil?

Ten previsto a Xunta levar a cabo, en colaboración cos concellos, un plan de dotación de depuradoras ecolóxicas en núcleos rurais que cumpran determinadas características de poboación, distancia a redes de saneamento e complexidade de dotación de redes centralizadas?

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Manuel Lourenzo Sobral
Deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 25/01/2023 17:44:20

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 25/01/2023 17:44:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a necesidade de avanzar na aprobación do marco normativo que regule a aprendizaxe da lingua portuguesa nos centros de ensino galegos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En outubro de 2018 este Parlamento acordou por unanimidade instar a Xunta a adoptar as medidas necesarias para solicitar a admisión do noso país como membro da Comunidade dos Países de Lingua Portuguesa e a facelo efectivo antes de rematar a pasada lexislatura.

O Partido Popular rompeu este acordo de forma unilateral ao comunicar que renunciaba á súa candidatura a facer parte da CPLP como observador asociado, delegando no Estado español esta representación de Galiza.

O que fora cualificado polo Secretario xeral de política lingüística como un logro histórico que abría unha ventá de oportunidades para Galiza como parte da irmandade lusófona, rematou negándolle o goberno do PP a Galiza a participación nos foros lusófonos, impedindo a articulación dunha estratexia de país asentada na relación con Portugal.

Esta absoluta inacción a respecto do reforzamento dos vínculos de Galiza coa lusofonía volveuse confirmar nesta cámara na recente comparecencia do Secretario





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

xeral de política lingüística, Sr. Valentín García, na Comisión de Educación e Cultura, para informar do desenvolvemento da Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía.

Para alén de infrinxir, máis un ano, o mandato do artigo 5º desta lei que determina a obriga de remitir o goberno un informe anual de cumprimento, a intervención do Sr. García concluíu que non hai avances en ningunha das tres áreas reguladas nesta lei: achegar a docencia do portugués á sociedade galega, a comunicación social e a acción exterior.

Definitivamente, o Goberno galego, que xa renunciara a exercer a representación de Galiza na CPLP cedendo a responsabilidade ao goberno do Estado español, renuncia de novo agora a esixirlle ao Estado que exerza esa representación delegada e renda contas das xestións realizadas e os seus avances nos vínculos coa lusofonía.

Por todo formúlase a seguinte interpelación:

- Está disposto o goberno iniciar un proceso de diálogo cos axentes vinculados á docencia do portugués en Galiza para avanzar na elaboración do marco normativo que regule a aprendizaxe da lingua portuguesa nos centros de ensino galegos?
- Está disposto o goberno a regular o marco normativo necesario para determinar os criterios que permitan crear os departamentos didácticos de portugués nos institutos de educación secundaria de Galiza?
- Está disposto o goberno a reforzar a acreditación da formación lingüística do profesorado co nivel B2 de portugués a través dos programas CALC e CUALE para





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

favorecer a ampliación da oferta da docencia da lingua portuguesa nos centros de ensino galegos?

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 26/01/2023 12:52:06

Daniel Castro García na data 26/01/2023 12:52:12

Mercedes Queixas Zas na data 26/01/2023 12:52:23





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Luis Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a necesidade que o goberno galego envíe a documentación solicitada en tempo e forma.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A transparencia é unha das principais características que debe ter un goberno democrático. Esta é necesaria para que a cidadanía poida saber cal é o labor desenvolvido polo seu goberno e para que os representantes da cidadanía poidan facer a importante encomenda de control do mesmo.

É por iso que existe a fórmula da solicitude de información a través do denominado “artigo 9”, pola cal os deputados e deputadas teñen o dereito de solicitar información ás diferentes áreas de goberno para poder facer un bo traballo de control. Segundo o que di o propio artigo 9, os documentos solicitados teñen a obriga de ser entregados nun tempo inferior a 30 días hábiles, mais isto é algo que case nunca ocorre.

A pouca transparencia do goberno do Partido Popular chegou a límites de non resposta do 75% dos documentos solicitados polo BNG, algo que non se debe permitir nun goberno democrático, mais alén da elevada porcentaxe tamén cabe destacar a gravidade e importancia dos documentos solicitados e non entregados que teñen a ver cos contratos de Eulen, cos proxectos Next Generation, cos eólicos instalados en Rede Natura ou coas listas de agarda da sanidade pública entre moitos outros.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pero isto non se queda aquí, xa que coas preguntas escritas ocorre algo semellante. O número de respostas é ínfimo, a tardanza é moi elevada e a calidade das respostas é deplorable, aludindo a intervencións pasadas, empregados ligazóns á “mediateca” do Parlamento ou ás veces levando a ligazóns que dan erro.

No caso dos artigos 9 ocorre algo semellante, xa que a pesar de que a Xunta de Galiza ten a obriga de remitir os documentos ao Parlamento galego, son innumerables as ocasións nas que se lles obriga aos deputados e deputadas a desprazarse a outras consellerías e cidades para consultar un documento cunha vixilancia moi destacable e cun tempo de visionado limitado.

E por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

- Cales son as razóns que levan á Xunta de Galiza a incumprir o seu propio Regulamento?
- Porque a Xunta de Galiza se dedica a xerar dúbidas sobre o seu goberno ao non enviar a documentación solicitada?
- Que explicación existe para tardar máis de dous anos nalgúns dos casos en enviar documentos que non deberían pasar dos 30 días?
- Porque se responden preguntas escritas con ligazóns á mediateca ou sen ningún tipo de resposta?
- Está disposta a Xunta de Galiza a entregar de xeito inmediato todos os documentos solicitados?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Daniel Castro García**
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Luis Bará Torres
Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 26/01/2023 16:23:52

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 26/01/2023 16:23:58

Daniel Castro García na data 26/01/2023 16:24:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Non é a primeira vez que ocorre, a última hai exactamente dous anos: A afectación das intensas choivas e dos grandes aportes de auga doce ás rías e aos bancos marisqueiros de distintas presas, a inacción da Xunta de Galiza e, como consecuencia, danos ambientais e económicos que se producen con total impunidade.

Nesta ocasión, de novo, mortalidade de ameixa e berberecho principalmente nas rías de Vigo Pontevedra e Arousa. Nesta última, a caída da salinidade foi moi destacada nos seguintes días ao sábado, 14 de xaneiro, datas que coincidiron co desaugado do encoro de Portodemouros, xestionado pola empresa Naturgy. Un encoro que carece de comportas e que funciona cun sistema de desbordamento que, ademais da auga, provoca que os sedimentos acumulados tamén acaben na ría.

Chama a atención que, despois de ter ocorrido tantas veces, pola experiencia adquirida e polos importantes danos que teñen lugar cada vez que acontece, a día de hoxe aínda non se teña regulado o desaugado nin tampouco a limpeza dos fondos dos encoros e se acabe afectando impunemente ao medio ambiente e ás economías de centos de mariscadores e mariscadoras que viven do seu traballo na explotación dos bancos marisqueiros das rías galegas.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Pero aínda é máis sorprendente que as empresas que xestionan os encoros o fagan afectando a outros sectores produtivos e non teña ningún tipo de responsabilidade nin de consecuencia, consentidas pola Administración ano tras ano.

Á situación de perda de produtividade constante que están a padecer as rías dende hai anos, hai que engadirlle unha nefasta xestión dos encoros, nomeadamente nas épocas de choivas persistentes, e a falla de control e de medidas coercitivas por parte do Goberno galego ou, o que é peor, a posíbel actuación premeditada de priorizar ás empresas eléctricas sobre o sector marisqueiro sen, ademais, ningún tipo de resarcimento polos danos ás persoas e entidades que viven del.

Son sucesos que non deberían volver a pasar e, polo tanto, deben tomarse todas as medidas necesarias para que así sexa e, no caso excepcional de que acontezan, deben estar perfectamente delimitadas as responsabilidades de quen os provocan e as compensacións ás persoas e entidades afectadas.

Por estes motivos fórmase a seguinte interpelación:

. Que actuacións concretas vai levar a cabo o Goberno galego para impedir que o desaugado e limpeza dos encoros sigan afectando en épocas de choivas intensas aos bancos marisqueiros das rías galegas?

. Considera que se debe regular os desaugados e limpeza dos encoros? De ser así, en que momento se vai a levar a cabo esa regulación?

. Considera que as empresas xestoras dos encoros deben ter responsabilidades e asumir o pago de compensacións ás persoas afectadas se causan dano á súa contorna e





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ás rías nos procesos de desaugado e limpeza? De ser así, vaino establecer na correspondente normativa?

. Vai levar a cabo a Xunta de Galiza os estudos pertinentes para averiguar as causas e as consecuencias da baixada extrema de salinidade nas rías galegas, nomeadamente na de Vigo, Pontevedra e Arousa, nas pasadas semanas?

. Que medidas económicas vai a poñer en marcha para a rexeneración dos bancos marisqueiros danados e para compensar economicamente aos mariscadores e mariscadoras e ás confrarías?

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carmela González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 26/01/2023 17:07:59

Carmela González Iglesias na data 26/01/2023 17:08:03





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rosana Pérez Fernández na data 26/01/2023 17:08:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa ás medidas a tomar diante da altísima prevalencia dos problemas de saúde mental.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Diversos estudos atopan que un terzo dos pacientes que acoden a AP están en relación con problemas de saúde mental. A Atención Primaria sostén unha parte importante da asistencia neste eido, cun aumento sostido da demanda nos últimos anos, xa antes da pandemia por covid, pero sendo esta un factor de empeoramento na prevalencia de desordes emocionais e trastornos mentais.

Coñécese que só unha porcentaxe pequena de casos de saúde mental son derivados á atención especializada (10-20%), e aínda así as listas de espera de primeira consulta en saúde mental están en torno ás 10.000 persoas datos de xuño de 2022.

As cifras de prevalencia de problemas de saúde mental en Atención Primaria, os datos sobre consumo en aumento de psicofármacos, o coñecemento sobre as consecuencias da cronificación dos problemas no empeoramento da saúde física, en calidade de vida, en baixas laborais, etc... fan necesario unha aproximación á atención que teña en conta, entre outras medidas, o aumento na accesibilidade a tratamentos psicolóxicos neste nivel de atención.

Con moitas resistencias por parte da Administración, finalmente anunciou, no Plan de Saúde mental de Galicia pos covid de 2020-2024, a creación de prazas de psicoloxía clínica de enlace con Atención Primaria, coa irrisoria cifra de 7 psicologxs/clínicxs para toda a comunidade, 1 por área sanitaria.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Atención Primaria está colapsada de xeito crónico froito do desleixo e abandono para con este nivel asistencial. Existe o risco de que patoloxías graves queden ocultas co risco de que se non se tratan de xeito suficiente implica un maior risco de cronificación, unha maior gravidade e consecuencias sobre a vida das persoas (como por exemplo, mortes por suicidio).

Non se pode adiar sine die o momento de facer un esforzo imprescindible na abordaxe dos problemas de saúde mental de forma accesible e integral, incorporando xs profesionais necesarios na AP.

Máis de dous anos despois de que se publicara o Plan de saúde Mental de Galicia poscovid, non hai unha memoria publicada onde se avalíe e cuantifique o grao de consecución dos obxectivos segundo a calendarización proposta.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Van aumentar os recursos, dispositivos e persoal para poder prestar a atención precisa na atención á saúde mental?

Cal é a aplicación do Plan de Saúde Mental, tras dous anos da súa aprobación?

Coida o Goberno galego que coas contías contempladas nos orzamentos da Xunta para a saúde mental se vai reverter a situación de déficit endémico?

Vai proceder a crear nos Centros de Saúde de Atención Primaria prazas de psicólogos clínicxs, terapeutas ocupacionais, logopedas, traballadorxs sociais... que permita a creación de equipas multidisciplinares e prestar unha atención integral?

Teñen realizado algún estudo para determinar os efectos que a pandemia está a ter na saúde mental da poboación, de cara a establecer o alcance das medidas a tomar para actuar con eficacia?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Coida que a Xunta de Galiza está tendo unha actuación na prevención, detección e atención ao suicidio acorde á magnitude da incidencia no noso país?

Que actuacións está realizando a Xunta diante da altísima prevalencia do suicidio en Galiza?

Teñen algún estudo sobre as características das persoas suicidas en Galiza?, si é así cal é o resultado do mesmo?

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Olalla Rodil Fernández

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 26/01/2023 18:18:33

Iria Carreira Pazos na data 26/01/2023 18:18:37

María Montserrat Prado Cores na data 26/01/2023 18:18:48



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

